



AUNIÓS

Nº 7

XUÑO 2003





5º ANIVERSARIO



ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

Pineiróns



ASOCIACIÓN CULTURAL-GASTRONÓMICA "Pineiróns"

Rematada a laboura da anterior Xunta Directiva, no mes de setembro, celebrouse Asemblea Xeral de socios e, entre os diferentes puntos da Orde do Día, estaba a elección de nova Directiva. Esta quedou do seguinte xeito:

XUNTA DIRECTIVA

<i>Presidente</i>	<i>Laureano Mayán Taboada</i>
<i>Secretaria</i>	<i>M^a Ángeles Braga Ferrer</i>
<i>Tesoureira</i>	<i>Ramona Braga Ferrer</i>
<i>Vocal 1^o</i>	<i>Eugenio Ogando Dopazo</i>
<i>Vocal 2^o</i>	<i>Celestino Pardellas de Blas</i>

PROXECTOS PARA O 2003

- Revista AUNIOS n^o 7
- III Certame Literario de Relato Curto
- Revista AUNIOS XACOBEO n^o 8
- Exposicións Fotográficas
- Peregrinacións
- Excursións didáctico – Culturais
- Intercambios culturais
- Biblioteca Itinerante
- Actividades e intercambios con outras asociacións
- Diaporamas e Proxeccións.
- Presentacións de libros e charlas culturais
- Animación á lectura



AUNIOS: Nome co que Plinio denominou a unha das Illas Cassitérides ou Illas do Estaño, que se identifica coas Illas de Ons.

Pineiróns: Nome que provén da mestura de *Pineira* (Molusco gasterópodo de fermoso anacarado que se da nas nosas augas. Coñecido cientificamente como *Haliotis tuberculata* e popularmente coma Orella de Mar) e *Ons* (Illa Atlántica que defende á Ría de Pontevedra).

SAÚDA DO PRESIDENTE

Cinco anos pasaron dende que un 7 de xuño de 1998 nacía a nosa Asociación. E dende o seu nacemento tivemos as ideas moi claras.

Marcámonos uns obxectivos que, cremos, estanse cumprindo: **PROMOCIONAR E POTENCIAR** a cultura galega, intentando facela chegar a tódolos ámbitos sociais. Para elo programamos e realizamos actividades que teñan como fin ese coñecemento.

O labor, desenrolado ó longo destes cinco anos, está a producir os seus froitos. Pono de manifesto o interese non só dos propios socios, senón polo amplo sector de admiradores co que xa contamos.

É unha consecuencia da oferta cultural que ofrece a nosa Asociación.

Unha Asociación non lucrativa. As nosas actividades son gratuítas e estamos abertos, sempre, á colaboración con outras Asociacións Culturais.

A economía e o tempo dispoñible impiden realizar máis actividades. Intentamos que os proxectos estean ó alcance de todos e somos conscientes da importancia que ten o noso traballo.

Continuaremos esmerándonos nelo, confiando en que o labor realizado e pendente de realizar, sirva de referencia non só ós que temos a fortuna de vivir na nosa querida terra, senón tamén, ós que se atopan fóra dela.

III CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO "AUNIOS"

Por terceiro ano consecutivo vimos realizando un Certame Literario entre rapaces e xoves con varias categorías, segundo a participación. Neste ano a participación foi masivamente de nenos e nenas comprendidos entre os 11 e os 14 anos, ese foi o motivo de establecer catro premios, consistentes en Diploma, Placa conmemorativa e un lote de Libros.

A calidade dos traballos resultou moi interesante facendo difícil ó xurado dar unha solución final. Os gañadores foron os seguintes:

1º Premio: "A Telleira do Salnés"

Andrea Fernández Iglesias

2º Premio: "A Cacerola Máxica"

Marta Valladares Bravo

3º Premio: "A Ostra Viaxeira"

Sara Sineiro Devesa

4º Premio: "Las mozas del agua de Ons"

Chema Díaz Filgueira



Comentar que 2 traballos quedaron fóra de concurso debido a que un deles viña sen nome do autor nin dirección e outro era dunha persoa maior de 30 anos.

FESTA DOS MAIOS NA ILLA DE ONS

Nesta ocasión a Festa dos Maios non puido celebrarse no seu propio día. O feito de que o 1º de maio coincidise en mércores, anulou unha máis que posible "ponte de descanso" e, por conseguinte, non houbo o habitual servizo de barcos de pasaxe á Illa.

A causa diso, a festa pospúxose ó 17 do mesmo mes, co cal celebramos, conxuntamente, a Festa dos Maios e o Día das Letras Galegas.

Algúns membros da Asociación desprazáronse á Illa o día anterior, para facer provisión de material co que construír o maio.

A bondade do tempo permitiu a afluencia de numeroso público que presenciou a actuación do conxunto músico-vocal que, nesta ocasión, centrou as súas coplas en temas referidos a "Operación Triunfo", "A visita do Rei", "Turismo" e "Cousas da Illa". Como novidade, cada compoñente dispuxo dun atril co que se conseguiu unha maior comodidade para ler, cantando, as estrofas e, ó mesmo tempo, levar con máis soltura o rimo dos palitroques.



A xornada, un ano máis, constituíu un resoante éxito, o cal anima á Asociación a continuar mantendo, na Illa, tan tradicional, enxebre e belo festexo.

ACTIVIDADES CON OUTRAS ASOCIACIÓNS

Seguimos coa nosa liña de colaboración con outras entidades e asociacións de carácter cultural coas que realizamos diferentes actividades ó longo de todo o ano. Seguimos aumentando o número de colectivos cos que mantemos intercambio de publicacións.

TELEVISIÓN, PRENSA, RADIO, INTERNET,...

É importante o seguimento que das nosas actividades levan os diferentes medios de comunicación. Queremos expresar o noso agradecemento ó Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, Voz de Galicia, revista A Ría, Diario de Arousa, Radio Pontevedra e Galivisión.

VIAXES CULTURAIS

Ó longo deste ano, a Asociación realizou unha chea de viaxes de tipo cultural e gastronómico. Moitos deles foron realizados en compañía doutras Asociacións compartindo e intercambiando experiencias.

Entre todos eles, e co fin de non alongar estar páxinas dedicadas á nosas actividades, destacaremos dúas realizadas á Ribeira Sacra e á Serra dos Ancares.

EXCURSIÓN Á RIBEIRA SACRA

Esta viaxe tivo dúas partes, unha de tipo gastronómico, na que se degustou un succulento cocido feito con moito agarimo pola nosa querida socia... que rematou coa proba dunha variedade de doces, feitos con castañas, obsequiados polo noso socio Manolo Posada (Tecnólogo especialista no Marrón Glacé) e regados por un caseiro licor café.

Nesta excursión gastronómico-cultural, tamén saboreamos os viños da Ribeira Sacra e os produtos típicos da zona.

Na parte cultural fixemos un percorrido bañado de natureza, recollemento, suntuosidade,...., e sempre acompañados do serpenteante río Sil.

A primeira parada foi en San Pedro de Rocas, impresionante mosteiro escavado na rocha e rodeado dunha espectacular paraxe natural. Destacar os nu-

merosos sepulcros antropoides que se atopan dentro da súa igrexa. A seguinte parada foi en San Estevo de Ribas do Sil, un dos mosteiros máis fermoso e portentoso da ruta. Non tivemos a sorte de poder visitalo polo seu interior por mor das obras de rehabilitación como hospedaría. Seguindo o río, dirixímonos ata o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil, á beira do río, tamén situado nunha engaiolante zona natural onde se respira liberdade, tranquilidade e sosego.



A ruta rematámola en Castro Caldelas, despois de intentar navegar polos Canóns do Sil, cousa que resultou infrutuosa xa que os barcos non realizaban a travesía ata a primavera. En Castro Caldelas visitamos o castelo que se atopa en moi boas condicións, rehabilitado como museo etnográfico da zona.

EXCURSIÓN Á SERRA DOS ANCARES

Aínda que o tempo non acompañou ós socios, familiares e amigos de Pineiróns, estes visitaron a Serra dos Ancares, lugar ó que moitos x nunca tiveran a oportunidade de ir anteriormente.

Foi un encontro coa natureza, coa prehistoria e ata coa idade media. Comezou coa visita ó Castelo de Doiras que nos recibiu á porta dos Ancares.

Despois dun "tente en pé" para inicia-lo ascenso pola que foi a estrada máis alta de Galicia, chegamos a Degrada onde se atopan dous dos primeiros hostais que existiron na zona xunto co Albergue de montañeiros.

Dende alí e por unha interminable e estreita estrada, percorremos e observamos os imponentes vales e visitamos os engaiolantes e históricos pobos como o de Donís, do que din que houbo un tempo en que os seus veciños o declararon coma "República Independente".

Piornedo foi a nosa parada e fonda, pobo fermosísimo onde hoxe de mesturan as prehistóricas pallozas, a maioría convertidas en museo, e as casas de pedra e lousa.

Fixemos varias rutas na nosa estancia. Entre elas destacaremos a realizada ó Pico de Tres Obispos, de dúas horas de duración camiñando entre, carballos, castiñeiros e acivros e acompañados dun sinfín de fauna que fixo do noso camiñar un relax que levaremos sempre na memoria.

A viaxe de regreso fixémosla polo Camiño de Santiago galego, visitando o Cebreiro, o Mosteiro de Samos e a vila de Sarria.




EDICIÓN DA REVISTA CULTURAL “AUNIOS”

Un dos proxectos máis ambiciosos da nosa Asociación foi a edición dunha revista onde quedara reflectido ese mundo tan engaiolante como é a nosa rica cultura popular galega, ó carón de aspectos científicos, históricos, acontecementos, . . . , gastronomía, sempre tratados desde o seu aspecto socio – cultural.

O proxecto presentábase difícil. Somos unha asociación non lucrativa e, un dos nosos principios obxectivos, é conseguir a gratuidade de todas as actividades; por iso houbo que poñer unha grande dose de atrevemento e valor para pedir a comerciantes e amigos as doazóns necesarias para que saíra á luz unha revista cun mínimo de calidade de impresión e que, a súa distribución, puidera ser gratuíta.

REVISTA AUNIOS Nº 0



Por ser unha asociación que naceu na Illa de Ons (Ría de Pontevedra) decidimos que o primeiro exemplar (nº 0) de presentación, estivera dedicado, na súa maior parte, a esta Illa pontevedresa.

Para iso, puxémonos en contacto con persoas vinculadas ó mundo da cultura e da investigación que tiveran algún tipo de contacto coa Illa. De aí saíron artigos como os de: Fernando Alonso Romero , Santos Pena, Lino Pazos e Tino Pardellas que nos falaron sobre o Trasnó, a chegada á Illa como profesional da ensinanza, sobre a súa ermida e sobre o costume de Varea-las Dornas; outros articulistas, inda que non directamente, tamén tocaron o tema da Illa cos seus artigos sobre o Baño das Nove Ondas da Lanzada de Miguel Besada, Ricardo Arnaiz sobre a Pineira molusco que se da en Ons en grandes cantidades; sobre os portos de Marín e Vigo falaron Xulio Pardellas e López – Dóriga; o toque poético estivo a cargo de E.V. Calo; e por parte dos membros da Asociación, fíxose a presentación e déronse a coñece-los seus fins e obxectivos.


O nº 0 saíu do prelo no mes de Marzo e foi presentada na Illa de Ons na Semana Santa.

Tivo un enorme éxito, foi distribuída a Centros de Ensino (universidade, institutos, primaria), Bibliotecas, Organismos Oficiais, Museos, Asociacións Culturais, Centros da Terceira Idade, Patrocinadores, . . . e, en xeral, a todos os que nola pediron. En dous meses quedou esgotada.

REVISTA “AUNIOS” Nº 1

O éxito alcanzado coa revista de presentación (nº 0) animounos, xunto á tamén boa acollida das casas comerciais anunciadoras, a preparalo nº 1 para a súa saída de cara ó verán.

A empresa non era doada, só contábase con tres meses, pero a nosa ilusión e, por mor da grande cantidade de articulistas que se animaron a colaborar, puidemos sacar no mes de Xullo o nº 1 da “AUNIOS”.




Neste número Carlos Moreira, Laureano Mayán, Cruz Senra, Jesús Maquieira e Santos Pena adentráronnos nas belezas de Ons e nas primeiras experiencias como mestre; Lino Pazos, Ruiz Guirado e Manuel Figueiro contáronnos as súas experiencias e investigacións sobre as illas de San Crementeño, Tambo e San Simón; a parte poética estivo a cargo de E.V. Calo e Ángel Mosquera; de O Grove , a súa arqueoloxía, o Tarno e sobre as fontes de San Vicente escribiron Javier Fernández , Miguel Besada, Anxo e os nenos do colexio das Bizocas; Torres Viqueira defendeu o patrimonio arqueolóxico de Marín; Joaquín Cobo e López – Dóriga charlaron sobre os portos de Marín e Vigo; gracias a Malet coñecemos a Heráldica dos concellos da Ruta Xacobeá Marítima; na parte gastronómica Xavier Barreiro alimentounos coa Cociña Celta e o Bandullo de Ons; Ferrol aconsellounos sobre a Biomasa; e Tino Pardellas colaborou con artigos nos anuncios de O Polbo e os Calamares da Ría.

Inda que foi repartida nos meses de Xullo e Agosto, a súa presentación oficial tivo lugar no Casino de Marín o día 24 de setembro de 1999. O acto estivo presidido por membros da directiva e polo presidente do Liceo Casino de Marín.

Ó acto de presentación acudiu numeroso público, entre colaboradores, anunciantes e invitados. Tamén tivo lugar a presentación de dous libros escritos por membros da Asociación, concretamente o libro “ Isla de Ons” escrito por María Jesús Otero Acuña e “ As ermidas nas Illas galegas” de Lino Pazos Pérez.


REVISTA “AUNIOS” Nº 2



O éxito alcanzado polos números anteriores de AUNIOS facía augurar outro parecido coa saída do nº 2, e así foi. O nº 2, cun importante aumento no seu número de páxinas, cuns colaboradores de prestixio en Galicia, con artigos moi interesantes sobre aspectos sociais e culturais da comunidade galega e coa mesma calidade de impresión que as

EDICIÓN DAS REVISTAS “AUNIOS” Nº 3 E “AUNIOS XACOBEO”

AUNIOS Nº 3



Este pasado ano 2001 presentamos a cuarta revista de AUNIOS, aínda que leva o número tres debido a que houbo unha nº 0 coa que comezamos esta andaina editorial.

A publicación desta revista é unha das actividades máis importantes que realizamos, non porque as demais non o sexan, senón polo traballo que leva o sacala adiante: falar cos articulistas, recibi-los traballos, pasalos, buscar publicidade, deseña-los anuncios, maquetar, tratos coa imprenta, correccións, etc. É un traballo arduo que require moita dedicación, tendo tamén na nosa contra a separación xeográfica dos compoñentes do equipo.

Pero todo se ve recompensado por mor do éxito acadado a través das felicitacións que recibimos e dos ánimos a continuar con esta anqueira cultural.

A revista ten unha ampla distribución e, ó carón de anunciantes, colaboradores, articulistas, socios, amigos e persoas en xeral, recíbena Centros de ensino; os museos e bibliotecas máis importantes de Galicia; Concellos e Organismos oficiais para as súas respectivas bibliotecas ou casas de Cultura; serve de intercambio con outras Asociacións Culturais, ecoloxistas, etc.; . . . ; e gracias á colaboración da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior, chega a tódolos Centros Galegos do Mundo, dos que recibimos cartas de agradecemento e ata pequenas colaboracións.

É unha revista que intentamos mellorar cada ano tanto en calidade de impresión como de contido.

Este número 3 podémolo dividir en varios apartados:
Primeiro: Dedicado á *Asociación*. Nel presentamos a nova Xunta Directiva e damos a coñecer os nosos fins, obxectivos e as actividades que realizamos durante o ano 2000.

Incluímos tres colaboracións de Centros Galegos co fin de animalos a que estas teñan un carácter regular e sexan imitados por parte dos demais Centros.

Segundo: Dedicado á *Illa de Ons*, lugar onde xurdiu a Asociación e á que lle temos un especial cariño. Sobre ela escriben:

Staffan Mörling: Que fala da importancia de documentalo funcionamento das velas tradicionais. *José Mosquera:* Invítanos a un paseo pola Illa que tanto lle fascinou dende pequeno. *Julio Santos Pena:* Segue contándonos as súas experiencias coma mestre nesta singular illa e de como un día de enterro afectaba ás actividades escolares. *Celestino Pardellas:* Segue co estudio da Santa Compañía, que en Ons ten unhas peculiaridades que fan este mito moi distinto ó de outras partes de Galicia.

anteriores, acadou un éxito inimaxinable, quedando esgotada ós dous meses da súa presentación, non podendo satisfacer as numerosas demandas que dende centros de ensino, bibliotecas, asociacións, . . . , e mesmo de particulares, tivemos.

Aínda así, foi repartida por un bo número de Centros de Ensino, Bibliotecas de toda Galicia, Museos máis importantes, Organismos oficiais, Asociacións Culturais e da Terceira Idade, . . . e, gracias á colaboración da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior, chega a tódolos Centros Galegos do Mundo. Este número tamén foi repartido a toda a dotación do buque Escola “Juan Sebastian Elcano”.

Neste número Julio Santos Pena, Celestino Pardellas, Laureano Mayán, José Mosquera, Estanislao Fernández de la Cigoña e María Jesús Otero Acuña nos adentran de novo na Illa de Ons, falándonos sobre as primeiras experiencias como mestre en Ons, de cómo visualizan a Santa Compañía nesta Illa, dos sentimentos e lembranzas que infunde, da Illa de Onza e do illote do Sentulo e por último nos adentran nela facendo un percorrido histórico, natural e paisaxístico. Sobre a Ría de Pontevedra e as súas marxes fálannos Ruiz Guirado, Torres Viqueira, Buenaventura Aparicio Casado e Laureano Mayán, relátannos os Mitos, Crenzas e Lendas do mar, os milagres da Illa de Tambo, o culto esquecido de Santa Mariña do Castrove e sobre a gloriosa historia do buque Juan Sebastian de Elcano. Da Ría de Arousa e dos seus pobos falan Javier Fernández Soutullo, os rapaces do colexio de Bizocas, Malet Andreu, Francisco Calo Lourido, Jose Miguel Besada Fernández e Manuel Fajardo que escriben sobre as conserveiras nas Rías Baixas, dos Muíños de Regato, da Heráldica do Camiño de Santiago Marítimo, de cómo a Igrexa perdeu os Décimos no Grove, sobre a interesante Illa de A Toxa e sobre as supersticións na zona de Boiro. Sobre outros aspectos culturais e históricos de Galicia escriben Cobo Area, Lino Pazos Pérez, Ricardo Arnaiz e Javier Álvarez Campos que falan da influencia da man de Deus sobre Galicia, do semellante das lendas de Santiago e do Cristo de Fisterra, da Anguía e a súa pesca, e sobre música e canto na Limia ourensá. Na parte gastronómica Javier Barreiro Luces infórmanos sobre a Cociña Informatizada e ensínanos un rico glosario sobre cociña e gastronomía galega. Celestino Pardellas e Lino Pazos participan na conmemoración das letras galegas e do 50 cabodano da morte de Castelao, escribindo sobre Castelao e Manuel Murguía. Xa por último a parte poética deixámola nas plumas de Pepy Clavijo. E.V. Calo e Ángel Mosquera. Dedicando, para rematar, unha folla ás publicacións bibliográficas dalgúns dos socios e colaboradores.

A presentación levouse a cabo na Sala de Cultura de Bueu, á que asistiu numeroso público e onde os socios de Pineiróns ofreceron ós presentes uns aperitivos a base de produtos típicos galegos regados cun bo viño do ribeiro.

Terceira: Dedicada á Ría de Pontevedra e ós pobos que a circundan. Escriben:

Laureano Mayán Taboada: Por causas familiares traballou durante un tempo de poxador na Lonxa Vella de Marín e dela cóntanos feitos reais, anécdotas e curiosidades.

M^a Jesús Otero Acuña: Da súa man visitaremos a Península do Morrazo por medio dun percorrido histórico – gastronómico polos seus municipios. *Xulio Pardellas:* Relata o lento declive social, económico e institucional que sofre a cidade de Pontevedra a mediados do século XVII.

Francisco Dávila: Firma un artigo sobre a tradición dos maios marinenses. *Ruiz Guirado:* Por medio dun conto sobre unha familia de gatos fálanos da rareza dunha moeda atopada nun galeón afundido á altura das Azores.

Cuarta: Dedicada á Ría de Arousa e ós seus pobos colindantes.

Alumnos de Bizocas: Neste número fálanos sobre os trebellos de labranza dos seus avós. *Francisco Calo Lourido:* Que despois de falarnos dun caso no Grove onde a Igrexa perde os Décimos pero recupéraos en alugueiros, neste número cóntanos como se crearon os Gremios do mar en O Grove e Portonovo. *Miguel Besada Costa:* Realiza unha pequena historia da Coral Polifónica da Confraría de Pescadores San Martiño á que pertence e que proximamente sacarán un CD. (Agradecer a contribución gráfica que realiza cos seus debuxos naqueles artigos nos que é imposible ó contar con fotografías). *Xavier Fernández Soutullo:* Nesta entrega danos a coñecer a Marraxera, ou arte da pesca para os marraxos e o peixe espada, con curiosas anécdotas sobre os pescadores que, no Grove, dedicábanse a esta arte. *Estanislao Fernández de la Cigoña :* Presenta a ornitofauna de dúas illas pouco estudias da Ría de Arousa: Sagres e mailo Falcoeiro. *J. Miguel Besada Fernández:* Danos a coñecer a lenda do Meco e a problemática que xurdiu en torno a escenificación da obra teatral “O Señor Feudal”.

Quinta: Galicia e temática xeral:

Buenaventura Aparicio Casado: Nesta entrega relata as crenzas populares sobre a existencia de tesouros e a procura do ouro. *Isidro Malet Andreu:* Neste número comeza a súa andaina polo camiño portugués dando a coñecer neste número a Heráldica dos pobos portugueses. *José Manso :* Realiza un interesante traballo sobre as canteiras e o oficio dos canteiros na parroquia de Santana, concello de Sandiás na Limia ourensá. *Lino J. Pazos Pérez:* Escribe sobre a existencia de numerosas ermidas que con diversas advocacións, teñen o nexo común de que as imaxes dos seus patróns foron atopadas no mar. *Marita Souto:* Comeza a súa colaboración connosco cunha introducción á historia do termalismo en xeral para continuar logo en sucesivas colaboracións coa historia do termalismo galego. *Vidal Suárez:* Realiza un traballo de investigación sobre o eremitorio de A Miserela e sobre a historia e lenda da barca de pedra de San Amaro.

Sexta: Gastronomía:

Xavier Barreiro Lucas: Agora introdúcenos no mundo da castaña, falándonos dos mellores lugares de produción, do seu refraneiro, da súa culinaria, . . .

E xa para rematar entramos no último apartado dedicado á Poesía onde poetas da talla de *Victor Calo*, *Pepy Clavijo*, *Cobo Area*, *Ángel Mosquera* e un xove valor neste tema *Luis Otero Penelas* colaboran con algúns dos seus poemas.

AUNIOS XACOBEO nº 4

Cando se estaban a redactar e discutir os obxectivos da Asociación, varios socios propuxeron o engadir entre eles varios relacionados con temática do Xacobeo e de promoción dos diferentes Camiños xa que sobre fixo que posteriormente pasáramos a formar parte do Censo de Asociacións Promotoras do Camiño de Santiago que da acceso a axudas por parte da Consellería de Cultura.



Ó longo destes anos realizamos varias actividades relacionadas co Xacobeo e este ano, gracias ó patrocinio da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, mirou a luz o nº 4 de AUNIOS especial Xacobeo.

Nela tratamos temas relacionados coas rutas marítima e portuguesa, en especial, dos pobos que as circundan, dos seus costumes, lendas, etc. Así *Xavier Fernández Soutullo:* Fálanos das Mantidas, esas mulleres que ían a expulsar ó demo do corpo á ermida da Lanzada. *Manuel Fajardo:* Fai un paseo polo seu pobo natal, Boiro, ó que cita como terra de Curas, Liñaxes e Emperadores. *Isidro Malet Andreu:* Adéntranos no significado do Camiño Portugués e danos a coñecer os títulos que teñen relación co Camiño tratando a súa concesión, xenealoxía e armas. Títulos como os de Condados, Vizcondados, Marquesados, ... *Manuel Torres Viqueira:* Dentro da ruta Atlántica fai unha parada en Marín para describir a arte da pesca do Xeito. *Lidia Pérez Otero:* Tamén, na ruta marítima, se adentra pola ría de Pontevedra para facer un alto no Mosteiro da Armenteira para contarnos a lenda de Santo Ero. *Laureano Mayán:* Fai un resumo dos numerosos refráns que falan do tempo, como un dos posibles métodos que antigamente tiñan os peregrinos para substituír ós actuais partes meteorolóxicos e así preparar a súa longa andadura por calquera das rutas elixidas. *Lino Pazos:* Nesta entrega fai un percorrido polos Fachos do Camiño marítimo dende a Guardia ata Catoira e que antigamente se acendían en lugares estratéxicos da nosa costa para defenderse das incursións marítimas. *Xavier Barreiro:* Penetra na dieta galega e como ó longo dos séculos e dos camiños foi medrando unha gastronomía propia. *Jose Miguel Besada:*

Fai unha viaxe pola ruta arousá do apóstolo incidindo na pregunta do ¿por que? escolleron os discípulos de Santiago a Ría de Arousa para o final da viaxe. *Estanislao Fernández de la Cigoña*: Realiza unha viaxe polas diferentes rutas portuguesas e descúbrenos as pedras fecundadoras que existen á beira deles. *Celestino Pardellas*: Que coa súa colaboración quere reivindicar a ampliación oficial ata a Guarda da actual ruta marítimo – fluvial e resaltar a importancia que tiveron as illas Cassitérides (Cíes, Ons e Sálvora) para a entrada cara a Santiago por estas costas. *Francisco Calo Lourido*: Quere matizar na súa colaboración diversos aspectos das diferentes lendas sobre barcos de pedra nas costas galegas.

REVISTA AUNIOS nº 5



No mes de maio de 2002 mira a luz o número 5 da nosa revista cultural. Como as anteriores ten un marcado carácter cultural e gastronómico e o seu éxito foi rotundo, debido ás numerosas peticións que tivemos que xunto coas repartidas a bibliotecas, museos, centros de ensino, ..., e as que distribuimos por medio de intercambio con numerosos

organismos e asociacións, nestes intre está xa esgotada, aínda que estamos continuamente a recibir peticións.

Neste número no apartado de **temas mariños** temos as aportacións de *Javier Fernández Soutullo* que nos fala sobre o oficio dos Lagosteiros en O Grove; *Lino Pazos* adéntranos a coñecer os Muñíos de Mar ou de Marea; *os alumnos de Bizocas* fálannos das fábricas de salgazón de San Vicente de O Grove; *Xulio Pardellas* sobre a situación económica da Illa de Ons no ano 1975; *Teresa Moure* colabora cun traballo sobre a Orixe e simbolismo do mito das Sereas; *Calo Lourido* da conta dun curioso dato histórico que titula Cacería de Mouros na Illa de Ons; *J. Miguel Besada* aporta datos sobre a historia da pesca en O Grove; *De la Peña Santos* adéntranos nas relacións Marítimas entre o Atlántico e o Mediterráneo na Prehistoria recente; *Cobo Area* da a coñecer a súa vila de Marín e as súas xentes relacionadas co mar; *Andrea Fernández* contanos a vida do rapaz nas faenas pesqueiras de antano.

Temas etnográficos, temos as participacións de *Fernández de la Cigoña*, que fala sobre os Lagares galegos na antigüidade; *Laureano Mayán* que aporta máis datos sobre a existencia das Meigas; *Celestino Pardellas* que sigue co seu traballo de investigación sobre a Santa Compañía en Ons; *Julio Santos* que nos conta máis historias dunha das comunidades máis interesantes da costa galega, a Illa de Ons; *José Manso* que fala sobre o coroceiro na Limia;


Mª Jesús Otero Acuña que nos adentra no Mal de Olla en Ons; *J. Manuel Pérez* que fala do Buraco Negro da Illa de Ons.

No apartado **gastronómico** que neste número tocou na súa maioría o tema do millo do que fala o noso etnógrafo gastronómico *Xavier Barreiro* no seu traballo Sachando o Millo; a *Asociación cultural de Meiro* entregou unha colaboración sobre o Millo Corvo; e *Vila Pernas* tamén toca o tema do millo; *Alicia Ríos* fálanos sobre a cociña da Ola; e *Manuel Posada*, tecnólogo do Marrón Glacé, sobre a Castaña no mercado Xaponés.


No apartado de **temática cultural** varia Tivemos as poesías de *Pepy Clavijo* e *Luis Otero*; *Malet Andreu* síguenos informando sobre a Heráldica Sanxuanista en Galicia; *Vidal Suárez* traballa sobre a Capela de San Alberto nos pobos da Arousa coruñesa e *José López- Dóriga* fala sobre a historia do Último Converso.

AUNIOS XACOBEO nº 6

A Asociación Pineiróns está inscrita no Rexistro de Asociacións Promotoras do Camiño de Santiago e neste apartado realizada unha chea de actividades entre a que está a edición dunha revista cultural con temática do Xacobeo e dos pobos que circundan os diferentes Camiños.



Neste número nº 6 de AUNIOS especial Xacobeo, *Javier Fernández Soutullo* fala da Moeda Compostelán atopada nas escavacións de Adro Vello en San Vicente de O Grove; *Teresa Moure* sobre a Avaricia xudía nos programas iconográficos de S. Salvador de Ferreira de Pantón; *José Manso* relata a súa peregrinaxe en compañía doutro veciño da Limia onde van falando da súa terra, en concreto dos oficios de Tecedeiras e Veceiras; *Fernández de la Cigoña* na beira dun camiño montés da a coñecer o Baldaquino de Santiago de Antas na Lama; *Laureano Mayán* adéntranos nas supersticións dende o antigo Exipto ata Compostela; *Celestino Pardellas* sigue coa súa peregrinaxe por mar visitando as diferentes illas, neste intre a de Ons e Sálvora; *Isidro Malet* colabora coa segunda parte da Heráldica do Camiño Portugués a Santiago; *José Carlos Vidal* fala de pobos da ruta marítima como Pobra, Boiro e Porto do Son; *Pepy Clavijo* ensínanos o camiño portugués polas rúas de Pontevedra; *Lino Pazos*, da a coñecer a segunda parte dos Muñíos de Mar ou de Marea nas diferentes rutas marítimas; o etnógrafo gastronómico *Xavier Barreiro* fala da Lareira e Pote de Sant Iago; *Miguel Besada* sobre diferentes aspectos do Século IX e *os alumnos de Rosalía de Castro* contan a súa experiencia pola Ruta Marítimo – Fluvial a Compostela.



ARREDORES DE SANTANA OS TRABALLOS DO ANO "A SEITURA e a MALLA"

Por: José Manso Gómez

A SEITURA

Era un dos grandes traballos do ano. Era a sega manual do "pan", a base de fouce. O cultivo de cereal antigamente era todo de inverno, xa que as sementes de primavera non fixeron aquí a súa aparición ata ben entrados os anos setenta; polo tanto, chegada o San Pedro (29 de xuño) ou máis tarde do San Benito (11 de xullo) era o momento de facela en boa sazón.

As fouces, mercadas na feira de Xinzo do 14 (só os truáns o deixaban para o 27) e ben afiadas agardaban xa na palleira ben envolvidas en frampas de palla. Cada casa soia face-la súa, a non ser que algún familiar ou veciño quedara moi atrasado; entón, o que xa rematara a súa, íalle botar unha man.

Cada segador collía dous regos cada vez e tiraba con eles cara adiante; procuraban ir na mesma liña ou só a un paso ou dous máis atrás, co compañeiro, coa finalidade de non estorbar ó volver a palla.

A palla íase deixando sempre do lado esquerdo, segando coa dereita, normalmente, e agarrando coa esquerda co dedo polgar cara arriba. Para soltar a presa, e tendo en conta que a palla se inclina pola parte da espiga, coa fouce axudábaselle a gana-la volta á altura da cabeza do home; deste xeito facíanse as gavelas.

Unha vez rematada a leira, non se ataba de inmediato senón que se deixaba para o día seguinte, normalmente para a tarde, coa finalidade de que se cara ben a palla e lle caira a herba.

A sega era unha faena dura pero requiría, sobre todo, moita destreza. Un bo segador era un home que adquiría un certo rango e prestixio e na taberna e nas conversas cotiás, saían a relucir as súas proezas. Os bos segadores iniciábanse xa de nenos. Moitos tiveron os seus primeiros


transos con 13 ou 14 anos nos mares de trigos de Castela, onde, segundo contaban anos máis tarde, tiveran que apancar ó par doutros homes xa curtidos, sen a máis mínima consideración (coído que esta teima das segas dos galegos en Castela encerra unha verdadeira mina para un tratado de socioloxía).

A ATA tiña o seu segredo. Había bos segadores que non daban a talla na ata porque nesta angueira os homes tamén se medían as forzas. Para atar enfiábase un só rego e íase recollendo a palla ata que non se podía abarcar máis pan co brazo, entón detíñase, collía e cruzaba pola parte

da espiga dúas presas de palla para facer a "vincalla" o máis longa posible, retorcíase e dobrábase pola metade, metíase por debaixo do feixe coa man esquerda, e recollía a dereita pola outra beira; volvíase retorcer e sometíase o que ficaba do vencello no cañoto da palla.

O proceso de enfeixado era o máis complicado; para aforrar tempo, outra persoa podíalle ir dando xa vincallas, previamente feitas. Deste xeito facíase "o mollo". O mollo tiña moita importancia, xa que constituía a unidade de medida do pan sen mallar. Cada 25 mollos facían unha "pousada", cada 25 pousadas facían un "carro". O capital dunha persoa medíase "nos carros de mollos" que collera. Ó final, xuntábanse os mollos en varias moreas para faceren os "medoucos" ó longo da leira. Para

montar o medouco, púñanse os mollos en montóns circulares, co cañoto cara abaixo e coa espiga sempre cara arriba, con miras de que, en caso de choiva, se puidera enxugar de seguida o gran. Os medoucos ficaban na leira ata o día da "acarrexá" e así podían pasar unha semana ou quince días. Nunca ninguén, por aquel entón, oíu falar de roubaren o pan na leira.



A **ACARREXA** requiría xa da axuda de varios veciños ou familiares cos seus respectivos carros; un día para un, outro día para outro. O carro debía ir provisto de estadullos longos. Os primeiros mollos cravábanse neles. En canto os mollos subían máis cas rodas, íanse ancheando máis cara fóra, para gañar máis capacidade de carga.

En canto se cargaba, apertábase cun sedeño ou adival. A medida que os mollos ían chegando á aira, comezaban a facer **a meda**. Debaixo dela poñíanse uns feixes de leña para illar o pan do chan; a este montón dábaselle o nome de **pe**; á meda dábaselle forma circular xa dende o fondo e íaselle abrindo barriga ata unha altura duns dous ou tres metros, segundo a dimensión que fora a ter. Despois volvíase a reducir paulatinamente deica o **cumio**, onde eran tres ou catro mollos os que pechaban a meda e tapábanse por riba de todo cun feixe de palla do ano anterior para protexer o pan en caso de choiva.

As airas soían ser comunais e nelas podían ir as medas de ata 7 ou 8 veciños e inclusive as de todo o pobo. En Santana había unhas 6 airas para un censo duns 35 veciños. Aínda hoxe fican algunhas con nomes de “a Aira de Riba”, “a Aira de Baixo” e “a Aira”. Un forasteiro que lle botara unha ollada á aira deducía de seguida se había ricos ou non pola dimensión das medas.

A MALLA

Ao menos dende os tempos da guerra, o pan mállase a máquina. A malladora máis antiga que eu coñezo era da marca Ajuria. Era un aparello con catro pequenas rodas metálicas de 1'80 m. de altura, cun armazón plano de madeira na parte traseira e un gran cilindro no interior para machucar a espiga ó pasar a palla ó través del. Os primeiros motores eran de petróleo, refrixerados mediante unha caldeira aberta que había que encher de auga en cada aira denantes da malla. Ían asentados sobre unhas andas de madeira, tiñan un tubo de escape en cheminea e, dun lado, unha gran roda ó redor da que ía a polea que enganchaba coa máquina; no centro da roda había un dispositivo para meter a manivela. Varios homes, dos máis forzudos, tiñan que arremeter con ela para que o motor acendese. O son era estrepitoso e á súa beira, había que berrar para poder entenderse.

Recordo un motor antiquísimo propiedade dos socios: Xoán da Torre e Benigno Facheque, do Castro, e famosísimo en todo o contorno, chamábanlle “Pedro”.

Era de marca “Lister”. Entre o motor e a malladora había que interpoñer un **trambollo** coa finalidade de tensar a polea. A tarefa de preparación e posta en marcha destes aparellos antes de cada malla, podía ser un labor non pequena.

A malla era o traballo comunitario máis importante que se facía no pobo. Nela participaban tódolos veciños, polo menos un de cada casa. Para a malla, a Santana estaban anexionados os da Ladeira, 6 veciños máis, e parte



dos do Castro, outros 7. Cada un tiña a súa misión na que era especialista xa que a desenrolaba tódolos anos en todas as mallas: Había os “**palleiros**” que realizaban o traballo de máis prestixio, e que eran os encargados de facer uns elegantes palleiros con palla xa mallada; os “**correiros**” – mozos – encargados de subilos feixes da palla ó palleiro cunha “**corra**” de salgueiro ou xesta, por medio dunha escala sen necesidade de agarrarse coas mans e sen caer nin trembelicar.

Precisábanse dous para botar os mollos dende a meda de abaixo, outros dous para desatalos e levalos á máquina; tamén estaban os do *angazo* que ían sacando a palla miúda que caía no grao; outros usaban o *rodo* para ir amontoando o grao. Dous homes provistos de *galla* sacaban a palla dende a máquina e acercábanlla ás mulleres – tarefa preferida das mozas – que ían collendo, emparellando e botando sobre das *corras* que os correiros, en turno, íanlle poñendo ó xeito. Era unha boa oportunidade para se gastar bromas entre os mozos.

Ás mulleres máis vellas estábanlle asignado o traballo de ir apartando o grao cara a unha beira con rodo e vasoira. Deica mediados os anos 60, era necesario unha segunda máquina para limpar o grao: era a *limpadora*. Consistía nun mecanismo sobre rodas provisto dunha manivela coa que se movía un gran ventilador e, por medio de rodas dentadas, tamén sucesivas peneiras nas que ía caendo o grao que se botaba en sucio e a caldeiros na *moxega* situada na parte superior.

Ó final do proceso a palla moída saía disparada cara atrás e o grao limpo, pola dianteira. Esta tarefa deixábase para despois de rematadas as mallas e facíase tan só cunhas 8 ou 9 persoas.

Rematado o traballo, o propietario da malla repartía pan e viño a fartar e a xente, provista con compango que ía buscar ou lle levaban da casa, comían todos xuntos na aira ó carón da sombra dos palleiros. Se a comida correspondía á do mediodía, levábase da casa unha potíña coas patacas guisadas, ou o que houberan de comer aquel día, e ían tamén outros máis da casa, aínda que non houberan traballado, sobre todo os rapaces, para os que todo aquilo era unha festa, xa que despois de comer e beber, a xente falaba polos cotobelos contando historias, contos e cantando.

Xa dixemos que a palla, antes da malla, medíase en carros. Unha vez mallado e limpo, o grao medíase en “*tegas*” para ir á “*tulla*” – varias *tegas* facían unha “*fanega*”, - varias *fanegas* facían un “*ferrado*”.

As mallas comezaban por unha punta do pobo e ían pasando sucesivamente de aira en aira ata rematar pola outra banda. Os primeiros que foran mallar tiñan que ir buscar a máquina de mallar e limpar e mailo motor no carro das vacas ó pobo onde estiveran dispoñibles. Nos anos 60, cando xa había luz eléctrica, foron aparecendo xa unha malladoras máis modernas que mallaban e limpaban á vez.





II CERTAME LITERARIO "AUNIOS" 1º Premio, Menores de 15 años A TELLEIRA NO SALNÉS

Por: Andrea Fernández Iglesias

Este é o testemuño dunha obra, noutrora importante e hoxe morta e esquecida, á que dedicaron gran parte das súas vidas algúns dos nosos veciños.

A mestura que chegaron a formar dende séculos “barro – auga – lume”, para deste xeito dar formas variadas e resistentes a determinados utensilios, foi das primeiras usadas polo home. Proba diso son os fornos atopados en moitos castros e poboados da antigüidade e os restos de cerámica, téglulas, ladrillos, etc. , que sempre se encontran neste tipo de escavacións arqueolóxicas.

Unha destas obras foi a tella, dando nome as denominadas telleiras. Nelas facíase este obxecto dedicado á construción, o cal deu pé a unha grande industria que aínda hoxe acada grande importancia no val do Salnés.

Dise que os gregos foron os primeiros en utilizar cerámicas para a cubrición dos seus fogares, máis tarde os romanos herdaron e perfeccionaron a súa feitura, despois os árabes, e así durante séculos ata chegar a hoxe.

A telleira é coñecida como unha instalación dedicada á elaboración da tella, ladrillo e outros elementos a base de barro. Estas edificacións tiñan varias partes diferentes en función do seu uso. O xeito de dispoñelas era variado, pero todo xiraba en torno á principal que era o forno; ó



Restos telleira de Ardia

seu redor distribuíase o palletes, a eira, as pías, as casetas e outros elementos como os embarcadoiros nos casos da beiramar.



No Grove non fomos alleos a este tipo de instalacións industriais, pois tivemos unha, chamada a “Telleira de Feans”, propiedade de D. Juan Portela García, afillado dun sacerdote que pertencía a Mitra Compostelán. Por aquela época, debido á desamortización que se impoñía no país, a maioría dos cleros doaban as súas pertenzas e posesións a familiares ou serventes, xeralmente.

A este veciño doúselle a mencionada finca e ata incluíase tamén a illa de Touriz, a cal lle foi rexeitada polo seu afillado, pois non lle atopara interese algún na súa futura explotación.

Os traballos na telleira eran dos máis escravos e as tempadas facíanse moi longas, chegando a traballar ata dez meses de seguido. Esas xentes dedicáronlle moitos esforzos e anos a este oficio.

Hoxe en día, aínda que abandonadas e en estado ruinoso, manteñense as paredes do forno. Pola beiramar pódese atopar parte da zona de atraque dos galeóns que por aquela facían as viaxes de barro e mercadorías. Aquelas xentes que alí tanto traballaron como en todas as telleiras da zona, eran coñecidas co nome de Telleiros ou Cabaqueiros.

GALLAECIA. TERRA IGNOTA (I)

Por: José Mosquera

A romanización das rexións do noroeste da Hispania é escasamente coñecida polos cidadáns galegos en beneficio da cultura celta, coa que moi pouco ou nada, temos que ver. Velada e vetada, a romanización é allea ó noso agradecemento; os galegos falamos máis e mellor latín que os propios italianos. Os romanos que se atreveron a traspasa-los limiares misteriosos desta “terra ignota”, portaban dentro da súa mochila non só a fame do ouro, senón tamén un exemplar do dereito civil e a chave de entrada da Gallaecia no mundo civilizado.

Aqueles que si poden, pero nada fan por aqueles outros que si puideron, e o fixeron, inculcando o sentimento de que só dentro dunha homoxeneidade cultural é posible a existencia como pobo e non como tribo, ten unha débeda coa historia, a non ser que consideren máis proveitoso seguir envilecidos labrando “terra ignota”.

Despois da II Guerra Púnica, Roma converte en provincia a toda a península. A partires do 197 a. C. o territorio que controlan divídeno en dúas provincias: a Citerior ou máis próxima a Roma cuxa capital era Cartaxena e a Ulterior, máis afastada, con capital en Córdoba. En cada provincia hai un gobernador ou pretor con mando directo sobre unha lexión de aproximadamente 6.000 homes, sen contar coa tropas auxiliares dos indíxenas afectos. Os límites entre as dúas provincias, non moi precisos, obedecían á traza dunha liña que se iniciaba na costa, entre Cartaxena e Almería e, dirixíndose cara o noroeste, diluíase entre Toledo e Córdoba, bastante antes de entrar no extenso abano dos territorios descoñecidos.

Entre os anos 155 ó 133 a. C., os romanos emprenden a expansión cara ó interior dos territorios sometidos, mediante o inicio simultáneo das chamadas guerras Celtiberas, sobre a Citerior, que rematan coa caída de Numancia despois de vinte anos de cerco e as Lusitanas, na Ulterior, entre o 155 ó 136 a. C. O procónsul Quinto Servilio Cepión combatendo

contra Viriato, ó que só vence instigando o seu asasinato no 139 a. C. A súa morte facilitará a inmediata entrada de Roma en Galicia. Parte das tropas vencidas de Viriato diríxense a Numancia en apoio dos asediados. As que quedan non tardan en sublevarse ó mando de Táutalos, sucesor de Viriato, pero é vencido e as súas tropas incorporadas, como auxiliares, ás romanas mediante promesa de darlles terras e fundar unha colonia para o seu asentamento, que levará o nome de Valentia, feito que se realizará en tempos do seu


sucesor o procónsul Décimo Junio Bruto. Segundo tódolos indicios trátase da cidade de Valencia, a do Cid Campeador aínda que outras Valencias tamén teñen os seus defensores como ocorre coa Valença portuguesa e a Valencia de Alcántara. Servilio Cepión conmemora o fin do seu mandato edificando un gran faro, erguéndose nas súas proximidades a cidade que levaría o seu nome: Chipiona.

A partires deste momento tódolos avances romanos realízanse apoiándose sobre a costa atlántica, con Décimo Junio Bruto, sucesor de Cepión, e polo extraordinario Julio César que realiza un periplo náutico de pacificación das tribos do interior das costas das rías galegas.

No mes de xuño do 137 a. C., o procónsul Decio Junio Bruto, co obxectivo de pacificar unha vez máis ós levantinos lusitanos, empurráraos cara ó límite das súas terras marcadas pola orela esquerda do río Douro. Na outra orela comeza a Galicia Trasmínota e alí reúnen-se as súas tribos entre as que se atopan

a dos “calaicos” ou “galaicos” habitantes do val medio do Limia. Vendo estes perigos que lles ameaza, deciden apoiar ós lusitanos na orela oposta polo que atravesan o río sobre barcas de coiro. Este feito motivaría que Junio Bruto o considerase como “casus belli” polo cal debe castigar ós “galaicos” e conquistar as súas terras. A porta de entrada da romanización estaba, por primeira vez aberta; toda a rexión entra na historia levando o nome derivado da tribo dos “galaicos”.


8 EXPRESION GRAFICA DE LA VARIANTE SAN MARTIÑO DE BUEU I



CRONOLOGIA: Siglos II / III d. de C. (Variante de Bueu).

A batalla do Douro foi dunha dureza extrema e tivo lugar preto da desembocadura do río no océano, co apoio loxístico das naves romanas. Alí, os “galaicos” foron acurrallados e deuse a gran batalla. Segundo algúns relatos, só os “galaicos” tiveron 50.000 mortos e 6.000 prisioneiros. En xeral estas cifras considéranse esaxeradas por outras fontes xa que estes números indicarían o total de baixas en todo o tempo que durou a campaña. Sen embargo queda no aire o motivo polo cal Decio Junio Bruto elixiu, entre os honores que recibiu ó regreso a Roma no 132 a. C., o sobrenome de “Galiciano”. Ese feito parece dar crédito a que o número de baixas foi altísima nunha batalla dura e sanguenta.

Despois da vitoria do Douro sobre os lusitanos e galaicos.



A la izquierda y señalizada está ya terminado, el inmueble en cuya cimentación se identificó el horno y escombrera de ánforas GALAICO-ROMANAS, del que damos noticia aquí. En primer término, típico patin de tradición marinera con su correspondiente escalerilla. El da acceso a ruinoso nave salazonera de principios de siglo (?), que se conoce con el significativo y precedente nombre de A Capela.

Abajo, caleta y primitivas instalaciones portuarias sin duda, de distante utilización y origen.

da Estrella, en onde anos despois atoparemos a Julio César facendo o mesmo labor cos escorregadizos “herminios”.

Pasado o Douro, Decio enfrenta ás súas tropas ó Limia, quedando estas inmobilizadas presas do terror, sen atreverse a cruzalo. A debilidade das tribos galegas despois da matanza do Douro activara o seu enxeño de maneira que fixeron correr a andromena entre os soldados romanos de que as augas do río tiñan poderes máxicos que facían que todo aquel que ousase cruzalas perdería a memoria, esquecéndose do seu pasado e das súas familias para finalmente producirilles a morte. Realmente aquelas xentes o único que fixeron foi transformar nos seus proveitos a lenda de que as tribos de

“túrdulos” procedentes de Andalucía, ó chegar ó Limia asentáronse nas súas oreas e esqueceronse do seu pasado nunca máis quixeron retornar ós seus territorios de orixe. Obviamente, algo bo e bonito atoparían por eses lares. Decio Junio Bruto non tivo máis remedio que cruzar en solitario e desde a outra orela chamar polos seus nomes ós soldados demostrándolles que non perdera a memoria. Este feito causou grande impresión entre os supersticiosos soldados que consideraron que o seu xeneral tiña tamén poderes máxicos pois fora capaz de vencer ós do río.

O ascenso das tropas segue o seu curso, vencendo a resistencia dos “brácaros” da zona de Braga e ós “talabrigenses” da comarca de Aveiro. Despois disto xa non atopan resistencia e traspasan o Miño onde Decio dá por concluída a súa campaña de pacificación lusitana e de conquista galega. Pero este punto final ten unha representación case teatral entre mito e realidade. Decio e as súas tropas cruzaron o Miño pola súa desembocadura, á vista das naves sobre o océano. Decio sube á cima de Santa Tegra e alí comete o sacrilexio de desvelar o misterio do afundimento do sol ardente nas augas do océano. Este feito tómao coma un sinal indicador de que debe dar por finalizada a campaña e regresar a Roma coas súas tropas. Así o fai deixando guarnicións para protexer todo o conquistado. A volta realízaa non sen atopar resistencia de novas sublevacións de “brácaros” e incluso case o desastre ó apoiar ó seu parente Lépidio no cerco da cidade de Palencia xa que o sitio prolongouse en exceso e ó faltar as provisións, os dous xenerales decidiron retirarse coas súas tropas na noite pero os palentinos apercibíronse da manobra e perseguíronos causándolles grandes estragos. Non foi a máis a derrota por mor dun eclipse lunar que fixo que os palentinos, que adoraban á Lúa, decidisen poñer fin á matanza. De tódolos xeitos, Decio entrou en Roma e xunto con Escipión, o vencedor de Numancia, recibiu os honores de triunfo no 132 a. C. Bruto, o “Galiciano” mandou alí edificar un templo en recordo da súa campaña pola Galicia Bracarense.



MARÍN: A ESCOLA NAVAL MILITAR LX ANOS DE ESENCIA E PRESENCIA

Por: Laureano Mayán Taboada



Din que o destino xa está escrito. E a nosa Vila non podía ser unha excepción.

Dende hai moitos anos se “cociñaba”... O Estado aportaba o produto base (Escuela Naval Militar) e Marín os ingredientes (ría abrigada, espaciosa e limpa de escollos).

Dixo D. Luís de Salazar (profundo coñecedor de temas mariños...) “... en Marín, al borde de la ría más prodigiosa del mundo y en el seno de la tierra más marinera de España”.

Porque a esta terra se lle denominou MARÍN (nome xeneralizado a principios do século XII e vocábulo de raíz latina derivada de “mare”) pola circunstancia de estar edificada sobre un leve promontorio que, en xeito de caña, introdúcese no mar. Antigamente coñecido como Porto de San Xiao dos Acorados polo seu seguro fondeadoiro ó abrigo de tódolos ventos.

E estaba definido porque entre MARÍN e a ARMADA sempre houbo unha estreita relación e identificación.

MARÍN E A ARMADA: Vínculos

En 1867 foi creado o DISTRITO MARÍTIMO de 1ª clase de Marín, debido a que a Vila figuraba como un dos portos de maior tráfico de buques, de tódalas bandeiras que mantiñan activo comercio con portos de Europa e Ultramar. En 1903 o Goberno crea unha nova COMANDANCIA DE MARINA tendo como capital Marín. Estaba dividido en tres distritos: Sanxenxo, Bueu e Marín que ostentaba, como dixemos, a capitalidade.

En 1916 o Almirante D. Augusto Miranda Godoy idea e leva a cabo a creación da BASE NAVAL, constituíndo a de Río (Vigo), Vilagarcía e Marín.

Dadas as condicións naturais da nosa ría e porto, decide convertela en zona de instrución e adestramento da nosa Armada, sendo base do cruceiro “Carlos V”, dos destructores “Cadarsó”, “Bustamante” e “Villamil” e unha flotilla de torpedeiros, permanecendo varios anos adscrita a esta Base Naval, a 2ª Escuadra de Instrucción.

Obras de desmonte



LAUREANO MAYÁN BRAGA

Subasta de PESCADOS y MARISCOS

En la Lonja de MARÍN

Teléf.: 986 891 087
608 307 968

República Argentina, 30
MARÍN (Pontevedra)



Os gardamariñas de 2º ano debían facer os seus estudos no buque insignia da 2ª División da Escuadra. Considérase a esta Sección Flotante da Escola Naval como precursora da instalación definitiva da Escola Naval na nosa Vila.

En 1920 (Decembro) dispónse a creación do POLÍGONO DE TIRO NAVAL, sendo o seu fundador e primeiro Director D. Jaime Janer Robinson. Este Centro instalouse nas dependencias da Base Naval. Tiña como obxecto a realización de cursos de especialización para Xefes e Oficiais da Armada, programas de experiencia e formación de mariñeiros aprendices de Artilería. A esta fin definiuse como Polígono de Tiro Naval a zona da desembocadura da ría comprendida entre Cabo Udra, Punta Couso, Baixos de Biduidos (ó Norte de Cíes), Illas Ons e Punta Faxilda.

As dependencias deste Polígono ocupaban un terreo de 8.183 metros cadrados. A superficie de plantas era de 8.960 metros cadrados e o recinto tiña unha extensión de 56.785 metros cadrados.

ORIXE E EVOLUCIÓN: Escola Naval Militar

En 1716 (finais) estaba decidida a creación da Academia de gardamariñas.

En 1717 (febreiro) rexístrase o 1º núcleo de Cabaleiros sendo D. Esteban Reggio e Gravina o primeiro Cabaleiro inscrito.

Porta de Carlos I (Recinto sen peche nin recheo) 1941



No mesmo ano (abril) establécese en Cádiz a Academia da Real Compañía de gardamariñas considerado como o primeiro “jalón” (marco) do Corpo Xeral da armada.

En 1769 D. Juan José Navarro, marqués da Victoria, dispón o traslado da Academia a San Fernando.

En 1776 dispónse a creación de tres Compañías de gardamariñas e ó ano seguinte estas son repartidas entre Ferrol e Cartaxena, mentres en San Fernando mantíñanse o Detall e Xefatura do Corpo.

En 1824 dispónse a clausura dos Centros de Ferrol e Cartaxena, establecéndose en San Fernando o chamado Colexio Real e Militar de Cabaleiros gardamariñas.

Este centro pechouse en 1828 (febreiro).

En 1845 inaugúrase en San Fernando o Colexio Naval Militar para Aspirantes de Mariña, funcionando ata 1868.

En 1869 créase a Escola Naval Flotante que se establece na Fragata Asturias, con base en Ferrol, sendo o seu primeiro Director, o Capitán de Navío D. Victoriano Sánchez Barcáiztegui.

En 1906 ingresa a última promoción (15 alumnos) que cursaría estudos en dita fragata.

En 1907 suprímese o ingreso na Escola Naval non habendo convocatorias ata 1913. A Escola Naval flotante funcionou ata 1909 (setembro).

En 1912 reorganizouse, de novo, a Escola naval establecéndose en San Fernando, inaugurándose o Centro en 1913 (xaneiro) e aquí toma o actual nome de **ESCUELA NAVAL MILITAR**.

Esta escola, na que cursa estudos, como aspirante de mariña, S.A.R. Don Juan de Borbón, funciona ata 1943, data na que se traslada ó seu actual emprazamento en Marín.

Porta de Carlos I (Recinto xa pechado e con instalacións deportivas) 1944



A antiga Base Naval e o Polígono de Tiro Naval pasan a ser os mesmos cimentos deste Centro.

En 1938 (setembro) recibírase oficio do Excmo. Sr. Comandante Xeral do Departamento Marítimo de El Ferrol no cal “ La Marina agradece la desinteresada colaboración del Ayuntamiento de de Marín, al proyecto de traslado de la Escuela Naval Militar a esta ría”.




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas

AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



En 1939 deron comezo as obras de transformación , ampliación e adaptación de edificios e servicios.

A pesar do intento de conservar os accidentes naturais, no seu xeito xeral, o accidentado do terreo obrigou a grandes movementos de terra. E a pesar da envergadura das obras realizadas, estas finalizaron nun tempo relativamente curto.

Das edificacións existentes aproveitouse moi pouco. Algunhas cimentacións e muros e a planta baixa do cuartel (hoxe cuartel de alumnos). Non se alteraron puntos fundamentais: edificio de Dirección: o pé da Capela: a altura do Hospital e o extremo do actual "Barrio Industrial", ocupados por baterías do Forte. As modernas estradas responden, igualmente, a antigos camiños.

En catro anos (1939 – 1943) construíuse a Escola Naval Militar que ocupa unha superficie de 260.000 metros cadrados dos cales se ganaron ó mar 92.340 metros cadrados e adquiríronse por compra, 92.345 metros cadrados.

Como datos de interese reflectiremos que o custo de edificios e demais servicios calcúlanse en 50 millóns de pesetas.

Ocupa unha zona de máis de 1 km. de ancho e 1 km. de fondo, dentro do cal os seus peiraos ocupan máis de 1.500 m.

O termo medio, diario, de persoal empregado durante as obras foi de 1.044 traballadores (ata 1.200 chegou a súa cota máxima) e na execución das obras empregáronse:

Cemento: 16.000.000 Kg.

Ferro: 2.600.000 Kg.

Tellas: 1.000.000 pezas

Cableado: 100.000 m.

Ladrillos: 12.000.000 pezas

Entubado de Ferro: 13.000 m.

Baldosas: 400.000 pezas

Rede de sumidoiros: 8.000 m.

Azulexos: 300.000 pezas

Radiadores: 9.500 m.

Empedrado: 3.100.000 pezas

Entubado de calefacción: 26.000 m.

Pedra e mármore: 42.000 m³

(extraeuse pedra de Pedreiras para o seu recheo)

Desmorte cun 70 % de volume de rocha: 207.000 m³


Recheo de superficie gañada ó mar: 650.500 m³

A súa inauguración tivo lugar o 15 de agosto de 1943.

Era o Xefe do Estado D. Francisco Franco Bahamonde; Ministro de Mariña D. Salvador Moreno Fernández; Comandante Director da E.N.M. D. Pedro Nieto Antúnez e Alcalde de Marín D. Ezequiel Massoni González.

Da flota estiveron presentes: 2 cruceiros, 12 destructores, 2 submarinos, 2 minadores, 2 buques-escola (Elcano e Galatea), 1 gardacostas e 2 planeiros.

A dotación de Xefes, Oficiais e Cabaleiros Alumnos era a seguinte:



Porta de Carlos I (2002)

1 Capitán de Navío
2 Capitáns de fragata
11 Capitáns de corveta
19 Tenentes de navío
5 Alféreces
1 Tte. Coronel de máquinas
1 Comandante de máquinas
2 Capitáns de máquinas

1 Comandante médico
2 Capitáns médico
1 Tenente Sanidade
1 Comandante Intendencia
4 Capitáns Intendencia
4 Tenente Intendencia
1 Tenente Vicario-Eclesiástico
1 Capelán maior
1 Capelán primeiro


1 Capitán Xurídico
1 Tenente Xurídico
1 Capitán de Farmacia
4 Tenentes Infantería de Mariña
1 Director Música de 2ª

91 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 7º Curso
84 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 6º Curso
75 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 5º Curso
35 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 4º Curso
31 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 3º Curso
31 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 2º Curso
42 Cabaleiros Alumnos do Corpo Gral. de 1º Curso

5 Corpo máquinas 1º Curso
13 Copo Intendencia 6º Curso
10 corpo Intendencia 5º Curso
8 Corpo Intendencia 4º Curso
10 Corpo Intendencia 3º Curso
7 corpo Intendencia 2º Curso
5 Corpo Intendencia 1º Curso

Ata hoxe pasaron por este Centro 23 Comandantes Directores (incluíndo o actual) e foi o seu primeiro Director D. Pedro Nieto Antúnez (o único, ata hoxe, que ocupou o cargo de Ministro de Mariña).

Uns 12.000 alumnos formáronse neste Centro, dende a súa inauguración, confiando a formación de oficiais países como: Marrocos, Guínea Ecuatorial e Thailandia (actualmente, só, este último país).



Desfile das Forzas Navais ante o Xefe do Estado D. Francisco Franco.
O día da inauguración de "La Escuela"

Dende entón "La Escuela", como popularmente se lle demonima, sufriu diversos cambios tanto no físico como na súa organización. No físico, porque aínda cando dende fai anos non hai novas dependencias (hai máis de 40 edificacións cunha superficie, en planta, de máis de 32.000 m²), as obras de mellora realízanse con frecuencia e a súa perspectiva cambia.

Na súa organización, con modificacións nos seus Corpos, onde, hoxe, só existen: Xeneral, Infantería de Mariña, Intendencia, Enxeñeiros, Especialistas e Corpos Comúns (Sanidade, Intervención, Xurídico,...).

A muller está integrada (fai anos impensable) dende 1988 (o 1º grupo pertenceu á Escala Especial do corpo de Sanidade).

Hoxe son 12 as mulleres que están neste Centro (sen contar as que pertencen a Corpos Comúns). Neste apartado destacar que a primeira muller pertencente ó Corpo Xeral foi D^a Esther Yáñez González-Irún que ingresou en 1990.

Hoxe, a Escola naval conta con: 69 Xefes-oficiais, 89 suboficiais, 130 mariñeiros, 182 civís e 378 alumnos.

O Centro (antes era tabú, agás raras excepcións) é visitado por máis de 1.000 persoas ó ano. O Día das Forzas Armadas (xuño), excursións (nenos e 3ª idade, sobre todo) e a presenza de buques emblemáticos (portaavións, submarinos, buques-escola,...) son motivo para que poidan

coñecerse as magníficas instalacións deste Centro.

E é que a E.N.M. posúe monumentos e obras de grande interese artístico, destacando: escultura, en pedra, da Nosa Sra. Do Carme (Asorey); escultura, en bronce, de D. Álvaro de Bazán, Marqués de Santa Cruz; Escaleira Monumental Cristóbal Colón; monumento a Jaime Janer; Cruceiros conmemorativos; retablo, ó óleo, de D. Juan Carlos I (Agustín Segura); do Príncipe de Asturias (Ricardo Macarrón); busto, en bronce, de Isaac Peral (Asorey); mascarón de proa da Fragata "Asturias"; ...

Xa no que concirne á súa configuración como Centro docente, dispón de numerosas naves para aulas: Artillería, Tiro naval, Comunicacóns, Electrónica, Navegación, Táctica, Informática, Aproveccionamento, Idiomas, Enerxía, Propulsión, Química, Electricidade, Debuxo, Metalurxia, Armas submarinas, Vela, Mergullo, Gardas de Porto... Laboratorios, Recinto para exercicios de instrucción, Pistas de atletismo, Campos de fútbol, Baloncesto, Balonmán, Tenis, Ximnasio cuberto, Piscina climatizada, Flota de embarcacións deportivas. Cuarteis para alumnos, mariñeiría e dotación, Comedores, Salóns de estudo, Salóns de actos, Salas de recreo e de visitas,... Dependencias de Axudantía maior, Corpo de Garda, Central Telefónica, Edificio de Dirección, Departamentos de mecanografía, Centros de prácticas de extinción de incendios, Heliporto, Residencia para oficiais, Vivendas para Director e Xefes de Servicio,...

Se a todo elo engadimos que conta, tamén, con servizo de Xastrería, Bazar, Biblioteca, Salas de xogo, de televisión, Capela, Imprenta, Tren de lavado, Panadería, Zapatería, Servicios de proveccionamento, Garaxes, Taller mecánico, Carpintería, Factoría de subsistencia, Depósitos de auga potable,...

Con todo o mencionado non só estamos referíndonos a un dos mellores (senón o mellor) Centros Docentes da Armada do mundo, senón que reúne, tamén, tódolos servizos indispensables dun auténtico pobo.

Un pobo delimitado si, pero, tamén, moi unido á vila e que non se concibe o un sen o outro.



Actualmente as Forzas Navais desfilan ante S.N. El-Rei

Un pobo delimitado si, pero, tamén, moi unido á vila e que non se concibe o un sen o outro.

Unha unión formalizada pola emblemática, preciosa e mundialmente coñecida “Puerta de Carlos I”, popular y cariñosamente denominada “Puerta de entrada”. E é que serve de entrada á Vila ó persoal militar. Serve de entrada ó Centro ó persoal Civil.

Non se pode pensar, nin falar, hoxe de Marín sen asociado con “La Escuela”.

O seu labor social, humanitario, sempre altruísta, non pasou desapercibido ós nosos gobernantes e así “La Escuela” recibiu do Concello de Marín: Gravata con medalla de Ouro da Cidade (06-09-1968); Bandeira da E.N.M. (16-07-1983) e Medalla de Ouro da Vila, no seu L Aniversario (14-09-1993).

E é que non podemos, nin debemos, esquecernos que: O seu Hospital atendeu a xentes de calquera condición social, en calquera momento que a situación o requirise... Os seus buques, grandes ou pequenos, tomaron parte en numerosos salvamentos... Os seus equipos contra-incendios, resolvendo situacións de extrema gravidade... A posibilidade que tiveron moitos xoves, ó cumprir o Servicio Militar, de estar preto dos seus fogares... As súas colaboracións en: conferencias, inauguracións, conmemoracións, concertos,

procesións, desfiles,... A súa axuda ó deporte: regatas, campionatos de atletismo, fútbol (o Marín C.F. comezou a labrar a súa pequena, pero bonita, historia no seu campo de fútbol...)

Posiblemente hai cousas que se nos poden escapar pero sería inxusto, ó menos como nota nostálgica e de grato recordo, senón fixéramos alusión ós buques afectos á flotilla da E.N.M. : “Lazaga”, “Alsedo”, “Velasco”, “José Luís Díez”, “Antequera”, “Ciscar”, “Álava”, “Liniers”, “Rayo”, “Furor” e “Juan Sebastián Elcano”...

E se non mencionáramos que dous alumnos de excepción honraron a Escola Naval e as nosas rúas: S. M. Don Juan Carlos (1957 – 1958) e S.A.R. don Felipe de Borbón (1986 – 1987).

Se os pobos defínense por certas cousas, Marín, sen lugar a dúbidas, defínese polo Priorato, a Pesca e a Escola Naval Militar. E por estas razóns a nosa Vila ten moito que dicir e mostrar ás xeracións futuras, porque isto configurou a nosa identidade.


Se a esencia da Escola Naval Militar continúa sendo inmutable, perdurable, tal é a lealdade e entrega no servizo á Patria, a súa presenza forma parte non só da nosa paisaxe, senón tamén, de moitas familias, de moitos amigos, dos nosos costumes,..., de nós mesmos.

Dentro dunhas datas, a Escola Naval Militar, cumprirá o seu LX Aniversario, sendo, no intre de escribir estas liñas, Rei de España Don Juan Carlos; Presidente do Goberno Don José M^a Aznar López; Ministro de Defensa don Federico Trillo-Figueroa e Martínez-Conde; Comandante-Director da E.N.M. Don José Antonio González Carrión e Alcalde da Vila de Marín Don Francisco Antonio Santiago Fernández.

¡ Feliz Cumpreanos !

O meu agradecemento á E.N.M. polas facilidades concedidas e atencións recibidas.

Ó Tenente de SAN-PSI, Don Ángel Antonio Marcuello García. E de xeito especial a D. Rafael Carreño Rendón, Cartógrafo da Armada, quen gracias á súa ampla documentación, fixo posible a realización deste artigo.



COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA




A LAMPREA, EXCLUSIVA ESTACIONAL

"GALICIA, REDUCTO HISPANO NA CULINARIA DESTE ARCAICO PEIXE"

Por: Guillermo Campos

É un prato ó que non convén enfrontarse con talante asceta, antes ben bacanal. Gustaba ós abades composteláns e tudenses, vítimas obrigadas da luxuria lampreil. A lamprea é un prato xenuinamente galego, aínda que sexa unicamente por exclusión das demais rexións patrias que foron perdendo dos seus ríos este arcaico peixe que o romano tamén comía con gula. Conta a lenda que os viveiros da capital do Antigo Imperio estaban cheos de ciclóstomo, ó que alimentaban con escravos vellos. Non sería estraño porque era un penso barato e abundante na época, e é coñecida a voracidade das "Petromyzon marinus", a penas superada ó longo da historia por recadadores e ministros. En Galicia, o goberno culinario da lamprea converteuse nunha das exclusivas referencias para autoregalarse cunha vianda diferente, que - salvo para quen sucumben na primeira fase visual - esperta apaixonamento e resulta ser unha cita clásica, diríamos que irrenunciábel, coa despensa estacional. Hai que comela no seu tempo e por este tempo. E combater deste xeito ós "idus de Marzo".

Á "Petromyzon marinus" tamén se lle coñece en Galicia por chupona de mar. É a que se pon no prato (a lamprea fluvialis, así mesmo comestible pero desprezada, chámase aquí lampuxa - mazkar en euskera - e emprégase como cebo). Agnato - sen mandíbulas -, de boca redonda configurada como ventosa, é un dos vertebrados máis primitivos, cartilaxinoso, de corpo anguiliforme, con case un metro de lonxitude como media, sen escamas. Desagradable, en fin, á vista; pero delicioso



ó padal, como algúns outros símiles da creación. Aínda que os tratados naturalistas aseguran que a lamprea se atopa estendida por todo o litoral da Península Ibérica, o certo é que soamente na románica Galaecia ten consolidado tratamento gastronómico. De feito, é un prato case exclusivamente galego -e do norte de Portugal, rexión miñota-, desaparecido practicamente doutras cociñas rexionais.

Coñecíana en Cataluña e tamén na Meseta. Don Ruperto de Nola, na primeira edición do seu do seu Libro de Cozinha (1520 en catalán, tradución ó castelán no Toledo de 1525) fala xa da lamprea en pan e da maneira de tratala e de comela... Por certo, que o fai cando aborda o "tractado para guisar y aparejar las viandas del tiempo quaresmal", xunto co salmón tamén empanado, co que xa se ve a penitencia que se impuñan algúns. Unha autoridade en bibliografía -e probado gastrónomo-, o meu desaparecido amigo e mestre Antonio Odriozola, asegura que, aínda que o texto se editase no século XVI, reflexa na súa antigüidade a procedencia da centuria anterior, co cal, cando menos, a lamprea tiña presenza de excepción nos fastos meseteiros do XV. Consolida estas referencias constatar que no Arte de Cocina de don Francisco Martínez Montañón, a primeira edición do cal está datada en Madrid en 1605, ofrece receitas de lamprea á cazola, empanada, asada e ata en chacina.

Don José María Busca Isusi en 1958 escribe que "deberon ser no noso país moi comúns noutras épocas, pero a contaminación das nosas augas exterminounas e obrigounas a emigrar. Son peixes que para a súa reprodución requiren augas clarísimas", apostilaba o erudito gastronómico vasco de maior prestixio, tamén desaparecido, quen recoñecía xa por aquelas calendas que "as lampreas son aquí tan escasas que non tiveron oportunidade de velas na nosa terra". Nos ríos atlánticos da Galicia meridional, como nos da rexión francesa de Burdeos, quedan pois as últimas lampreas da cociña cristiá de occidente, que diría Álvaro Cunqueiro.

Comíanas, se lle damos creto a este recordado fabulador, en Estrasburgo, e con fruición porque "a lamprea renana é substancialmente distinta da galega e da mediterránea. Menos graxa ca segunda, menos lodosa que a primeira, é, sen dúbida, a raíña das lampreas".

Aluminios
glesias s/L

C./ Goya, 5

Teléf. / Fax: 981 383 748

C.I.F.: B-15.398.837

La Gándara - NARON

Hai lampreas do Ródano, do Po -“que teñen touciño mesturado como un porco de york”- e pode ser que chegasen ós palacios do Rhin, de Basilea a Tréveris, en salsa ou en pastelón. En Roma seguiron coméndoas previamente cocida en viño toscano “do pai e a nai de Frascati, e despois servíase cunha salsa de ovo, aceite e allo” que lle fai lembrar a Álvaro Cunqueiro a “soberana mayonesa”. Tamén en Rusia, nos países Nórdicos e en Grecia.

En Galicia abundan as receitas; pero son dúas as maneiras máis usuais de tratar a lamprea fresca aquí: á bordelesa e en empanada, a primeira xeneralizada - requintada en Arbo e Miño abaixo - e a segunda máis propia das ribeiras do Ulla, por Pontecesures e Padrón; e na umiense, en Caldas, representada nos capiteis do Pazo de Xelmírez en Santiago. Case é obrigado acudir a esta terra para degustala. A lamprea galega é “a de máis forte sabor entre todas as lampreas dos ríos de Europa”.

O made in de maior prestixio repártese entre o Miño e o Ulla: cada ribeirán defende a súa, os primeiros quizais con maior vehemencia. Pero a resolver tan bizantina cuestión contribuíu Máximo Sar aconsellando que se meta no mesmo pucheiro un exemplar de cada río, se guisen da mesma maneira e pola mesma man, e a ver despois quen as distingue. Seguramente este método é aplicable ás que se pescan no Tambre, Anllóns, Sar, Tea, e no Lérez.

O que si inflúe sen discusión na calidade do peixe é a altura do río, sexa do Miño sexa do Ulla, onde se pesque. Canto máis augas arriba, mellor. É sabido

que a lamprea vive no mar pero busca a auga doce para a súa reprodución. Cando acada a madurez sexual, remonta o río, busca un fondo claro e areoso, e deposita a súa carga de ovos. Para isto arrastrou ó macho -literalmente ás veces-, que lle axuda a liberar a súa prezada carga e solta pola súa parte os espermatozoides. As femias quedan exhaustas e morren ó pouco tempo, e con frecuencia son aniquiladas pola súa parella; e “este gran machista do mundo animal”, como lle chama Carmen Parada, procurárase outra femia

para seguir a fecundación reproductora. Durante esta titánica viaxe contra corrente, remontando a desembocadura do río cara a lugares doces, prodúcese a pesca. Por iso, canto máis río arriba se realice a captura, máis desenvolvida estará a musculatura da lamprea, máis dura será a súa carne debido ó exercicio atlético contracorrente, porque lle gusta subir cando a marea baixa ou cando hai crecidas, e mellor de noite que de día. Se cadra radica aí o creto da arbense.

No Ulla, as mellores lampreas son as que pasan de Herbón e chegan a Carcacia. No Miño, entre Caldelas e Salvaterra ata Arbo, onde andando abril se lle fai unha festa gastronómica. Pero o certo é que ata aquí chegan poucas. A especie tamén acusa os atentados ecolóxicos de maneira

que, especialmente as extraccións de area con fins industriais, destrúen os depósitos de ovos e incluso modifican as correntes ó variar a canle do río. Así o pensan polo menos os pescadores.

Os ribeirás situados nos tramos máis próximos á desembocadura gozan de maiores vantaxes á hora das capturas. Son as menos as que se lles escapan á aplicación das artes legais e incluso dalgunha furtiva. Na desembocadura do Miño emprégase a lampreeira, rede rectangular de 150 metros de lonxitude e 3 de altura, con mallas de 33 mm., que leva anacos de cortizas na parte superior e bolsas de area na inferior, así como sendas bolsas nos extremos, dun dos canais parte a barra de manexo. A lampreeira atrávesase no río e déixase arrastrar pola corrente, mantendo o cabo no barco. Cando se considera que entrou entre mallas algunha lamprea, ízase a

rede, retírase a peza e vólvese o dispositivo ó río. A Gran Enciclopedia Galega fala doutro tipo de lampreeira no Tambre, que se reduce a uns sacos de rede pendurados entre estacas cravadas no leito do río, nos que se colle a lamprea cando baixa o mar.

Pero o sistema de máis valor histórico para pesca-la lamprea é o das pesqueiras, unha forma de espigón que se interna na canle do Miño, mentres que no Ulla veñen sendo pasos ameados que se suceden en liña de ribeira a ribeira.



Francisco J. Cruz Senra



Electro Montajes Cruz, S. L.

C./ Lepanto, bloque 3 - bj. 3
Teléf.: 981 312 929
Fax: 981 327 530
15406 FERROL

Polig. Gándara, parcela 127
Teléf.: 981 312 736
Fax: 981 312 701
NARON


Dende esas pétreas construcións -considéranse prerromanas e teñen categoría de monumentos histórico - artísticos - lánzanse as redes nas que as lampreas quedan atrapadas cando, ó aproximarse o mes de xaneiro, afrontan a súa viaxe fatal cara ó interior.

Hai outras artes punzantes, como son fisgas, friskas e francados; pero os seus trofeos son menos apreciados porque, salvo unha casualidade ou excepcional pericia do pescador, ó ser cravada a lamprea esta perde o seu sangue, co cal o seu valor culinario decrece considerablemente. No Tea, onde se utiliza este sistema dende unhas estacadas que se constrúen sobre o río (ó pasar polo medio, as lampreas son cravadas ó estilo esquimal) as desangradas acostuman destinarse ó secado; pero nos establecementos de venda non se actúa sempre con ese nivel de honestidade, xa que unha lamprea desangrada é un auténtico fraude polo xeral.


Convén pois esixir que non estea picada. En Pontecesures tamén convive o sistema de pescalca mediante arpóns aproveitando que ó parecer os clicóstomos se dan un descanso aproveitando os remansos que propician as bases da vella ponte, mediante a que a estrada nacional une as dúas marxes do Ulla.

Este furtivismo non vén dado polo sistema en si, aínda que de feito atenta contra a calidade do produto, senón porque a pesca da lamprea no Miño e o Ulla está suxeita a dereito consuetudinario: as pesqueiras cómpranse, véndense ou hérdanse, polo que toda extracción fóra destes dominios resulta un atentado contra a propiedade, sobre todo se a fisga ou lazo se aplican, como é o caso, antes das pesqueiras, ás que chegan moi poucas lampreas.

No Tea, polo contrario, no existe dereito de propiedade sobre os puntos de pesca. A administración sortea dous puntos de captura, outorgados por grupos de catro persoas que rotan entre si. Dado que tamén empregan o sistema de redes, o sorteo favorece ós que comezan a quenda, xa que nas xornadas iniciais da tempada aflúe o maior continxente de espécimes.



Como sucede co salmón, aumenta a crenza de que a lamprea volve á conca fluvial onde naceu. Hai como un dramático destino, moi consubstancial por certo coa idiosincrasia galega, de volver ó seu terreño.



Neste caso, volve para deleite de gourmets e devotos ofrecidos a esta cita culinaria de tempada, e tamén para alivio económico dos pescadores, que nas frías madrugadas invernaís -como a angula, a lamprea circula de noite- deben acudir á súa pesqueira para recoller os exemplares cativos, embravecidos, tersos e endurecidos polo esforzo da súa utópica liberación.

Acontece cada mañá entre os meses de xaneiro (xa se pode comer a finais de decembro) a abril, posto que outra das referencias etnográficas aconsella esquecerse da lamprea cando se escoita cantar ó cuco. Dise entón que “a lamprea está cucada”. Terá chegado o peche da lamprea fresca da que os miñotos aseguran distinguir, cando menos, catro especies que dan diferentes sensacións na cazola e no prato. Contentémonos con coñecer que o nivel de calidade nos magníficos exemplares verde-escuros sube aqueles nos que destaca o ton amarelo, o que aparece segundo se van consolidando os tres primeiros meses do ano.

As que queden para seco hai que poñelas a remollo vintecatro horas antes; despois sécanse ben e aplícaselles a receita escollida. Pódense someter directamente á brasa, ou convertelas en friame suculento. A seca, a afumada que curaban os frades beneditinos de Haubenkirche, é dicir o “bacon fluvial” do autor da Cociña Cristián de Occidente, permite prolonga-la degustación da lamprea ata o verán.

Para o meu gusto require un deses albariños secos, ou quizais aínda mellor de agulla. En cambio, o guiso no seu sangue que recomendaba a condesa de Pardo Bazán -por certo, citando unha receita da súa nai, pero que en realidade non difire doutras ó uso, salvo matices,- a lamprea chamada á bordelesa ou con parecidos adobos na cazola, é preparación que require un tinto. Quizais un caíño como preconizaba José María Castroviejo, incluso mesturado cun espadeiro das proximidades do Umia. En fin, tampouco lle vai mal un tinto clásico do Condado, e dende logo cun Valdeorras ou un Amandi, para min o máis suculento e harmónico maridaxe que se poida facer polo civil.



O XEITO NA TRADICIÓN PESQUEIRA MARINENSE (II)

Por: José Torres Viqueira

As embarcacións empregadas no arte do xeito, dentro de certas características comúns, ofrecen distintos tipos principalmente no que a eslora se refire. Distínguense por este motivo ata catro tipos de embarcacións *xeiteiras*:

- a) de 34 a 38 cuartas de eslora
- b) de 28 a 34 cuartas de quilla
- c) de 20 a 28 cuartas de eslora
- d) de 15 a 20 cuartas de quilla

En todas elas soen sinalarse en xeral cinco *bancadas* e varios *compartimentos*, chamados:

- 1º Proa, destinado para a manobra
- 2º Tilla, para abrigo da tripulación
- 3º Cadeira, para colocar as redes
- 4º Pana, para aloxar a pesca capturada.



As embarcacións do *xeito* eran construídas en Marín, sendo dunha estrutura similar ás empregadas nas *sacadas* e o seu custo soía oscilar entre os 5.000 ou 6.000 reais.

Para realizar o labor de pesca xeralmente organizábanse en *compañías de xeito*.

A *compañía do xeito* era unha agrupación laboral consuetudinaria, de tipo familiar xeralmente, composta por un número de mariñeiros que oscila entre os 6 e 10 homes, segundo o tipo de embarcación empregada.

Así temos:

- a) A *compañía maior*, formada por 8 ou 10 homes, con barcos de 34 a 38 cuartas e unha rede de 7'5 pezas, ou 15 *carteles*.
- b) A *compañía media*, formada por 6 ou 8 homes, que usaba embarcacións de 28 a 34 cuartas de quilla e *casea* de 6'5 pezas ou 13 *carteles*.
- c) A *compañía pequena*, formada por 5 ou 6 tripulantes con barcos de 20 a 28 cuartas e 5'5 pezas de rede, ou sexa, 11 *carteles*.
- d) A *compañía reducida*, a base de 3 ou 4 tripulantes que

traballaban con botes de 15 a 20 cuartas de quilla e unha *casea* que non excedía as 3'5 pezas ou os 7 *carteles*.

Nas tripulacións estaba incluído sempre o chamado tilleiro ou tillero, rapaz do barco, aprendiz de pescador, que personalizaba toda unha picaresca matizada de pintorescos episodios.

A práctica do *arte do xeito* podería explicarse e condensarse na seguinte forma ou maneira:

Pola tarde, despois de feitas as provisións necesarias, saían do porto as embarcacións en dirección ó mar, levando a bordo a rede e a tripulación. Tratábase

de aproveitar así as primeiras horas da noite e as da mañá para efectuar as faenas dos *lances*.

Unha vez chegados ó lugar conveniente elixido, a presenza da sardiña podía advertirse de varias maneiras:

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

- a) Polo *aspecto rizado* do mar ou por unha mancha escura no medio dun mar claro.
- b) Por un especial murmurio, chamado *barbuxido*, ou pola aparición da *barbullada* ou *burbuxeo* orixinando abundante espuma.
- c) Mediante o *avecío* ou presenza de aves mariñas, como o mascato, o parrulo, o arao, a canilonga,...
- d) E ata por medio da presenza de *certos cetáceos* como o arroás, o delfín, a toniña,...

Entón largábase a arte do *xeito* e calaba á profundidade debida, quedando a *relinga* das cortizas a flote. Se se trataba de mar libre *largábase en liña recta*, seguindo a *dirección das correntes* para evitar que o barco caese sobre a rede e dificultase despois a operación de cobralo.

Pero se a zona de mar dispoñible era pequena ou estaba limitada polas redes de outras embarcacións, entón largábase o aparello en seos ó zigzag, formando curvas máis ou menos pronunciadas, a fin de non entorpecerse mutuamente o lance.

A operación comezaba lanzando o patrón á auga o *chicote de resón ou cuartel de rabo* e coa axuda de outro mariñeiro vaise largando despois a *encorchadura*, de modo que a rede caía clara, coas súas mallas abertas, mentres outro vai lanzando tamén ó seu tempo as *boias ou boureles*, rematando co *cuartel da man*, para dar fin á operación, amarrando á proa do barco o *chicote da cua*, unha vez que se calou toda a arte.

A recollida realizábase despois de permanecer a *casea* calada durante un tempo variable – que podía ser, segundo os casos, de *media a dúas horas* xeralmente – e dende logo menos tempo en inverno que no verán. A recollida do aparello facíase da seguinte maneira:

- a) Cobrando da rede halando polos *chicotes da cua e cuartel da man* e seguindo despois polas demais pezas, empregando ó efecto unha especie de tosca polea chamada *gaviete* que vai colocada na proa.
- b) Un ou dous mariñeiros colocábanse a ambos lados da rede e procedían ó desenmallado da sardiña que quedara retida na malla da rede, pero coidando de non maltratala e obtela sen mazaduras nin golpes.
- c) Ó mesmo tempo o *tilleiro* realizaba unha función principal, pois armado de ganapán ía recollendo as sardiñas que se soltaban e caían ó mar.

De volta ó porto ó ir aproximándose a terra as *lanchas xeiteiras* coa súa pesca, especialmente se era de noite, convocaban á xente por medio de sons de bucina que facían cun caracol mariño. A ditos toques de bucina acudía a xente interesada á coñecida *Pedra das Mulleres*, situada na praia de Canto da Area, que facía as veces de peirao, onde a *muller do mar* encargábase de transportar o peixe do barco a terra, percibindo por este traballo cinco céntimos por cesta.



A BROA: SABOROSO PAN DOS NOSOS AVÓS O MILLO SUSTENTO DUNS ANOS MOI DUROS

Por: Nen@s de 5º Curso 2002

INTRODUCCIÓN:

Os venres, no mercado de O Grove, as nosas nais ou avoas sempre compran pan de millo.

A nós gústanos comer un anaquiño de cando en vez, e está moi bo, pero quen máis gozan con el son os nosos avós e bisavós da casa.

Algunha vez a bisavoa ponse pensativa e di: “..Cando eu cocía...”, e mesmo semella que estivese a facer o pan nese intre; entón todos se poñen a falar daqueles tempos nos que o millo non era só para darlle ós animais (as galiñas e ós porcos, sobre todo), senón tamén para facer o pan de todos os días.



Así foi que, na clase decidimos facer un traballo conxunto para a nosa revista escolar “O sabichón”; barallamos varias posibilidades e finalmente decidimos falar sobre o cultivo do millo e todo o proceso que se seguía ata que xa era pan que saía do forno.

O MILLO:


-O millo é un cereal (plantas con froito en espiga das que se aproveita o gran) que se trouxo de América na época da conquista do Novo Mundo e que serviu de alimento para as persoas e os animais durante moitos anos. Hoxe en día nas nosas terras só se cultiva como alimento para os animais. Seméntase entre finais do mes de abril e o mes de maio e

a súa colleita faise no outono (setembro/ outubro). A planta mide entre 1,5 e 2 m. de altura. As follas son longas, planas e aguzadas, cun nervio central e bordes ásperos. A raíz é fasciculada e forte, e por ela absorbe a auga e os minerais. Ten flores masculinas e femininas; a masculina é a da *candea* ou *pendón*, e da feminina nace a espiga.

Se o millo é do país da unha espiga grande e unha pequena; se é híbrido da dúas espigas grandes e unha pequeniña, sempre e cando estea ben abonado.

O froito é o gran, que pode ser branco, amarelo, vermello e negro. Este último é o que se coñece como *millo corvo*. Na parte central da espiga está o *carozo* ou *carolo*, que durante o verán se usa para facer as brasas coas que se asan as sardiñas ou o churrasco. Tamén cando se mata o porco se usan como tapóns na ferida do coitelo para que non se perda o sangue. Antigamente tamén se usaba como cortiza nas botellas; incluso hoxe segue a usarse como axuda para debullar as espigas.

Feita a colleita lévase para o hórreo. Antes cortábase a planta, cargábase no carro e levábase para a eira; alí poñíase en *medeiros* ou *palleiros* e logo a xente da casa e os veciños, polas tardiñas, sentábanse ó redor dos mesmos a *esfollar* as espigas.




Ese era o momento de contar os contos, de cantar e ata de namorárense algúns mozos e mozas.



**HOTEL **
CRUCEIRO**

**Hotel
Cafetería
Restaurante**

Tfnos.: 986 543 947
986 524 900
Fax 986 524 911
CASTRELO - BOUZA
Cruce Playas del Facho
36639 CAMBADOS (Pontevedra)



PREPARACIÓN DO PAN DE MILLO:


O pan facíase de millo branco, pois o amarelo era de peor calidade. Levábase ó muíño para facer a fariña. Unha vez na casa botábase na artesa (especie de caixón con patas, semellante á salgadeira). Nela peneirábase coa peneira para quitarlle o “ relón “ (fariña mais grosa que logo se lle daba ós animais). A fariña que quedaba aínda se volvía a peneirar coa peneira máis fina para que quedase o óleo da mesma e logo facer as papas para os meniños. Hai algunha cantiga que di:

*E véndelle os bois
E véndelle as vacas
E non lle vendas
A pota das papas.*

Sobre a peneira tamén se fixeron moitas cantigas, algunha como:

*“ E rabea pola peneira
e rabea por peneirar
e rabea por ter amores
e rabea por se casar.*

.....
*Co aro da peneira
Miña nai doume unha tunda
Co aro dunha peneira....”*





Unha vez peneirada a fariña había que amasar. Así, segundo a fariña estivese máis ou menos fina, a auga con sal tiña que estar morna ou moi quente. A este proceso chámasele “*empilla* “ e facíase cunha pa pequeniña. Ó arrefriar a masa botábaselle o fermento (que era unha pouca de masa que se deixaba dunha cocedura para outra e á que se lle botaba sal por riba para conservala 9; tamén se lle mesturaba, se a había, fariña centea ou triga da casa.

Feito isto, amasábase e deixábase a levedar unha ou dúas horas, despois de “*facerlle unha cruz*” enriba e darlle a bendición, que podía ser máis ou menos, entre outras: “*Que Dios te acrecente, ou co demo te rebente*”. “*Bendición de Dios Padre, bendición de Dios Hijo, bendición de Dios Espíritu Santo. Amén.*”

Xa levedado faise primeiro unha bola (pan aplanado), métese no forno para ver se está ben quente. Se é así, sácase unha vez cocida e fanse os bolos e “*enfornase* “ o pan cunha pa grande. Ó cabo de dúas ou tres horas o pan xa está cocido e preparado para comer durante a semana, que era o tempo que ía de cocedura a cocedura.

O FORNO:

É de forma circular, de pedra e tixelos. De pedra son as “cocedeiras”, que tiñan que ser de boa calidade para que non rebentaran coa calor. Antes estaban na cociña, ó lado da lareira; agora fanse fóra da casa, no cuberto e chámanlle a “cociña de fóra”. Quentábase xeralmente con toxos grandes que non servían para estrar os animais. O brasido removíase coa “forquilla”, e, cando xa estaba ben quente (mirábase que as coceduras estivesen ó “rojo vivo”, case brancas), quitábanse as brasas co rodo e logo cunha vasoira varriase e xa se podía enfornar. A porta do forno era de madeira e, para que non perdesse a calor, tapábase con bosta. O pan deixábase no forno e alí se ía por el cando había fame. Algunha vez tamén andaba algún ratiño “peteirando” na codia.



Cando preguntamos ós nosos maiores sobre todo isto que aquí acabamos de contar fixémoslles lembrar uns tempos que non eran de moita fartura, aínda que eles din coma no refrán: “*Con pan e viño, ándase o camiño*”.

Hai que ter en conta que *hoxe en día* o pan de millo está considerado coma un **artículo de luxo**, que “case” só o toman os que antes eran os “señoritos” que daquela non tomaban máis que pan “BRANCO”, ou “PANTRIGO”.

Foi o alimento principal nos chamados “anos da fame” (durante e despois da Guerra Civil) e co millo nesa época tamén se fixo “estraperlo” (ir mercalo a uns lugares para logo vendelo moi caro onde non o había).

Din os nosos maiores que comer os ovos e as sardiñas asadas con pan de millo, o leite ou as empanadas eran para se chupar os dedos.

Hai cantigas que nos lembran o pan de millo:

*Maruxiña, no fornelo
Se é que coces faime un bolo,
Se mo fas, faimo de trigo
Que eu de millo non cho como*

*Heime casar en Sistalto
Que é terra de moito pan.
O forno de miña sogra,
Cría silvas polo vran.*

Para rematar queremosvos deixar unha receita con pan de millo:

BOLOS DO POTE:

Coa auga do cocido amásase a fariña milla con centeo; fáiselle un rustrido de panceta, cebola, chourizo e nébedas e déixase a debedecer.

Con esta masa fanse bolos redondiños e cócense na ola do caldo e logo... ¡A COMER!



RECANTO LITERARIO (Acrósticos) "Praias de Marín"

Por: E. V. Calo

Longa e cosmopolita Praia
A carón do Bueu irmán
Por que terá-lo corazón partido
Ai, raíña do verán!
Marín noivo, noivo do mar
Aínda segue por ti penando
Non te pode olvidar.

Para senlleira unha Praia
Relouco das ondas do mar
A súa beira unha Illa
Illa de rezo e xantar.
Aínda que non son de Marín
Deixádeme hoxe cantar
O día de San Clemente
San Clemente do Mar.
A Beira da Praia, historia
Na Illas vouvos contar
Tivo mosteiro o Santo
O noso Santo do Mar.

Lomba de Areas douradas
Onde o Ríu bica o mar
Indo para a Illa do Santo
Rimeiche estes cinco versos
Ai la le lo, ai la la.

Alfaia de area fina
Garrida e seductora Praia
Ulindo a verde loureiro
E a verdello do mar
Tes no Chilreu os velamios
E no meu bico un cantar.

Marín ten branco areal
Onde fouce se fai o mar
Guía de emblemático lugar
Onde gaivotas e sereas cantan
Romanzas da beiramar.

Praia bela e churrusqueira
Orgullo da Ría Nai
Remadora dos meus versos
Tecedora dos meus sonhos
Ondiñas veñen e van.
Canto eu hoxe os teus encantos
Entrañable areal
Lembro eu hoxe os meus amores
Ondiñas veñen e van.

ADEUS


¿Qué terá a túa Ría
a túa paisaxe que terá,
que terán as túas xentes
¡Vilagarcía "Miña Terra"!
¡Vilagarcía "Noiva do Mar"!,
¡Que terás "Miña Naiciña"!
que hoxe me fas chorar?

Ó deixa-la túas ribeiras para nunca máis tornar
Quero que saibas Vilagarcía
Que sempre te hei lembrar;

Non poderei esquecer
Non poderei olvidar
Esta perla de Galicia
Deitada na beira do mar.

Por seres primeiro berce
¡Meu mariñeiro rimar!
Recibe a garimosa homenaxe
Deste fillo que se vai
Deste poeta agradecido
Que de ti aprendeu a cantar
Tristuras e ledicias meigas
E tamén a namorar.

¿Qué me pasa hoxe Vilagarcía
a pique de me marchar?
¿Qué terás Vilagarcía
que hoxe me fas chorar?



O ILLOTE BOEIRO DAS CÍES E A SÚA SORPRENDENTE FAUNA

Por: Estanislao Fernández de la Cigona Núñez
Ex-membro da Xunta Rectora do Parque Natural das Illas Cíes.

INTRODUCCIÓN

Entre as illas máis descoñecidas que constitúen o arquipélago das Cíes, atópase o Boeiro. E este esquecemento derívase directamente da súa propia inaccesibilidade. Seguramente, ata que nós puxemos o pé nel por primeira vez, en 1981, nunca fora visitado por un naturalista.

Tres foron as veces que estivemos no seu cumio e as tres sufrindo graves penalidades para poder alcanzalo, pois deben ser contadas as ocasións nas que non esta enteiramente rodeado de enormes e perigosas rompentes que impiden o acceso ó máis ousado.(Fig. 0)

NOMES DIVERSOS. SITUACIÓN

Nas cartas náuticas, este rochedo no medio do mar, aparece sinalado cos nomes de Boeiro ou




Fig.0- Mapa que sinala a posición do illote Boeiro nas proximidades da illa do Sur ou de San Martiño (Arquipélago das Cíes)

Agoeiro, aínda que os mariñeiros da ría de Vigo o chaman preferentemente en feminino: Boeira ou Agoeira. Aparece situado por fóra do contorno da illa de San Martiño, a máis meridional das grandes que constitúen o arquipélago das Cíes, pois atópase afastado 0,65 millas (1,2 Km) ó sur verdadeiro de punta Cabaliño, extremo sur-occidental da referida illa. A súa posición xeográfica vén determinada polas coordenadas seguintes:(Fig. 1)

42° 10' 40" N
08° 54' 42" W




Fig.1- O illote Boeiro un día de encalmada coa súa torre baliza de axuda á navegación na parte máis alta coñecida pola Freitosa.

A pesares do amplo canal de máis de 1 km existente entre a illa de San Martiño e o illote Boeiro, onde se chegan a sondar entre 12 e 13 m de profundidade como mínimo, o paso para os buques mercantes é verdadeiramente dificultoso e temerario e ninguén sen práctico a bordo se atreve a pasalo, pois na súa medianía aparecen os baixos coñecidos polos Forcados, que cobren e descubren segundo as mareas e rompen con forte ondada cando se achan enteiramente mergullados baixo as augas, convertendo os días de temporal nun mar fervente a extensión comprendida entre o Boeiro e a illa principal.

TOPONIMIA POUCO ACERTADA

A palabra Boeiro parece derivar directamente de boi. Un boeiro sería, polo tanto, unha terra de bois, un lugar onde aqueles abundan do mesmo xeito que Centoleira é terra de centolas e Mexiloeira de mexillóns. Estamos referíndonos, loxicamente ó boi crustáceo, que leva o nome científico de *Cancer pagurus* e que semella un cangrexo de bo tamaño. Iso, polo menos, pensabamos nós, pero consultada esta aceptación con Gerardo Sacau Rodríguez, foi sen embargo, da opinión que deriva de "budetum" (espadana) e que Agoeiro ven de auga. Sendo, polo tanto, un lugar acuoso, dun xeito parecido a como lameiro procede de lama. É debe ser correcta esta aceptación, aínda que para este caso concreto nada acertada no seu contido porque sendo ben certo que as espadanas nacen nos agoiros, sobre aquel rochedo, practicamente espido, de vexetación non hai espadana ningunha e auga, polo menos doce, tampouco, como non sexa a que se empoza tralas chuvias por ribas das rochas. (Fig. 2)



Fig.2- Fotografía aérea do illote Boeiro, rodeado de rompentes
(Foto de L. J. Lino Pazos)

CARACTERÍSTICAS

Trátase dun rochedo de pouca extensión, a xeito de pirámide truncada, que presenta unha ampla base pero moi pouca altura, constituído exclusivamente por granito de dúas micas, que soamente permite o asentamento de plantas superiores nos escasos lugares nos que existen uns centímetros de terra, depositada entre as fendas das rochas, nos recunchos abrigados do vento e dos rociós salinos do mar que o rodea. O "*Derrotero de la costa NW. de España*" (Tisner, 1966), cando fala del, asegura rotundamente que: "*cuando reinan mares gruesas, las rompientes cubren el islote*", cousa que debe acontecer en máis dunha ocasión durante

os cruceiros invernos nos que se desatan os fortes temporais do sudoeste que azoutan esta parte das illas atlánticas que fan de dique ás ondas oceánicas.

O ILLOTE UN RISCO NA RECALADA DE VIGO

Pola súa situación, no extremo noroccidental da bocana da ría de Vigo e polo afastamento da illa do Sur, o Boeiro e os baixos que o rodean constitúen un serio risco para a navegación, por esta causa e para evitaren no posible lamentables accidentes colocouse sobre a parte máis alta que levanta ata 21 m sobre a superficie do mar, coñecida pola Freitasosa, unha torre ou baliza que ten a figura dun tronco de cono de 6,5 m de altura, pintada en branco e cun colar vermello na parte superior que aparece provista dunha luz desta mesma cor, así como dunha pantalla reflectora de radar para sinala-la súa situación ós moitos barcos que entran na ría viguesa ou pasan fronte a el nas súas viaxes arredor da península Ibérica. (Fig. 3)




Fig.3- Soamente hai unha forma de entrar ou saír do Boeiro: a nado. O autor abandona a illa na visita que lle fixo en data 15 de xuño de 1989, cando atopou restos dun ovo de paíño europeo.

ACCIDENTES E MORTES

Antes, estamos falando de hai medio século, o Boeiro carecía destes adiantos técnicos, polo que sempre se lle considerou como un verdadeiro risco para a navegación. Aínda era eu un rapaz ben novo, pero sen embargo lembro subir ó monte do Castro de Vigo co meu pai levando na man uns prismáticos para poder albiscar como se apiñaban no máis alto da Freitosa ata 35 mariñeiros do pesqueiro Tito. O accidente ocorrera o 27 de decembro de 1949, sobre as 6 da mañá ó quedar o barco sen goberno a causa de enreda-la hélice co aparello de pesca e ser lanzada a embarcación contra o rochedo, como ben recolle o escritor Lino Pazos (2001) no seu coidado libro: "*Naufragios en las Rías Baixas*". Os superviventes permaneceron naquel lugar durante varios días, ante a imposibilidade de ser rescatados debido ás fortes ondas que impedían a súa aproximación. Aquel desgraciado accidente rematou, contra todo prognóstico, con dúas vítimas tan só, cando debido ás adversas circunstancias pola que pasaron os naufragos na cidade olívica esperábase unha auténtica catástrofe. (Fig. 4)




Fig.4- Ovo de paíño europeo fotografado no illote Vilán de Terra polo autor.

AS MIÑAS VISITAS Ó ROCHEDO

A primeira vez que desembarquei no illote Boeiro foi en 1981. Daquela excursión non lembro absolutamente nada por non recoller por escrito as miñas impresións. Oito anos máis tarde volvínovamente o 15 de xuño de 1989. O barco do meu irmán acercoume ó illote, pero deixoume aboiando a uns 50 m do mesmo, debido ós moitos baixos que o rodean por todas partes, polo que tiven que acadalo a nado como puiden. Fun só, sen que ninguén dos que ían na embarcación

se atrevese a acompañarme, pois había que nadar entre rompentes que realmente asustaban. Daquela curta estancia, confirmamos a total ausencia de lagartillas *Podarcis sp.* e leiróns *Ratus sp.* tan comúns noutras illas que conforman o arquipélago das Cíes. Tampouco criaba daquela a gaiivota patiamarela *Larus cachinnans*, nin fomos quen de atopar aniñando calquera outra ave terrestre ou mariña. Sen embargo, naquela visita rápida que lle fixemos, atopámo-los restos dun ovo, de tamaño mediano e de cor branca, tras unhas matas, nunha pequena cavidade e sen niño ningún que o amparase e que adxudicamos á máis pequena das nosas aves mariñas: o paíño europeo *Hydrobates pelagicus* (Fernández de la Cigoña, 1991). Este achado era o primeiro para Galicia, pois ata ese momento ninguén en ningunha parte do noso territorio tiña dado cos paíños criando e nin sequera sospeitaban que tal cousa puidese acontecer. Este achado levantou moitísima polémica, pois poucos por non dicir ninguén acreditou na nosa palabra cando nun congreso de ornitología celebrado na Universidade de Santiago expuxemos publicamente a nosa opinión. (Fig. 5)

As cousas quedaron, pois, como estaban, ata que o 9 de agosto de 1992 fun outra vez ó illote. Esta vez, sen embargo, non ía só. Acompañoume na aventura un xove que por aquel tempo viña comigo ó campo no seu afán por aprender. O meu irmán aproximou a embarcación todo o que puido, deixándonos como a vez anterior aboiando a uns 50 ou 60 m do rochedo. Nadando entre rompentes, xogándonos o tipo e arriscando no abordaxe, xa que non resulta doado asirse das pedras, por esbarrar moitísimo debido ás algas que as cobren, conseguimos, non sen apuros, poñermos enriba, case sen





Fig.5- Atopamos unha furna por debaixo do faro na que tivemos que entrar reptando.



Mesón
MIRO

ESPECIALIDAD EN CALDEIRADAS
Y MARISCOS DE LA RÍA

Calle LA MARINA, s/n.
Teléf. 986 723 511 - PORTONOVO (Pontevedra)

querer e ós rebolos, empuxados pola ondada e mazados polos golpes. Esta segunda visita soamente tiña para min un obxectivo: confirmar ou denega-la presenza do paíño europeo como ave nidificante no illote Boeiro. Esta vez fomos ben fornecidos con lanternas e cámaras fotográficas. Estabamos seguros de que se criaban na illa daríamos con eles e conseguiríamos unha proba irrefutable da súa presenza en Galicia, de xeito que ninguén puidese atribuír aquela cita á fantasía dun ornitólogo demasiado imaxinativo.

A PRIMEIRA COLONIA, CRONOLOXICAMENTE FALANDO, DA NOSA TERRA (Fig. 6)

O illote Boeiro é realmente pequeno. O alto da Freitosa que mantén sobre o seu lombo a baliza que axuda ós navegantes na súa recalada á ría de Vigo, albergaba xa uns poucos niños de gaviota patiamarela cando desembarcamos pola terceira vez, pero os paíños que tanto nos interesaban non estaban á vista por ningures. Buscamos por todas partes ata dar cunha cova que se desliza por debaixo do pequeno faro. Era moi baixa, tanto que había que entrar reptando, coa barriga pegada ó chan e coas costas rascando no teito. As lanternas iluminaron aquelas tebras nunca ata ese momento quebrantadas por luz ningunha e descubriron, nas profundidades máis absolutas, ata oito niños de paíño europeo. Nun había un



Fig.6- Adulto de paíño europeo.



Fig.7- Poliño de paíño europeo pertencente a colonia atopada polo autor na Insua Maior dos Aguillóns de cabo Ortegale (Ortigueira-A Coruña).

poliño pequeno, en 6 un ovo en cada un e en outro un adulto chocando. Por fin o noso ego de naturalista quedou enteiramente satisfeito. Era a primeira das dez colonias que despois descubriríamos nos illotes máis inaccesibles do noso litoral e para chegar a esta conclusión, visitamos tódalas illas dende o Miño ata o Eo ó longo dos últimos anos: grandes e pequenas, habitadas e desertas, accesibles e inaccesibles, e lembrámonos das colonias que descubrimos en: Falcoeiro (Ribeira); Vilán de Terra (Camariñas); O Centolo (Fisterra); A Marola (Oleiros); Gabeiras, Herbosa e Cabalo Grande (O Ferrol); A Insua Maior dos Aguillóns (Ortegale) e por último: O Pé das Farallóns de San Ciprián (Cervo), xa na costa de Lugo. Se antes que nós nunca deran con elas, tampouco, despois de nós ninguén foi capaz de aportar nin unha máis das localidades que fomos descubrindo a partires desta primeira cita do illote Boeiro das Cíes. (Fig. 7)

Antes de marchar do Boeiro, sinalamos cada un dos niños aproveitando pequenas madeiriñas arroxadas pola mar e nunha táboa de maior tamaño cun dos cravos que levaba adheridos, deixamos marcadas unhas poucas palabras para quen viñese tras nosos pasos:



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

"COLONIA DE PAÍÑOS EN ESTUDIO.
¡RESPECTÁDEA!

E. FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA X. MORALES
9-8-1992"

e as nosas sinaturas ó pé, para que nunca máis dubidaran da nosa palabra. E alí ficou, agachada como estaba na escuridade silandeira daquela cova mariña.

AS ETRAÑAS PARTICULARIDADES DESTA AVE PELÁXICA

O paíño europeo é a máis pequena das nosas aves mariñas, pois acada practicamente o tamaño dun gorrión. Non pousa nunca en terra senón é para aniñar. En consecuencia, as súas patas debilitadas non sosteñen o animal erguido e se dobran polos xeonllos de xeito que se apoian nos tarsos para andar torpemente. A súa vida enteira transcorre afastada da costa, na alta mar, alimentándose de plancto e graxa de peixes (de aí o nome de chuchagraxa que lle dan algúns mariñeiros). Poñen un só ovo, sobre unha repisa, agachado nunha cova, sen niño que o protexa. Incuban ambos pais arredor dos 40 días e espaciando as cebas cada vez máis chega un momento que abandonan ó fillo. Este, desesperado ante a fame, sae do seu

burato e se lanza a voar sobre un mar que nunca na escuridade da súa gruta puido sequera imaxinar. E sorprendentemente conseguen, algúns, sobrevivir. Non temen ó home, porque poucas veces se atopan ó longa da súa vida con el, de xeito que non escapan ante a nosa presenza. Puidemos comprobar como cando se achan chocando se lles pode retirar a posta para medila sen que se movan para nada do seu lugar.

UNHA FELICITACIÓN QUE NUNCA CHEGOU

Posiblemente, este achado que estamos a contar foi o acontecemento faunístico máis importante dos últimos anos ocorrido no Parque Natural das Illas Cíes, hoxe integrado no grande Parque Nacional das Illas Atlánticas, sendo a pequena colonia do Boeiro a única existente naquel territorio que hoxe abarca os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, pero a pesaren desta transcendencia aínda estamos a esperar, por exemplo, unha felicitación, escrita ou verbal, tanto daría, do Presidente da Xunta Rectora do Parque Natural das illas Cíes por esta aportación que fixo un ex-membro da mesma Xunta Rectora á avifauna mariña daquel territorio. Hai que lembrar que a declaración, primeiro de Parque Natural e logo de Parque Nacional foi debido, entre outras cousas, ás importantes colonias de diferentes aves mariñas que crían naquelas illas, pero polo que se ve, rematou o presidente o seu mandato en 2002 sen

ter tempo para enviala dende que a descubrimos en 1992 (tivo dez anos para pensalo). Tamén é certo que a estas alturas da vida xa nada nos sorprende e temos coñecemento sobrado de que a envexa, que a ninguén beneficia, sempre foi o pecado capital dos galegos e entre os que se dedican á ornitoloxía parece que este defecto da condición humana está en grande maneira exacerbado.

BIBLIOGRAFÍA CITADA EXCLUSIVAMENTE NO TEXTO

- * Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1991. Cíes y Ons: la ruta de las islas. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). 199 pp. Vigo.
- * Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1993. Tralos paíños da terra galega. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). 144 pp. Vigo.
- * Pazos, L. J. 2001. Naufragios en las Rías Baixas. Edición do autor. 251 pp. Pontevedra.
- * Tisner Fernández, B. 1966. Derrotero de la costa NW. de España desde la Estaca de Bares al río Miño. Instituto Hidrográfico de la Marina. 389 pp. Cádiz.




Fig.8- O autor sostán na man dereita o poliño de paíño europeo que atopou na colonia do illote Boeiro o día 9 de Agosto de 1992.



PANADERÍA - PASTELERÍA
AMADOR

LA GRAÑA
(Ctra. Bueu - Cangas)
Teléf.: 986 321 118
Despacho en Montero
Ríos, 101.
Teléf.: 986 323 120
Bueu



A ILLA DE TAMBO

Por: Ángel García Carragal

Motivo de innumerables lendas, foi denominada como Thalavo, Tanavo e Taambo, aínda que a versión histórica máis crible é a que se asocia ó seu topónimo, ós da raíz latina “Tumulus” ou grego “Tumbos” denominacións ambas que fan que alguén quixera asociar esta peculiar característica para dicir que Tambo é a transformación que o nome Tumba puido ter no tempo.

Evocadora e musa de poetas medievais está envolta en lendas de celestiais e milagrosas aparicións coas que se encheron innumerables páxinas ó longo dos séculos, e aínda que a chegada do home a ela está moi pouco estudada, existen documentos e crónicas cheas de contido histórico que herdamos de personaxes eruditos na materia como Hipólito de Saa ou García de la Riega, quen sosteñen a existencia na illa dun altar pagán como culto ó deus Tameóbrigo, protector dos enfermos e acompañante de defuntos, ou a cita documental do s. XV á que facía mención Barros Sivelo (relevante estudioso da prehistoria galega) nun dos seus traballos dedicados a Tambo, “Fray Manuel de los Ángeles fala: “de la existencia de un templo dedicado a Neptuno sobre el que posteriormente se edificaría un monasterio”. Sen embargo non falta quen opine que a primeira fundación monacal tivo lugar no século VI da man de San Martín Dumienne que levantou na illa a primeira ermida, edificación que sería transformada en mosteiro por San Fructuoso e que permanecería vinculada de por séculos ó convento beneditino de San Juan de Poio, converténdoo estes, máis tarde, en priorado baixo a advocación de Santa María de Gracia, cuxa imaxe foi tirada ó mar nun acto de piratería cometido polo corsario inglés Francis Drake no



seu desembarco na illa en 1589, sendo recollida polos veciños de Combarro e depositándoa na súa ermida da Nosa Señora da Renda.

Dada a súa situación nunha das máis privilexiadas rías de tódolos océanos, Tambo goza dunha especial e benigna climatoloxía, que lle permite manter unha flora composta por inmensas zonas inzadas de piñeiros e eucaliptos e unha fauna formada por gaivotas e coellos. O seu perímetro

costeiro é duns 4 km aproximadamente, no que nos podemos atopar con algunhas praias, como as que se coñecen por: Area da Illa e Adreira, ás que é imposible acceder polo control e vixilancia que sobre elas mantén a Escuela Naval Militar propietaria actual de Tambo; e accidentadas “puntas”, como punta Corveira, dende a que se estende un gran areal ata a costa de Combarro que puido ser camiño de comunicación a pé coa illa para os monxes do Mosteiro e demais veciños

de Poio, e punta Tenlo Chico na que está situado o faro.

RECHAZO Ó LAZARETO

No seu interior, como camufladas entre a súa flora, atópanse dous ruinosas edificacións vestixios de sendas construcións que no seu día albergaron o Hospital de Infestados e a Penitenciaría Militar, que é obrigado citar cada vez que se fala da historia da Illa de Tambo, polo singular de cómo pasaron a formar parte da mesma e os motivos que xustificaron alí a súa colocación. O auxe e importancia que adquirira o Porto de Marín a mediados do século XIX convertérono en escala obrigada de liñas transatlánticas, sendo visitado por buques dos máis diversos países do mundo, todo elo xerado polo cada vez

maior tráfico portuario que se mantiña por mor do intercambio comercial con países de ultramar.

Esto fai que as autoridades de acordo coa Convención Internacional de 1837 se vexan na obrigación de erixir preto do porto un lazareto para corentena de tripulacións que puideran padecer enfermidades contaxiosas e para elo pensaron que a Illa de Tambo sería lugar apropiado para o emprazamento do oportuno hospital, porque, como moi ben se recollía en crónicas daquelas datas *“no tiene España en el mar que baña su península isla que reúna mejores condiciones para esta clase de establecimientos”* (J. López Otero ano 1900) o cal unha vez construído entra en servizo en 1865 permanecendo en funcionamento ata 1879, ano no que se clausura por preocupación manifestada polos pontevedreses que se sentían gravemente molestos polas repercusións que entre a poboación da capital puideran ter as enfermidades *“tropicais”* das que parecían ser portadores as tripulacións dos buques que atracaban no porto marinense.

A situación provocada polas protestas das xentes de Pontevedra fixo que o lazareto se trasladase á illa de San Simón na Ría de Vigo, con o cal comeza a decadencia do Porto de Marín ó ter que desviar o movemento portuario que se viña mantendo con países de ultramar cara ó porto vigués onde se aproveita moi ben esta ocasión para gloria do seu apoxeo.

A illa de Tambo aparece rexistrada na súa historia como pertencente ó Mosteiro de Poio, no privilexio do conde don Ramón, ano 1105, como nolo recorda o historiador Hipólito de Saa, así como na posterior doazón feita pola raíña dona Urraca, no ano 1116, ó abade Fromario. Tamén o pai Sarmiento cita en diversos documentos que observou no arquivo das clarisas de Pontevedra, nos que se detallan varias doazóns efectuadas ós ermitáns que vivían na illa de Tambo e ós que el chamaba relixiosos de Nuestra Señora de Gracia pola capela que alí existiu. A finais do século, mentres Vigo crecía, Pontevedra durmíase e lamentábase

de que o Estado lle dera as costas en canto a inversións públicas se refire, vendo cómo os pobos de inferior categoría, sen historia nin orixes, *“roubábanlle canto de grande e florido tivo en épocas remotas”*.

As autoridades *“choraban”* e demandaban unha concesión oficial que permitise realizar calquera tipo de obra pública coa que poder xustificar ante os seus cidadáns o cometido político que viñan exercendo, e é así como no ano 1889 a Corporación Municipal de Pontevedra acolle con grande interese en sesión plenaria do 6 de marzo de aquel mesmo ano, unha iniciativa do entón gobernador da provincia, D. Rafael Sarthou, de solicitar ó Ministro da Guerra o establecemento dunha Penitenciaría Militar en



Pontevedra dadas as múltiples vantaxes que aquela obra reportaría á provincia e á capital en particular, contando para elo coa colaboración dos ilustres pontevedreses Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Ríos e D. Valentín García Escudero, quen despois de adquirida, trala exclaustración da propiedade ó Mosteiro de Poio, unha parte da Illa de Tambo, e recordando como en anos antes existira alí unha construción similar, poñían a disposición da iniciativa os terreos necesarios para sacar adiante a citada proposta.

PANADERIA



CAFETERIA

PANNES

Sezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

¡PÍDANOS PRESUPUESTO!

Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio

PENITENCIARÍA MILITAR

E dese xeito o concello capitaliño pon a disposición do Ministerio da Guerra tales terreos, *“fundándose no xeneroso desprendemento que á súa vez fixeron á Corporación Municipal os principais donos da illa Sr. Montero Ríos e D. Valentín García Escudero”* (D. de P. 22 de xuño de 1889) facendo notar no informe as extraordinarias condicións naturais que para o caso reunía a illa de Tambo e o 9 de maio daquel mesmo ano, o Ministerio da Guerra atendendo ó solicitado ó tempo que ó ofrecido polo concello de Pontevedra, dispón que unha comisión reconecese *“in situ”* a illa e as súas características resultado do cal a emisión dun dictame tan favorable que oito días despois, concretamente o 17 do mesmo mes e ano, publícase la R. O. Aceptando a proposta municipal e dispoñendo o levantamento de planos e a confección do proxecto de creación dunha Penitenciaría Militar.

A noticia chegou a Pontevedra poucos días despois e con tal motivo o alcalde Sr. Martínez Casal *“inspirándose na ledicia e nos desexos manifestados por toda clase de persoas sen distinción nin matices políticos”* convoca na tarde – noite do día 22 de xuño á súa Corporación Municipal, a diversos representantes sociais e á prensa para darlles

conta da Real Orde e agradecer o desprendemento e interese dos doantes dos terreos, acordándose enviar telegramas ó Ministerio da Guerra, a D. E. Montero Ríos e ó Capitán Xeneral de Distrito de Galicia, baixo o seguinte texto: *“Ayuntamiento, autoridades, prensa y presidentes de sociedades le envían expresión sincera de gratitud por su eficaz gestión establecimiento penitenciaría en isla de Tambo”*, mentres que paralelamente e en sinal de alegría a banda de música do Hospicio percorría as rúas pontevedresas tocando un alegre pasodobre que servía de anuncio da boa nova.

Pola súa parte os periódicos que se editaban na localidade e que estiveron presentes naquela reunión facíanse eco ó día seguinte da tan importante noticia. De entre eles hai que destacar a: *“La Justicia”* (Indalecio Armesto); *“El Anunciador”* (Fernández Soler); *“El Diario de Pontevedra”* (Sr. Ulloa) e *“El Ciclón”* (Sr. Peña).

ESCUELA NAVAL

Coa chegada da Escuela Naval Militar a Marín (ano 1943) a illa cambiou de destino e converteuse en arsenal e almacén de pólvora e incluso na década dos anos cincuenta houbo un intento de construír alí unha pista de aterraxe para avións militares.



A Escuela faise cargo da súa vixilancia e impide o acceso do que durante séculos viñan usufrutuando os veciños dos distintos puntos da ría quen aínda hoxe recordan como ata principios dos anos corenta, era tradicional viaxar en dorna, lancha ou piragua ata a illa de Tambo e alí, bañarse nas súas praias, beber da auga das súas fontes ou gozar da sombra dos seus piñeirais.

Na actualidade e xa metidos en pleno século XXI, a illa maxestosa e evocadora de Tambo segue en mans do Ministerio de Defensa adscrita ás instalacións da Escuela Naval Militar de Marín e é motivo de fortes reivindicacións para que as súas praias e bosques volvan a ser de uso e aproveitamento de todos.




Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483



A PROPIEDAD DA ILLA DE ONS "O CABIDO CATEDRALICIO" "CARTA DE HIPÓLITO DE SA BRAVO"

Por: Celestino Pardellas de Blas

Dende que decidimos o sacar a revista AUNIOS, quixen debullar nela unha das características máis importantes da comunidade da Illa de Ons, a antropolóxica-etnográfica.

Durante case 30 anos recompilei unha chea de datos que falan de costumes únicos cunhas peculiaridades difíciles de atopar noutros puntos de Galicia. Nos últimos números toquei o tema da Santa Compañía, dende distintos puntos de vista, e para este nº 7 tiña pensado rematalo explicando os xeitos que empregaban para combatela ou defenderse dela.


Por mor dos últimos acontecementos xurdidos en Ons, como é a declaración de Parque Nacional xunto coas Cíes, Sálvora e Cortegada e pola polémica xurdida cos antigos donos e veciños pola súa propiedade, considerei interesante aportar neste número unha serie de datos que poden servir para deixar unha porta aberta a unha mellor investigación sobre este escuro tema da propiedade.

PRIMEIRA DOCUMENTACIÓN

Salustiano Portela Pazos¹, fálanos, como primeiro dato histórico coa súa conseguente documentación, da doazón perpetua que no ano 899 fai o rei Alfonso III, o Magno, ó Cabido Compostelán con motivo da solemne consagración do templo catedralicio que el mandara edificar arredor do

¹Salustiano Portela Pazos, "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons", Cuadernos de Estudios Gallegos. Nº IX. 1954. Magnífico traballo que serve como índice para unha investigación máis completa sobre a historia da Illa de Ons.

sepulcro romano do Apóstolo Santiago. Dita doazón foi confirmada en anos posteriores por privilexios de Ordoño II, Ramiro II e Alfonso V.



Laxe do Crego. Conta a lenda que nela estivo soterrado un monxe.

Cómpre pararnos aquí e mirar, como un punto importantísimo de estudo, o xeito coa que foi doada, é dicir, como Feudo Perpetuo. É interesante ter unha idea xurídica clara sobre este concepto, pois é moi estraño, e puido dar pé a irregularidades posteriores, que un feudo perpetuo da igrexa pase, séculos máis tarde, a mans privadas. Podemos estar ante unha primeira lagoa xurídico-legal que conviría investigar, estudar detidamente e clarexar, pois de aí, case con toda seguridade, coñeceríamos a verdadeira propiedade legal da Illa de Ons que deu, e aínda esta a dar, serios conflitos xurídicos. A falla de estudos serios e concretos sobre a Illa de Ons, fai que existan uns séculos escuros que van dende a doazón citada ata o século XVI, no que a señorial casa de Montenegro considérase dona da Illa, por mor dun "convenio verbal" fechado con día 23 de

setembro de 1520; do que Portela Pazos, ó respecto apunta: "*... duda e inquietud debían éstos sentir respecto a la licitud de la supuesta pertenencia...*" que realizan unha serie de trámites de dubidosa legalidade, (de novo apunto que se deberían investigar e clarexar debidamente), cos que se volve a conceder a Illa de Ons en Feudo Perpetuo, neste caso ó bisneto de Tristán de Montenegro, don Antonio Sarmiento Montenegro.

COLABORA:

CONCELLO DE BUEU



Curiosamente, noutro apartado, Portela Pazos tamén expresa: “ ... la Corporación catedralicia, en siglos de frecuentes inquietudes señoriales compostelanas, con las consiguientes derivaciones en la vida capitular, sin renuncia de legítimos derechos, hubiese incurrido en lamentables negligencias de administración y usufructo de terrenos tornados incultos, aprovechados, tal vez, por quienes, dueños de posesiones territoriales en la costa les agregaron las de cercanas islas, con títulos más o menos colorados”.

Co fin de acadar máis información ó respecto desta etapa (1019 doazóns ó Cabido – 1560 doazón á familia Montenegro) e debido a que o propio Portela engade : “Años y siglos corrieron desde entonces, hasta la decimasexta centuria, durante los cuales carecemos de datos fidedignos y concretos referentes a la forma y modo con que el Cabildo catedralicio hizo uso del derecho de pertenencia y usufructo de la mencionada isla de Ons, ni aun de la realidad de haberlo ejercitado de continuo...”; púxenme en contacto con Don Hipólito de Sa Bravo, estudioso e perfecto coñecedor do Monacato en

Galicia quen, na súa primeira carta ofrece unha chea de datos que coido interesantes para comezar a pescudar seriamente e chegar a conclusións claras sobre este escuro tema.

Co fin de que poda servir como un índice de posterior estudio, paso a poñer integramente a primeira carta recibida:

CARTA DE HIPÓLITO DE SA BRAVO² (1994)

“Con certo atraso contesto a túa carta do día 4 do pasado mes de xuño, pois chegou a Vigo estando eu ausente, e despois o enredo dunhas conferencias en Vigo e en Caldas e o barullo da Medalla Castelao con entrevistas, charlas e convivencias, que me roubaron moito tempo e a quietude necesaria para contestarche. Agora, algo máis desafogado, tratarei de responder á túa de xeito exíguo, pois fai anos escribín unha reportaxe sobre o tema, que tal vez repita, pois antes de agora xa me preguntaron o mesmo.

Como afirmación clara e terminante temos que admitir

que non temos probas documentais en que apoiar a existencia dun Mosteiro nas Illas de Ons, como as temos a favor dos Mosteiros das Illas Cíes, Tambo, Arousa, coelleira e San Simón, sen descartar que nas Illas de Ons, viviron monxes benedictinos da Recolectión que se reunían na igrexa ás horas dos divinos oficios.

Citas na túa carta a doazón que da Illa fixo o rei Alfonso III á Igrexa Compostelá, doazón na que menciona a igrexa de San Martín da mesma Illa e que posteriormente o rei Ordoño II confirmou, no ano 911. López Ferreiro, no tomo II da súa H.S.M.I.S. Apéndices XXV e XXX, publicou o texto destes privilexios. Agora ben, parte dos bens que tanto Alfonso II, “El Casto”, como os seus sucesores, doaron á



Mosteiro de San Martín Pinario

igrexa de Santiago, pasaron ós Mosteiros de San Martín e San Pedro de Antealtares, ó quedar os mencionados mosteiros separados da igrexa de Santiago, pois inicialmente os Benedictinos de San Martín Pinario, na igrexa da Corticela, e os de Antealtares, nas capelas centrais do deambulatorio, foron os primeiros que atenderon e sostiveron o culto no templo de Santiago, nas primeiras décadas que seguiron ó descubrimento. A separación destes Mosteiros da catedral supoñía unha mingua nos seus ingresos, e isto llo compensaron os prelados con determinadas doazón. Na lista Sisnado, Diego Peláez, na súa estudiada concordia co Abade Fagildo, e sobre todo Gelmírez, segundo lemos en La Compostelana. Esta compensación trouxo o que algúns dos bens pertencentes por doazón real á igrexa de Santiago pasasen á xurisdicción do Señorío do Mosteiro de San Martín. Entre estes bens menciónanse algunhas illas e entre elas a de Ons. Como pertenza do Mosteiro de San Martín estivo atendida por monxes, que se retiraban a ela en calidade de ermitáns. Estivo vinculada ós monxes de Calogo e despois ós de Ermelo. Despois da reforma monacal do século XV, na que

²A carta orixinal está escrita en castelán, eu tomeime o atrevemento de traducila ó galego para non perde-lo fio do artigo. -

o Mosteiro de Calogo pasou a ser o Priorado de Vilanova, dependente de San Martín, e o de Ermelo a Priorado de San Juan de Poio, quedando a freguesía vinculada ó Priorado de Ermelo, sendo atendidos os fieis da illa por un monxe ou por un sacerdote designado por eles, sen que faltasen os monxes que como ermitáns retirábanse ás soidades da Illa, para vivir como ermitáns, modalidade que impulsou ó Capítulo General da Congregación de Valladolid a transformar o Mosteiro de poio en Casa de Recolección, dada a facilidade que ós monxes recolectos se lles ofrecía para retirarse ás Illas de Tambo, San Simón e Ons.

Noutra ocasión citei a solicitude presentada ó General da Congregación por uns monxes recolectos, no século XVIII, que desexaban fundar unha Casa de Recolección nas Illas de San Simón, independente do Mosteiro de Poio, solicitude que foi rexeitada, pero entre os solicitantes figuraba un monxe recolecto que con outros vivía na Illa de Ons: Petrus monacus qui in Ionis insula cum fratribus degentibus ...



Praia das Dornas.
Enriba á esquerda, antigo almacén e posterior fábrica de salga. 1960

Todo isto explica as doazóns a que fai referencia o P. Sarmiento na súa Viaxe, editado por Pensado. Aparte hai que ter en conta as modificacións que nos dereitos e independencia dos Señoríos introduciron os Reis Católicos, modificacións que afectaron sensiblemente ó amplo Señorío da igrexa de Santiago, dos Arcebispos e de San Martín Pinario, pois os dereitos xurisdiccionais dos Señoríos quedaron supeditados ós Derechos Reales ou de Realengo, o que facilitou que en tempo de Felipe II bens que eran de Abadengo pasasen a ser de Realengo, como sucedeu coas Illas de Ons. Agora ben, todo isto non tivo repercusións nos dereitos relixiosos, pois o Mosteiro de San Martín seguiu mantendo os seus de presentación en todas as

freguesías que pasaran á súa xurisdicción non séculos XI e XII, segundo encontramos nas Memorias do Cardenal del Hoyo, ano 1607.

Para o estudo deste tema é preciso consultar sobre todo os libros de autores metidos na Historia Eclesiástica. Cito para isto, en primeiro lugar a López Ferreiro, na súa obra sobre la S.M.I.S. ; La Compostelana que no libro I cap. 103, páx. 193, Santiago, 1950, menciona ás Illas de Ons, e inclúe os comentarios do P. Campelo, que preparou a edicións; as Memorias da Diocese de Santiago do Cardenal, Gerónimo del Hoyo, editadas polo Seminario de Estudos del P. Sarmiento; de doada consulta os meus libros: El Monacato en Galicia, dous tomos, Librigal, 1972, e as miñas Monografías, Everest, León, Colección Ibérica, San Martín Pinario e Mosteiro de San Juan de Poio, sen esquecer o que o P. Yepes publicou na súa obra sobre os Benedictinos, aínda que silencia algunhas fundacións de Galicia.

Con todo non descarto o embrollado do asunto. Na doazón do rei Alfonso III menciónase a igreja de San Martín na Illa de Ons, igrexa que o P. Argaiz, na súa Soledad Laureada, considera e ten como fundada por San Martín Dumienne, evanxelizador dos Suevos, que foi destruída polos agarenos e normandos, que asolaron as costas galegas, como se di na Compostelana, pero o padroado de San Martín




Ruínas da fábrica de salga e posterior vivenda do último dono da Illa Didio Riobó.

quedou na igrexa do pobo: San Martín de Bueu, e na Illa levantouse outra baixo a advocación de Santa María, que é a mencionada nas Memorias do Cardenal del Hoyo. E actualmente Álvarez Limeses menciona a igrexa dedicada a San Joaquín, sen que saibamos nada da de Santa María, ó menos nas reseñas que se fan das Illas de Ons.

Punto aparte merece a afirmación sobre a pertenza da Illa ó Cabido ata o século XVI e sobre todo a concesión á

familia Montenegro polo Arcebispo Gaspar de Zúñiga, porque non se aveñen ó apuntado anteriormente, aínda que non dubido que se trata de afirmacións, divulgadas en libros xa publicados, sen pensar que son contrarias ó que se di nas probas documentais que se poden aportar.

Sen molestarte máis, quedo á túa disposición para seguir tratando o tema en momentos máis tranquilos para min.”



Actuais veciños traballando as terras. 1978

Hipólito de Sa déixanos, nesta primeira carta, unha chea de portas abernas nas que podemos meternos para pescudar sobre o uso que a igrexa compostelá deu á Illa, pero, en especial, para un mellor coñecemento sobre o polémico tema da propiedade.

Non quero rematar este sumario de datos sen aportar o último, seguindo de novo a Portela Pazos, onde a igrexa compostelá, de novo, tivo moito que dicir en favor da súa titularidade.

Corría o ano 1810, transcorreran 663 anos dende que despois de doada ó Cabido (ano 899) pasara a mans particulares dun xeito pouco claro (1562). E 248 anos (1562-1810), teoricamente en mans privadas con numerosa documentación escrita (expedientes, requisitorias, autos, querelas, nomeamentos,..., e pasos continuos en herdanza.

Neste ano (1810) a administración, por aquel entón “Junta Provincial de Armamento e Defensa de la Provincia de Santiago”, ante a difícil situación creada polo conflito da ocupación francesa en Galicia e España e como medida de prevención, acordou que Ons fora repoboada e se realizasen nela obras de defensa contra posibles incursións marítimas.

É aquí cando, curiosamente, despois de 248 anos en “posesión particular”, a Junta, sen embargo, diríxese ó Cabido compostelán co fin de poñer claro a quen correspondía o dominio directo da Illa para que contribuíra economicamente nas obras de defensa.

O Cabido despois de estudar a súa documentación, contesta dicindo: “...*Enterado el Cabildo del oficio de V.S.S., fecha 30, ha determinado reconocer los papeles de su Archivo y por Privilegios y Confirmaciones Reales resulta que la Ysla de Ons, en toda propiedad y señorío, corresponde al Cabildo, sin que exista la menor noticia de que haya sido cedida ni enagenada a ningún otro particular; antes bien en la tripartita celebrada entre el Cabildo y la Dignidad Arzobispal en el año 1228, resulta que dicha Ysla no fue comprendida en ella*”.

Ante este argumento de la Tripartita, Portela Pazos aclara: “...*Fue la <Tripartita> una concordia entre el arzobispo don Bernardo II y el Cabildo catedralicio para fijar de manera definitiva las propiedades territoriales que respectivamente les correspondían o las porciones en las comunas. La no inclusión de la Isla de Ons en ella es aquí interpretada por el Cabildo como de pertenencia exclusivamente suya. De donde se sigue que el foro concedido á familia*

Montenegro (1562) por sólo el Arzobispo adolecía de un vicio de origen a juicio de los señores Capitulares” (Dato moi importante tamén a estudar e ter en conta para unha mellor aclaración da propiedade).

O Cabido deu permiso ata coa posibilidade de que as persoas que se achegaron para traballar puideran mercar terras cultivables (famosas Accións de Primeira Clase) e con elo poder sufragar os gastos de fortificación. Así o fai saber en escrito dirixido á Junta de Armamento. “*El Cabildo en las actuais circunstancias no se halla en disposición de ejecutar obras de fortificación y..., por los excesivos dispendios y contribuciones que ha sufrido, pero considerando la utilidad de este establecimiento... a la defensa de la Patria, accede gustoso a permitir a las personas que lo soliciten y contribuyan ... (Accións de Primeira Clase)... solo con la obligación de que los nuevos moradores reconozcan el Señorío de ella con un moderado canon..., reservando el Cabildo alguna porción de aquel terreno para construir algún edificio para los fines que convengan...*” (Interesantes estes documentos para aclarar unha posible propiedade dos antepasados dos hoxe veciños e que veñen reivindicando dende hai anos).

Nese tempo, decatáronse de todo o que estaba a acontecer en Ons, os descendentes-herdeiros da familia Montenegro e comeza aquí unha serie de querelas entre a Igrexa, que se consideraba histórica e documentalmente propietaria, e Manuela Correa Yebra (como titora do seu fillo que era, segundo ela, ó que lle correspondía a propiedade da Illa por herdanza).

Mentres tanto, a fortificación non se levou a cabo ó non representar xa os franceses un perigo, pero os conflitos xurídicos pola propiedade continuaron varios anos, entre a Igrexa, os herdeiros da familia Montenegro e ata tamén se sumaron os testamenteiros dun personaxe que chegara a Ons como Capataz das obras de fortificación e que, tamén por motivos pouco claros aínda que coidamos que poderían ter que ver coas anteditas Accións de compra de terreos que se venderon para sufragar as obras, exercían e preiteaban como supostos donos.

Os preitos sucedéronse; aquí de novo temos un punto importantísimo de investigación para coñecer de preto a diferente documentación aportadas polas partes en litixio. Tamén para coñecer a existencia legal desas famosas Accións de Primeira Clase que poden dar pé a posesións lexítimas dos hoxe veciños e por último saber o final de todo o episodio xurídico se é que houbo sentenza final, o que dubidamos moito, xa que pode ser que non se chegara a unha sentenza firme, pois segundo relata Portela : “ ... *el 7 de marzo de 1836 es la ley por la cual se declaran en venta todos los bienes raíces, de cualquier clase, que hubiesen pertenecido a comunidades y corporaciones religiosas, y del 1 de junio del mismo año la más extensa, por la cual todas las propiedades del Clero secular y regular, catedral, colegial y parroquial se declaran bienes nacionales, y se asignaban a la <contribución del culto y Clero>. En situación tal ya no interesaba al Cabildo catedralicio defender, como propios de su iglesia, bienes que quedaban declarados del Estado. Y por más que el alegado derecho de doña Joaquina Montenegro sobre la Isla no se presentaba muy claro, ..., adolecía, as juicio de la Corporación capitular, de vicio de origen,...*”

A igrexa o tiña todo ó seu favor pero desiste disto xa que, aínda ganando non ían aproveitar para a igrexa pertenzas que as leis desamortizadoras lles privaban.

Estas circunstancias fixeron que a familia Montenegro seguira exercendo como donos continuando cunha propiedade “lexitimamente escura” que chega ata os nosos tempos; pasando por unha Sociedade

Mercantil (1929); unha expropiación (1943); o paso a diferentes organismos estatais (1960 – 2003); e que agora se atopa en litixio de novo coa familia Riobó, última “propietaria” por compra ó Marqués de Valladares, por causa da expropiación ó non cumprirse os motivos desta.

Aquí temos un mundo de portas abertas para unha verdadeira investigación. A administración ten nas súas mans os datos suficientes para aclarar unha temática tan confusa que hoxe tantos problemas lle está a traer.

CONCLUSIÓN

Hai unha documentación clara a favor da igrexa dende o ano 899. A igrexa, segundo podemos ver, fixo uso desa propiedade durante séculos. Hai uns intres escuros, sen documentación clara, na que Ons pasa a mans particulares. Aínda que existe documentación, non hai datos claros que expliquen que esa propiedade se levara a cabo por parte dos que rezan como propietarios. Só, cando a “Junta Provincial de Armamento”, necesita facer uso da Illa, aparecen os conflitos. A día de hoxe aínda non está claro o tema da propiedade, pero, sen embargo, os herdeiros do que rezaba como último propietario, o Sr. Didio Riobó, gañan o preito á propia Xunta de Galicia. E para rematar, están os veciños, verdadeiros propietarios históricos, que fixeron nos últimos douscentos anos e no máis triste illamento e esquecemento que unha terra erma se fixera productiva e que o seu mar sexa o máis rico da costa galega.



Forno comunal, preto do faro. 1958



LENDARIO DA ILLA DE SÁLVORA

Por: Javier Fernández Soutullo

As illas, e por conseguinte todo que teña relación con elas, dende os albores das civilizacións, están envoltas nun feixe de misterios, lendas e costumes que lles outorgan a cada unha delas unha propia identidade e por tanto, establécese unha relación directa cos seus habitantes.



OS MARIÑOS

Naqueles afastados tempos do feudalismo, alá polos séculos XIII ou XIV, existiu un home chamado Froyaz e moraba nun castelo. Era relativamente novo e solteiro, afeccionado á arte da caza. Tiña por costume pasearse a lombos do seu cabalo por todo o seu territorio case a diario.

Unha desas mañás, nun dos seus paseos preto da costa, divisou o corpo dunha muller moza que parecía durmida e estaba núa. Non se lle miraban ben as pernas porque unhas pedras tapaban a visibilidade.

Cheo de curiosidade foise achegando ata que descubriu que se trataba dunha fermosa serea. Esta espertou e intentou fuxir pero o nobre conseguiu retela. De seguido chegaron escudeiros do conde. Un deles quitouse o seu tabardo e cubriuna; puxérona a lombos dun cabalo e levárona ó castelo de don Froyaz o cal, engaiolado da súa beleza, quixo casarse con ela.

Xa instalada no castelo, vestida como lle correspondía e atendida por varias criadas, don Froyaz fíxoa bautizar e, como saíra do mar, pensou que un bo nome sería Mariña así que este foi o seu patronímico.

Dona Mariña era muda. Non sabía falar e o seu home, a pesar de tódolos intentos, non conseguía facela falar, cousa que o cabreaba e o deixaba triste.

Un tempo despois naceu o seu primoxénito. A nai acariñábao, bicábao e queríao coma unha tola, pero non lle podía falar polo que case sempre terminaba por chorar.

Chegou a noite de San Xoán e como era costume, no patio de armas do castelo predeuse a tradicional fogueira. A Froyaz gustáballe moito contemplar ós seus vasalos e veciños gozar da festa. Dona Mariña, que nunca presenciara o espectáculo, estivo alí, levando en brazos ó seu fillo. Nese intre, con rapidez de movementos, don Froyaz arrancoulle o neno á súa nai e fixo un amago de tiralo ás lapas da fogueira. Espavorecida, dona Mariña ergueuse e soltou un berro estremeecedor : ¡Fillo!, e co esforzo botou pola boca un anaco de carne e, de seguido, comezou a falar.

Dende ese instante todos choraron de emoción e ledicia. A festa foi a máis e, en recordo desa data, o neno chamouse Xoán. Estes descendentes dos Mariños aínda hoxe son os donos da Illa de Sálvora.

O HOME DE SAGRES

O home de Sagres e o Falcoeiro quixeron ter amoríos coa Forcadiña. Os dous xigantes sempre pelexaban entre eles. Nunha destas o Home de Sagres, máis grande e forte, deulle unha pancada ó Falcoeiro mandándolle as queixadas preto do lugar no que estaban a pelexar. Naquel duro enfrontamento Sagres partiulle a lingua en sete anacos e as moas do desafortunado Falcoeiro foron a dar ó Carreiro mentres que os cabeiros foron parar fóra dos Prexeiros. Despois da loita o Home de Sagres deu volta e púxose a descansar.

Esta lenda, contada aínda hoxe polos vellos mariñeiros das terras de Aguiño, ten a súa expresión na proliferación



de rochedos e illotes que abundan na zona. Xunto ó Home de Sagres, o Falcoeiro e a Forcadiña, conviven: As Sete Linguas, as Moas, Os Canteiros, As Queixadas e Os Prexeiros.

AS LOITAS

Non é esta a única lenda que existe sobre Sálvora e os seus arredores, xa que as caprichosas formas dos illotes que arrodean a maior das illas descritas foron aproveitadas pola sabedoría popular para ver nelas figuras humanas e de animais que deron pé a historias de encantamentos e feitizos. O escritor latino Aveiro, no século IV dC., no seu poema xeográfico “Oda Marítima”, fálanos de que os habitantes do litoral atlántico, os Oestrimnios, foron expulsados das súas terras por unha invasión de serpes, símbolo dos Saefes, un pobo céltico que dominou o noroeste peninsular a partir do século IV a. C.

Así conta a tradición que os Saefes chegaron para invadi-las terras dos Oestrimnios pero non contaban co feitizo que ameazaba a todos aqueles que viñeran a loitar cos do Barbanza e que convertía en pedras ós atacantes.

O xefe dos Saefes tomou como dona a Forcadiña, filla do primeiro rei dos Oestrimnios, coa intención de arranxa-la invasión dun xeito pacífico. Desa relación naceu Noro pero logo as primeiras desavinzas levaron a que os

xefe converteuse entón no Home de Sagres.

Don Ramón Cabanillas, o poeta cambadés, recolleu na súa obra “Na noite estrelecida” a tradición máxica que Sálvora e as súas fillas espetan na mitoloxía galega, ata o punto de cualificalas como lugares sagrados da nosa terra.

O MIRAGRE DE SANTA CATALINA

Conta a lenda que a Santa, fuxindo dos seus perseguidores, abriu unha cova que unía a illa de Sálvora con terra firme. Outros din que a cova da Virxe enlazaría coa cova de Salvareiros que se sitúa na parte oeste da Illa.

É crenza xeral que esta cova, situada preto da fonte máis importante de Sálvora e coñecida antigamente coma da Telleira e logo rebautizada como Fonte de Santa Catalina, comunica co continente.



Entre os vellos corre a historia de que na cova ceibáronse unha cabra, un can e un galo, e que os dous primeiros apareceron nun punto da costa. Do galo nunca se soubo.



CORTEGADA, UNHA ALDEA ABANDONADA DENDE O ANO 1907

Por: Lino J. Pazos Pérez

Vai para 96 anos que os primeiros veciños da aldea emprazada na Illa de Cortegada comezaban a abandonar as vivendas que habitaran os seus maiores durante séculos, saíndo cara a un desterro pactado entre os señores da Comisión, presidida polo *Sr. Poyán*, e os representantes dos veciños, entre os que figuraba o alcalde do Concello e o párroco da igrexa de Santiago de Carril, co fin de doarlle a insua ó rei de España, *Alfonso XIII*.

Todo comezou un determinado día do ano 1906 cando un grupo de prebostes da comarca arousá (despois uniríanselles mecenas de boa parte da provincia de Pontevedra e incluso de fóra dela) deciden formar unha Comisión para estudar a posibilidade de que, coa mellor intención, a alta sociedade española puxera os seus ollos neste recuncho galego co fin de atraer turismo de elite, o mesmo que sucedera en Santander e San Sebastián ó instalarse nelas os Pazos Reais.

A corte tiña ó seu arredor unha gran cantidade de xente das altas clases sociais, que se movían a impulsos


do que mandaba a moda, e se os reis viñeran cara a Galicia, de seguro que o negocio, amortecido neses escuros anos posteriores á guerra de Cuba, se vería impulsado e favorecido.

Unha vez articulada a Comisión e consultadas en Madrid as posibilidades de que a súa Maxestade aceptara a doazón que se lle pretendía facer no nome da bisbarra arousá, comezou o labor de captación dos cartos necesarios para adquirir as propiedades na Illa, a sabendas que sería moi difícil que os veciños se negaran ante semellante oportunidade histórica.

Pero a cousa non foi doada, e algún propietario negouse en redondo a vender as súas

propiedades nos prezos acordados pola Comisión, polo que as xestións se foron prolongando.

Por fin o 19 de agosto de 1907, despois de moitos contratemplos e algún que outro floco legal sen solucionar, chegou o día no que o representante do monarca, xunto



cos membros da Comisión, estamparía a firma pola que a Illa de Cortegada pasaba á propiedade de *Alfonso XIII*, rei de España.

A firma realizouse ó pé mesmo da ermida da Illa que, xunto ás ruínas do antigo Hospital de Peregrinos, lle daba ó acto unha auréola de misticismo. Arredor da pequena igrexa, a única das construídas sobre terreo

a Illa de Cortegada, a cada familia construíuselle unha casa no continente, vivendas que aínda resisten o paso do tempo.

A frustrada operación, destinada a que os monarcas levaran na Illa un pazo de verán, Alfonso XIII soamente a pisou nunha ocasión, custou unha chea de



insular en Galicia, que ten na súa fachada principal o escudo nobiliario do arcebispo de Santiago de Compostela, *Excmo. Señor D. Fernando de Andrade y Soutomaior*, congregáronse a maioría dos veciños, así como numerosos curiosos, que non querían perderse esa data histórica para Carril e a súa comarca.

A autenticación das firmas correu a cargo do notario do Ilustre *Colexio da Coruña*, don *José Barreiro Meiro*.

Ademais dos cartos que lles corresponderon ós propietarios dos 1204 predios en que estaba dividida

cartos, recadados entre os veciños da bisbarra aousá e os visionarios potentados galegos.

A Illa de Cortegada ten, segundo dicían os agrimensores naquela época, 490.800 metros cadrados, dividida, como xa dixen, en 1204 predios pertencentes a 211 propietarios.

Ademais destas propiedades particulares, na Illa había unha extensión de terreo, considerable, que pertencía ó Concello de Carril, doado para este fin común co consentimento explícito do Ministerio de Facenda, que a taxou en 100.000 pesetas.

Dos algo máis de 400.000 metros cadrados de superficie que están en mans privadas, 268.297 estaban dedicados a labrado, 87.283 a bosque de piñeiros e 18.511 tiñan carballos, ademais de 11.999 que non producían nada e outros case 10.000, que correspondían á igrexa.

Os lugares da Illa coñecíanse polos seguintes nomes:

Veiga do Medio, Piña do Monte, Agro Pequeno, Fradiño, Conlas, Bruñedo, Rosa, Agro Grande, Outeiro, Agriño da Eira, Espiñeiro, Agriño, Horta, Tomada de Arriba, Rosiña do Outeiro, Campo de Afora, Campo de Dentro, Sartaxéns, Lanzada de Arriba, Lanzada de Abaixo, Gorila, Bao de Afora, Bao de Dentro, Agro do Con, Veiga da Aldea, Bao de Lourado, Bacelo, Torre de Abaixo, Tomada de Abaixo, Rabelo, Seiquera, Viña Branca, outro Bacelo, Falliño, Rabelo Pequeno, Revoltiña, Viña Nova, Tomada de Arriba, Granda, outro Bao, Bao da Torre, Santuario e dúas Regalías.

Os residentes da Illa no momento do éxodo acadaba o número de 71 veciños, dos cales eran cabezas de familia:

Roque Meaño, Andrés Ramos, Pascual Abalo, Francisco Caldo, Paio de Abalo, Francisco Ramos, Domingo de Meaños, María Nuñes, viúva, Domingo Antonio Varela, Juana Ramos, Miguel Conde Conde, Juan M. Conde, Mercedes Cea e as súas fillas Josefa e Carmen Ramos Cea, casadas con individuos que no momento da firma estaba navegando, Josefa Sardiñeira, José Lijó, Roque Sardiñeira, Bernaro Conde, Juan Melón Figueirido, Tomasa Cieste, Andrés Diéguez, Ricardo Rodríguez, José M^a Ramos, Josefa Figueiras, Encarnación Rodríguez, Juan Suárez e Josefa Chaves.


José M^a. Conde e Tomasa Cieste contaban no momento de abandonar a Illa con 93 anos de idade, e rexistrouse por aquelas datas o falecemento dun veciño que tiña 103 anos. Isto proba as boas condicións de saúde que tiñan os residentes na illa de Cortegada.



AS ILLAS ATLÁNTICAS UNHA BREVE OLLADA Á SÚA MÁIS ANTIGA OCUPACIÓN HUMANA

Por: Antonio de la Peña Santos

Nuns momentos nos que, por mor da desidia, da incompetencia e da avaricia de moitos dos que *de facto* ou *de iure* rexen os nosos destíños de galegos, un negro manto de destrución afecta seriamente ao que é considerado por todos coma unha reliquia natural, falar de historia das Illas semella accesorio e implica recorrer a todo un exercicio de



Un dos dous machados de bronce achados na illa de Ons. (Museo de Pontevedra)

autocontrol que impida agromar ás emocións. Pero por moito empeño que poñamos, tamén dende aquí queremos sumar a nosa voz á de centos de miles de gargantas dende dentro e fóra de Galiza: NUNCA MÁIS!

Entrando no tema, por máis que as illas das Rías Baixas teñan exercido non pouco atractivo sobre a imaxinación de moitos historiadores, a verdade é que aínda está por se elaborar un estudio en profundidade sobre o seu pasado histórico, moi en especial o máis antigo. As breves liñas que seguen pretenden contribuir a desbrozar un pouco o campo de cara a precisarmos, sen sentar cátedra, o carácter da información que se está a manexar e ata ónde podemos chegar, hoxe, nas nosas interpretacións máis aló da intuición e da especulación.

UN BREVE REPASO DAS REFERENCIAS DOS AUTORES GRECOLATINOS

Varios son os lugares comúns na historiografía máis tradicional sobre as Illas Atlánticas e dun xeito moi en especial no caso das Cíes, se cadra pola viciñanza destas últimas dunha vila tan cargada de historia coma Baiona e dunha cidade tan populosa e dinámica coma Vigo. Semella lóxico, xa que logo, que os historiadores locais de ambas as dúas poboacións puxesen moito do seu empeño -e non pouco da súa fantasía- en facer da zona e dos seus habitantes o escenario e os actores duns feitos “históricos” postos ao servizo da construción dun esplendoroso pasado que servise para contrarrestar as eivas do presente. Neste senso, xa é algo tópico desta bibliografía venciñar as illas coas míticas Kassiterides, ou coas non menos míticas Illas dos Deuses, ou coa derrota dos Herminios polas tropas de César... Pero, qué pode haber de verdade detrás de todos estes lugares comúns?. Vaiamos por partes.

SOBRE AS ILLAS KASSITERIDES:

A primeira referencia a estas illas coñecida é a que fai Herodoto de Halicarnaso a mediados do século V aC, cando afirma que “*sobre os países máis occidentais de Europa non podo falar con exactitude [...] nin sei nada das illas Kassiterides, das que nos chega o estaño*” (Historia, III, 115).

Máis adiante, xa no I aC, Diodoro de Sicilia escribía que “*Hai moitas minas de estaño máis arriba da Lusitania, nas illas situadas fronte á Iberia, no Océano, que por iso se chaman Kassiterides*” (Biblioteca, V, 38).

Polos anos do cambio de Era, Strabon facía referencia a estas illas en varios parágrafos da súa Xeografía: “*Tamén están fronte aos Ártabros, cara ao N, as illas Kassiterides, en alta mar e aproximadamente á altura de Bretaña*” (II, 5, 15); “*Prodúcese [o estaño] entre os bárbaros de máis aló dos Lusitanos e nas illas Kassiterides, e transportase dende as illas Británicas ata Marsella*” (III, 2, 9); “*As Kassiterides son dez e están situadas moi próximas unhas das outras cara ao N do porto dos Ártabros, en alta*

mar. Unha delas está despoboada, as demais habítanas homes vestidos de mantos negros, que levan túnicas ata os pes cinguidas arredor do peito e que caminan con bastóns e seméllanse ás Furias da Traxedia. Viven preferentemente do gando, levando unha vida nómada. Ademais teñen minas de estaño e chumbo e peles que trocan cos comerciantes por cerámica, sal e obxectos de bronce. Antes, unicamente os fenicios realizaban este comercio dende Gades agachando a todos a ruta marítima, e cando os romanos perseguiron a certo navegante para coñeceren aqueles emporios, este, voluntariamente encalou o seu barco nuns baixos e arrastrou á mesma desgracia aos que o seguían, mentras el salvábase do naufraxio e recibiu do seu goberno o precio da carga perdida. Mais, os romanos, intentándoo moitas veces, chegaron a coñecer a ruta. E cando Publio Crasso, chegando ata eles, coñeceu que os metais podíanse cavar a pouca profundidade e que a xente era pacífica, ensinou con claridade aos interesados a navegación, aínda que era máis longa que a navegación ata Bretaña. Isto é o que hai de Iberia e das illas próximas” (III, 5, 11).

Poucos anos máis adiante, Plinio indicaba que “Fronte á Celtiberia hai varias illas chamadas polos Gregos Cassiterides pola abundancia de chumbo e diante da rexión do promontorio dos Arrotrebas [os Ártabros] hai 6 [illas] dos Deuses que algúns chamaron Afortunadas” (Historia Natural, IV, 119); “Midacrito foi o primeiro que trouxo chumbo da illa Cassiteride” (Historia Natural, VII, 197).

Por fin, as referencias grecolatinas péchanse neste eido concreto con Ptolomeo a mediados do século II. Di o sabio de Alexandría: “No Océano Occidental están as 10 illas Cassiterides, a parte media delas está situada a 4°45'30" e as dúas illas que se chaman dos Deuses 4°40'143"30" (Xeografía, II, 6, 73).

Moito se leva debatido verbo destas misteriosas illas e moitos intentos fixéronse por acadar a súa identificación. Vano esforzo en tanto a información non medre e teñamos que traballar cuns textos tan vagos, imprecisos e contradictorios, que, por non coincidir, non concordan nin na situación precisa -fronte a Iberia según Diodoro; fronte aos Ártabros, á altura da Bretaña, según Strabon; fronte á Celtiberia según Plinio...- nin no número -dez según Strabon e Ptolomeo; varias según todos os demais-. O propio Strabon non deixa de se contradicir cando por unha banda coloca as Cassiterides á altura da Bretaña para logo afirmar que a navegación ata elas era máis longa que ata a Bretaña..., pero

as menciona no libro adicado á Península Ibérica.

O único acordo xeral é no tocante á súa situación no Océano e á súa condición de produtoras e/ou distribuidoras de mineral de estaño coma o seu propio nome grego indica. Aquí entraríamos xa nos datos arqueolóxicos, que falan das redes de intercambio da Idade do Bronce entre as comunidades atlánticas e o Mediterráneo; de como estas redes caeron nas mans fenicias aló polo século VIII aC; de como os comerciantes semitas mantiveron estas rutas no maior segredo para garantir o seu control, e de como ese control acabou nas mans romanas entre o II e o I aC. A



Fragmentos de cerámicas da transición Bronce-Ferro do xacemento do cámping das Cíes (Museo de Pontevedra)

brétema que oculta a existencia real das Kassiterides debe de ser produto directo deses séculos de fabulacións e de ocultación intencionada das rutas estratéxicas comerciais atlánticas. Nesta orde de cousas, as Kassiterides pasan a se converter nun mito, e hoxe en día non somos quen de definir cun mínimo de seguridade e rigor a súa condición real. O máis sensato é pensar que se trata dun concepto xenérico e mitificado que en última instancia fai referencia a unha serie de puntos na costa occidental europea tradicionalmente produtores e/ou distribuidores de boa parte do estaño consumido no Mediterráneo na Antigüidade.

SOBRE AS ILLAS DOS DEUSES E AS ILLAS OESTRYMNICAS:

A denominación Illas dos Deuses parece claramente retórica pero acadou un grande éxito historiográfico, mesmo nos últimos tempos. É recollida por tan só dos autores

grecolatinos: no século I, Plinio falaba de que “*diante da rexión do promontorio dos Arrotrebas [os Ártabros] hai 6 [illas] dos Deuses que algúns chamaron Afortunadas*” (Historia Natural, IV, 119); pola súa parte, na seguinte centuria Ptolomeo situaba no Océano Occidental “*...as dúas illas que se chaman dos Deuses 4°40’/43°30’* (Xeografía, II, 6, 73).

Verbo da denominación de *Illas Oestrymnicas*, témonos que remitir ao poema de Rufo Festo Avieno “Ora Marítima”, escrito no século IV pero aproveitando información heteroxénea, algunha moito máis antiga. Nel pode lerse: “*Pois ben, ao pe deste saínte / o golfo Oestrymnico ábrese aos habitantes / e nel amósasenlle as illas Oestrymnicas / de ampla extensión e ricas en metal de estaño e chumbo: / aquí a xente ten moita forza, / espírito e eficaz astucia, / xunguidos todos pola preocupación do comercio, / e coas entretécidas barcas / sulcan o mar enormemente axitado / e o abismo do Océano poboado de monstruos. / Dende logo, estes non construíron as lanchas de pino / e descoñecen o pradairo, nen, coma é costume, / curvan as lanchas con abeto, senón que, cousa pasmosa, / sempre preparan as embarcacións con peles xuntas / e co coiro, moitas veces, percorren o vasto mar. / E dende aquí á Illa Sagrada, así a chamaron os antigos, hai dous días de navegación*” (Ora Marítima, 94-109)

En canto á denominación de “Illas dos Deuses” pouco hai que dicir anque non poucos autores pretenderan que tras tan poética denominación estarían as Cíes. Plinio é concluínte tanto cando marca o número das illas -seis, anque Ptolomeo máis adiante fale de dúas- coma cando dá a súa

situación xeográfica -fronte ao promontorio Ártabro- e mesmo, coma veremos, cando liñas máis adiante da mesma obra empraza con precisión as illas de Aunios -Ons- e *Siccas* -Cíes-, desvencellándoas deste xeito das difusas “dos Deuses”.

SOBRE CÉSAR E OS HERMINIOS:

Foi Dion Casio aos comezos do século III o que relatou a expedición que fixera César nos anos 61 e 60 aC ata a “cidade” galaica de Brigantium e o seu conflito cos habitantes do monte Herminio. Fala Dion Casio de que César, “*dirixiuse cara o monte Herminio e mandou que os seus habitantes se trasladaran á chaira co pretexto de que non fixeran bandidaxe [...]* Mentres, ao saber que os que habitaban o Herminio desertaran e que se metían terra adentro para prepararen emboscadas, entón retirouse a outra parte e fixo outra vez unha expedición contra eles e, ao dominalos, perseguiu aos que fuxían cara o Océano. Cando abandonaron o continente dirixíronse a algunha illa e el, coma non dispuña de

moitas naves de carga, permanecía na rexión, e cando dou feito unhas balsas enviou nelas unha parte do exército e perdeu un bo número del. En efecto, o que tiña o mando, atracando nun peirao próximo á illa e facendo desembarcar aos que travesaran ata o pe, dempois, obrigado polas mareas, zarpou abandonándoos; defendéndose valerosamente, algúns deles renunciaron e Publio Esceovio, só e abandonado, privado do escudo, chimpouse á auga e salvouse a nado. Todo iso sucedeu entón. Dempois, César, facendo vir unha barcaza de Gades, atravesou con todo o exército e, sen loita, someteu aos que estaban nunha mala



O anel romano de ouro con entalle de amatista atopado nas Cíes (Museo de Pontevedra)

moitas naves de carga, permanecía na rexión, e cando dou feito unhas balsas enviou nelas unha parte do exército e perdeu un bo número del. En efecto, o que tiña o mando, atracando nun peirao próximo á illa e facendo desembarcar aos que travesaran ata o pe, dempois, obrigado polas mareas, zarpou abandonándoos; defendéndose valerosamente, algúns deles renunciaron e Publio Esceovio, só e abandonado, privado do escudo, chimpouse á auga e salvouse a nado. Todo iso sucedeu entón. Dempois, César, facendo vir unha barcaza de Gades, atravesou con todo o exército e, sen loita, someteu aos que estaban nunha mala

Vinilo

Bar de copas e concertos
Rúa da Praza OGROBE

situación por falta de víveres. E dende alí, navegando ao longo da costa, cara Brigantio, cidade da Callaecia, atemorizounos e someteunos polo ruxido da navegación xa que endexamais viran unha escuadra” (Historia Romana, 37, 52-53).

Á vista do carácter dos feitos relatados e da vaguidade das localizacións xeográficas dos mesmos -pesia que o autor está a escribir cando a Callaecia levaba máis de tres séculos integrada no Imperio-, é lóxico comprendermos que fosen un apetitoso bocado para os historiadores locais, e poucas son as vilas da costa occidental ibérica que non foron propostas coma escenario de tan heroica xesta. Hoxe, a investigación máis seria e rigorosa sitúa o monte Herminio na portuguesa serra da Estrela e o combate final na illa de

Corticata e Aunios” (Historia Natural, IV, 111); “*Logo dos Cilenos ven o convento Bracaro cos Hellenos, Grovios e a fortaleza de Tyde, todos descendentes dos Gregos. As illas Siccas, a cidade de Abobrica. O río Minio...*” (Historia Natural, IV, 112).

Non parece haber demasiadas dúbidas en canto á autoridade da información transmitida por Plinio. O interesante é deixar claro que cando menos a mediados do século I as nosas illas xa tiñan nome de seu; por iso, cando teñamos que interpretar a autores posteriores que seguen a falar dun xeito vago e/ou contradictorio, debemos obrar con suma prudencia e intentar comprender en cada caso concreto por qué non usaron a información real.

A INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA

Vaia por diante unha advertencia: os datos que nos permiten albiscar algo do que debeu de ser o primitivo acontecer humano nas illas non son froito dunha actividade arqueolóxica metódica e sistemática, inexistente polo de agora, senón de meros achados casuais. Isto, se por unha banda é sintomático do penoso estado da investigación histórica xeral na Galiza, pola outra supón unha eiva de enorme trascendencia de cara á calidade e á cantidade da información a disposición do historiador, o que en suma incide de forma decisiva sobre o resultado final.

Feita a advertencia, vaíamos aos datos.

Dende cándo están habitadas as illas?. Os indicios dunha arcaica ocupación paleolítica son moi febles, xa que na súa maior parte toman coma referencia achados soltos de pezas líticas talladas de adscripción cronocultural dubidosa, cando non francamente posterior; e algo moi semellante poderíase dicir en canto á posibilidade de que fosen habitadas por comunidades campesinas de tecnoloxía neolítica.

As cousas comezan a cambiar cando chegamos aos tempos da Idade do Bronce e a información é xa, anque escasa, fiable. Os dous machados de tope e aneis localizados en Ons inscribíense no complexo marco das relacións de intercambio vía marítima dos momentos de plenitude da Idade do Bronce entre a fachada atlántica europea e o Mediterráneo e os problemas derivados da introducción das manufacturas de ferro polos fenicios nun mercado tradicional baseado na distribución e intercambio de minerais básicos




Detalle dos controvertidos gravados do chamado “Altar dos Sacrificios” no monte do Faro da Cés N.

Peniche. O papel das nosas Illas sería posterior aos feitos reseñados e quedaría, xa que logo, relegado ao de meros puntos de referencia para a armada de César tanto á ida coma á volta da expedición ás terras brigantinas.

E SOBRE OS NOMES ACTUAIS:

Un único autor grecolatino, Plinio o Vello, fala en concreto de senllas illas que podemos relacionar, cando menos en principio, coas actuais Ons e Cés. Di Plinio a mediados do século I: “...e logo o convento Lucense dende o río Navia, [...] os Cilenos. Das illas deben nomearse



MARISCOS
COCIÑACASEIRA
VIÑOS DE GALICIA

Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)

para a fundición do bronce e de mercadorías deste metal. Estaríamos cara aos séculos VIII-VII aC, e as desproporcionadas cantidades de chumbo detectadas na composición de ambos os dous machados apuntan ás dificultades de abastecemento de cobre e de estaño ocasionadas pola caída nas mans dos fenicios do mercado tradicional atlántico (Fig.1).

Nesta orde de cousas, non é en absoluto desatinado imaxinar por estas datas unha ocupación humana das illas de maior ou menor intensidade, xa que tecnoloxía e recursos existían dabondo para elo. Tamén hai probas: os restos cerámicos e de alimentación detectados nun estrato a carón do camping das Cíes (Fig.2), uns restos aínda non estudados polo miúdo pero que apuntan ao asentamento no lugar dun acampamento aberto de campesiños cunha cabana gandeira

mixta complementada polo marisqueo e cunha industria cerámica de recipientes feitos a man por urdido, cocidos en forno simple oxidante e decorados con bandas xeométricas incisas; é dicir, polo que hoxe sabemos, un grupo humano típico da comarca das Rías Baixas nos tempos de transición entre as Idades do Bronce e do Ferro, practicamente idéntico aos que van ocupar os primeiros castros.

Normal resulta, polo tanto, comprobar a ocupación das illas, cando menos daquelas nas que o acceso aos recursos naturais é máis doado, durante o período castrexo. Claro que, unha vez máis, a falta de investigación impide maiores precisións fora das xeralidades e da especulación: Ons e Cíes N aparecen ocupadas na fase castrexo-romana, sen que sexamos quen de saber polo de agora se os castros de Coto dos Mouros e Coba do Lobo en Ons, ou o de Huertas/Hortas en Cíes N foron fundados antes ou logo da integración destas terras no imperio romano. En calquera caso, todos eles parecen ser o asentamento de comunidades campesiñas galaicas, agricultores que complementarían a súa base económica cunha cabana gandeira mixta composta por bóvidos, suídos e ovicápridos, e co aproveitamento dos


recursos do litoral mediante o marisqueo e a pesca con liña; unhas comunidades nas que o tradicional sistema de cambio por troco comezaba a convivir co sistema monetario romano coma poñen de relevo as moedas achadas nestes poboados. En suma, o marco de actividades normal das comunidades castrexas litorais no momento máis desenrolado da súa evolución, xa baixo o control romano.

Uns tempos que deixaron nas nosas illas outras testemuñas: restos indeterminados de materiais de construción romanos coma tégulas, ladrillos..., ou de ánforas, que se cadra estean a falar da introducción de novos conceptos de economía e de arquitectura. Ou o achado casual do coñecido anel-selo de ouro co entalle en ágata dun xabarín coa inscrición HE APRV (Fig.3), unha peza verdadeiramente sorprendente que aló polo século II da

nosa Era tería pertencido a un individuo de alta posición social.

E non podemos rematar esta breve viaxe sen facer mención de certos achados moi controvertidos pola súa excepcionalidade: a pedra furada pola erosión natural con surcos de factura humana que rematan en pías, que a imaxinación de certos autores deu en chamar "altar de sacrificios" e que non somos quen de adxudicar nen a unha fase cultural concreta nen a unha funcionalidade determinada

fóra da especulación sen fundamento (Fig.4); e eses sorprendentes fondeos líticos extraídos de varios puntos do litoral, de forma aproximadamente trapezoidal e dous furados -un circular e o outro rectangular-, idénticos a outras pezas atopadas tamén en concentracións na ría de Vigo, e que carecen de paralelos coñecidos na etnografía marítima peninsular anque as similitudes máis flagrantes as detectemos... en pezas semellantes da Idade do Bronce no Mediterráneo Oriental (Fig.5). Velaí unha atractiva liña de investigación que teríase que compaxinar con outras moitas para nun tempo prudencial estarmos en condicións de presentar unha visión do devir histórico das illas máis amplo e menos provisional.



Unha das áncoras líticas atopadas no litoral das Cíes (Museo de Pontevedra)



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA






FILLOS DA LUBRE NA TIXOLA

Por: Xavier Barreiro Luces
Vitelio Cenlumes. Etnógrafo Gastronómico

Somos o que comemos e así nos psicanaliza a nosa dieta: durante séculos esquecémonos destas lambetadas da fraga por ignorancia, medo ó descoñecido e superstición. Os alcumes galegos dos cogomelos, o antigo “pan de sapo, de



cóbrega, do demo, de raposo, de curuxa, de meiga”, “peido de lobo”, demostran unha fungofobia carente de sentido en termos gastronómicos, pero é unha crenza con raigame na nosa cultura derivada dun imperativo relixioso, que non por mor do risco dunha intoxicación mortal con algunha especie. A explicación, quizais estea no feito (relixioso) de que no século IV os discípulos de Prisciliano, relixiosamente incorrecto naqueles tempos, adoitaban consumir cogomelos con propiedades alucinóxenas que ben puideran ser o *Psilocybe semilanceata*, contén psilocybina, un forte alucinógeno, unha Amanita ou o cornello do centeo, que leva ácido lisérxico. Para endereitar a fe dos nosos devanceiros a Igrexa dictou o “De Correctione Rusticorum”, pero as meigas seguían a medrar como fungos, fillos da lubre que elas consumían nas esmorgas (ritos pagáns), na fariña do pan e incluso ó través das mucosas do corpo, para bailar co demo en forma de castrón. Os nosos menciñeiros castrexos, ó igual cos seus parentes os druídas celtas, consumían cogomelos e coñecían as súas propiedades medicinais; anos despois, algún etnógrafo tentou demostrar que o culto ó consumo da *Amanita muscaria* baseábase na crenza de que

abría as portas do paraíso (¿walhala céltico?). A maioría dos nosos emigrantes aprenderon a consumilos no país de adopción, pero algúns seguían a consideralos como unha herexía culinaria e poucos se atrevían a consumilos cando volvían. Será cousa de meigas, pero hoxe cultívanse aquí, recóllense no monte e cocíñanse a cotío nas nosas tixolas, e ¡arre demo!, que pasamos de odialas a case extinguilas ó incorporarse á nosa cociña, festa gastronómica incluída.


Hai anos, cando o consumo de cogomelos en Galiza era cousa dalgún atrevido e aínda non se nos ocorrera cultivalas cara á exportación, os xaponeses inoculaban en troncos de carballo podres o micelio dos shiitake (cogomelo do carballo). Cando xa non foi rendible cultivalos aquí, porque atopouse un sistema para o cultivo en invernadoiro, volveron ó Xapón deixando nas nosas fragas a semente dese delicioso cogomelo que hoxe podemos atopar pola zona de Mondoñedo, a nosa Britonia. Se tódolos intentos de globalización alimentaria fosen deste xeito... ¿Que diría Álvaro Cunqueiro?

As Letras Galegas, gastronómicas ou non, danlle pouco protagonismo ós cogomelos sen chegar á “cogumelofobia”. *Picadillo*, M. Puga y Parga, nin as nomea. E. Pardo Bazán non se esforza moito con elas en “*La cocina española moderna y antigua*”, pero escribe “Las setas”, conto no que



comenta unha receita (fritidas con touciño) e reflicte o espasmo que sofre unha das protagonistas do relato cando lle dan uns cogomelos á cociñeira galega: “¡Madre mía del

Corpiño! ¡Freir ella una porquería semejante, una cosa de veneno, habiendo en el mar tanto rico pescado, y en la tierra tan sabrosos huevos y tan buenas gallinas!". W. Fernández Flórez dálles vida ós cogomelos da fraga de Cecebre en "El bosque animado". Álvaro Cunqueiro é o máis científico, ecoloxista micólogo e *chapante* entusiasta dos nosos cogomelos. En varias das súas obras e artigos xornalísticos, coma "Escola de menciñeiros" ou "Viaje por los montes y chimeneas de Galicia", relata e describe dun xeito case místico, poético, cun arrecendo a relato fantástico, varias especies e algunha receita. É unha mágoa que a Julio Camba non lle dera pola teima, escribiría artigos prodixiosos destes fillos da lubre. Noutro texto non galego, no "Dioscórides renovado" de P. Font Quer, o autor di que "la campesina gente gallega es, por sistema, enemiga de las setas", laiándose de seguido polo desperdicio que supón deixalas perder "porque en Galicia se producen setas en tal cantidad, a veces, que pudieran ser cargados, sin hipérbole, auténticos carros". E remontándonos séculos atrás, Santo Agostiño, no seu "De Moribus Manicheorum", arremete contra o consumo dos cogomelos chamándolle insensato ó home que enche o bandullo ata estoupar e anda arroutando por unha fartura de andoas, trufas...



Copyright Flemming V. Larsen

GLOSARIO DE COGUMELOS DE GALIZA

É de salientar a práctica inexistencia de nomes vulgares para os cogomelos de Galiza, reciben nomes despectivos e xenéricos, pero hai zonas, nas provincias de Lugo e Ourense principalmente, onde se lles denomina: *abezó, alborelle, balouro, carallos de lobo, caripocho, carrapicho, carrote, cazafella, cochote, cogaxa, cronguio, choupano, choupín, falopo, fulgueiros de raposo (medra na raíz dos toxos), fungato, gurumelo, marreabois, parrachos, patamela, patela de mel, potricos, pucho de sapo, toupelo, roquiño e zorrota.*

- Andoa:** *Boletus edulis*, boletos en xeral.
Cacavainas: *Agaricus silvestre*, da familia do champiñón pero de máis calidade; arrecende a anís.
Cantarela: *Craterellus cornucopioides* e *Cantharellus tubaeformis*.
Cantarelo: *Cantharellus cibarius*, un dos mellores cogomelos, arrecende a Cointreau; tarrelas.
Carapucho: sombreiro ou casquete dos cogomelos que semella unha umbrela(parasol) aberta.
Caruncho: *Hustylago maidis*, a potra do millo, caruncho,

- fungo, furuncho, tafio, uredo. É o "caviar azteca" que comían os caciques americanos cando esta fungo era novo, pois de vello é tóxico; sabe a choquiños de Redondela.
Chasca: fungo da pataca.
Cisco: caruncho do orxo.
Cogordos: *Macrolepiota procera*.
Cornello: fungo do centeo ou do trigo que contén LSD; cornecho, cornello, cornizo, currunchos, dentón, lentón.
Falopo: fungo que ó secarse está cheo dun po escuro que

- tense empregado na medicina tradicional para secar feridas ou vexigas, e como colorante roxo para panos.
Feixó: trufa.
Folerpas: *Agaricus arvensis*.
Fungo da muña: *Lactarius deliciosus*.
Gulas do monte: *Chantarellus lutescens*.
Lingua de vaca: *Hydnum repandum*.
Madeirudo: *Boletus aereus*.
Matacanáis: *Cropinus comatus*.
Mugor, que ten: con sabor fúnxico, que arrecende a cogomelos, con balor.
Netorras: *Russula virescens*.
Pe azul: *Lepista nuda*, pistonuda.
Repolo do monte: *Sparassis crispa*. Cocido e frito nun revoltado de ovos é un plato de gourmet.
Sendeiriñas: *Marasmius oreades*.
Tortullos: *Tricholoma portentosum*.

NORMAS BÁSICAS PARA O CONSUMO DE COGUMELOS

— Usar cestos para gardalos. Nas bolsas de plástico esmorecen pronto, poden levedar e ser a causa dunha intoxicación. Antes de ir ó monte a por eles deberíase facer un curso de iniciación á micoloxía ou apuntarse a unha das saídas que organizan as asociacións micolóxicas de Galiza.

— Para atopalos pódese empregar un pao, remexendo o mínimo na terra que os rodea para non danar o micelio. Nunca se pode empregar o angazo para recollelas, débese respectar o entorno.

— Recoller só aqueles que se coñezan, sen arrancalos, cortalos deixando o micelio para que sigan a medrar outros anos. **En caso de dúbida non comelos**, déixanse no seu hábitat sen estragalos.

— De atopar algún que non se coñeza hai que procurar recollelo enteiro para identificalo.

— Non consumir aqueles exemplares que medran preto dunha estrada, dunha fábrica, dun invernadoiro ou dun depósito de lixo, poden estar contaminados.

— Nunca se deben recoller exemplares vellos, con vermes, e só apañar a cantidade da que se vai consumir.

— Consumilos o antes posible, pois teñen máis arrecendo e cocíñanse mellor. De non facelo, pódense secar ou conxelar para comelos en calquera ocasión.

— Coa axuda dun pincel ou dun papel de cociña, limpalos no momento e tirar a parte non comestible.

— Para cocíñalos **nunca se lavan con auga** (nin con zume de limón), simplemente límpanse de terra e areas cun pincel, un trapo ou un papel de cociña.

— Non é aconsellable un consumo semanal de cogomelos superior ós 250 gr. Todos teñen o seu punto de toxicidade, por iso non lle sentan igual a tódolos bandullos nin se lles dan para comer ós rapaces.

LAREIRUM DELICIOSUS

Unha dieta variada alimenta o corpo e nutre o espírito, hipótese que axuda a incrementar o número de fieis chapantes para gozar da calidade e variedade dos fungos comestibles da nosa terra, tal e como o levan facendo dende hai miles de anos esquiños, xabaráis, teixugos, porcos, lesmas, raposos, coellos e cervos. Os cogomelos conteñen ata un 90% de auga, glúcidos, lípidos, proteínas, ácido fosfórico, sales minerais, vitaminas (A, D, B₁, B₂, PP, C, no caso do *Cantharellus cibarius*), fibra e outros oligoelementos. Así e todo, non se deben consumir en cru, teñen que sufrir un pequeno proceso de transformación na cociña: uns hai que cocelos (*Hydnum*) antes de pasalas pola tixola, outros escáldanse un minuto na auga fervendo.

Antes de cocíñalos dáselles un repaso na cociña por se vai algún que non é comestible, rematamos de limpalos e preparamos o enxoval que imos necesitar. Sempre que se busque un sabor máis

fúnxico, máis natural, débense cocíñar con moi pouco aceite na tixola, ou na grella, con ou sen allo en láminas, volta e volta, un pouco de sal gorda por riba e para o prato; pódense empregar manteiga ou un pouco de manteiga de porco en vez dun aceite de oliva virxe moi suave, da oliva “hojiblanca”. Opcionalmente, pódense combinar con cebola e perexil. Cando se preparen enteiros na tixola cocíñanse primeiro polo lado das láminas.

Débense consumir o antes posible, algunhas estráganse pronto e vólvense algo indixestas, como no caso do matacandís cando colle unha cor negra. Se as tallamos ou toramos para pochalas, empezamos a lume forte ata que empecen a tinxir o seu zume, entón poñémolas a facerse a lume manso e tapamos a tixola. Ós *shiitake* e *Lactarius deliciosus* vailles moi ben un pouco de Brandy. De cocíñalas nun guiso ou con arroz, fanse soas e bótanse na pota xusto antes de servilas, xa que nunca se deben cocíñar con auga nin telas no lume máis tempo do necesario. As que non cocíñemos no momento podémolas conservar secas (hidratalas antes de cocíñar con leite ou caldo limpo), en po, en aceite (xa cocíñadas), e conxeladas (precocíñadas ou non). A ter en conta que unha vez cocíñados non se poden gardar na neveira para comer outro día, estragaríanse, hai que conxelalos ou prepáranse para outro tipo de conservación.

Na tixola, nunha empanada, con carne e con peixe, nun revoltito con marisco e grelos, nunha crema ou nunha sopa, con pasta, enchoupadas no aceite e ó forno, como ingrediente dun recheo, rebozadas en ovo e fritidas, na masa de croquetas, nunha salsa, nunha pizza, en marmelada, nun xeadito, nun licor (só os *C. cibarius*), con mel... os fillos da lubre nunca traizoan se están ben cocíñados.



AUNIOS: O TRASNO DE PINEIRONS

Por: Xavier Barreiro Luces

Na illa de Ons, onde o coñecen por Canexol, podemos velo na mañanciña nunha rocha revirándolle a capeleira a un polbo para tirar co magorro. Aunios non é un diaño, é un enfeitizado das terras do norte das nacións celtas que por ciumes, vinganza ou envexa, un druída moi poderoso enfeitizouno en trasto ata o momento no que topase unha *Flor da Figueira* como a que ten Gastenea, a deusa responsable da cocina no Olimpo. Mentres, non para de comer figos, béveras e follas de figueira roendo nas pólas ata tronzalas, tentando assimilar a esencia desta froiteira na procura dunha apócema que troque o seu estado vital.

É o único demouchiño anfíbio. No mar anda na procura de robalizas, pineiras, ourizos, tranchos, tapaalís ou polbo, o que máis lle gusta agás os zonchos (castañas cocidas coa casca), e cando a seca apaña lapas, caramuxos, nécoras ou patexos. En terra caza coellos e pombas cuspidolles boliñas de chumbo branco do que collían os romanos en Ons, proxectís que vai facendo despois de rumiar todo o día no mineral.

Ningún veciño sabe cantos séculos leva vivindo na illa. Os máis vellos din que veu cuns viquingos que pararon alí cando unha galerna, esquecéndose del pola borracheira que colleron co viño da Tinta Femia que por alí beben. Nestes anos ensinoulle a esta xente a facer un barco moi bo para navegar pola ría semellante ó que o trouxo a Ons: a dorna polbeira.

Só ten dous inimigos que non poden con el, agás quen o enfeitizou. O miñoto atácao dende as alturas porque o confunde cunha lebre por mor do tamaño e da cor do pelexo que leva enriba, entón o Canexol tira co pelexo e ponse un chaleco de pel de píntega para tirarse ó mar dende un penedo no alto da illa. Na auga nada igual que un peixe escapando dos arroaces que queren comelo, pero é máis escorregadizo que unha anguía e fuxe entre as nasas e trasmallos causando moito estrago. De cando en vez, os mariñeiros axúdanos a fuxir. Como agradecemento échelles a dorna de bo peixe e axúdaos a buscar náufragos e afogados.

Un día que andaban os mouros turcos atacando as vilas do Morrazo agocháronse en Ons na cova do Demo. Aunios escorrentounos presentándose diante deles con dúas velas acesas de sebo de balea e veneno de serpe con pabío de lá de castrón roncollo. Entre a luz verde fosforescente dos cirios e unha voz ronca que non deixaba de repetir “¡Vouvos cristianizar, vouvos facer cristiáns e ides comer touciño todo o ano!”, os infieis fuxiron a lume de carozo cara á Meca. Dende entón, todos os anos, cando vai saír o primeiro plenilunio de abril, no intre mesmo en que empeza o lusco, os agradecidos veciños de Ons deixan no lugar chamado Canexol mancheas de comida para Aunios. Ninguén puido falar nunca con el para saber que viandas lle gustan, pero sábese que se abarrota con ovos de gaivotas, ras, polbo con castañas, bandullo de porco recheo de figos, e *leite de burra*, que é como lle chaman na parroquia de Cela a un licor feito de augardente, azucre, zume de limón e outras herballas; disque esta apócema serve para facerlle fronte á Santa Compañía e a estadía.



En setembro pousa o seu corpo miúdo na proa dunha dorna polbeira que o leve ata Marín ou Bueu, e se non hai vento do oeste sopra el nas velas para chegar antes. Comeza entón a viaxe cara a terra dos soutos e castiñeiros para toparse en vésperas de Defuntos con canto diaño ou meiga quedan en Galicia. Xúntanse á carón do castiñeiro máis vello da nosa terra chamado *Rusbel de Donai*, que debe ser dos tempos de Noé ou de cando o Apóstolo chegou a Iria Flavia. Tópanse nun magosto onde as meigas Abundia e Verandia cocinarán para canto trasno se achegue todo aquilo que o Canexol recolleu na viaxe e foi gardando nun pelexo de coiro de becerro nacido morto. De Ons leva o mellor polbo do mundo, vieiras de Bueu, *leite de burra* e Tinta femia de Cela, o millo corvo para facer empanadas recólleo en Meiro.

Gastenea quedou de aparecer por alí coa *Flor da Figueira* cando remate de cocinar para as próceres deidades, pero son eternamente insaciáveis e unha comida no Olimpo esténdese unha eternidade.




GONBEL

Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR



ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (VI) ¿MESTRE OU SANITARIO?

Por: Julio Santos Pena

A verdade é que tiña escoitado que os mestres nos sitios pequenos eran un pouco de todo pero nunca puiden imaxinar que me miraría, de cheo, protagonista desa aseveración levado pola pura necesidade de cada momento. Eu que chegara, como xa vos contei atrás, cargado de mobles e ilusións a unha terra da que os seus propios fillos fuxían cada semana buscando nova residencia “en Terra” ía ser, nos case tres anos da miña estancia alí, unha peza importante para o benestar dos meus veciños. Metido nas tarefas da escola tentando conseguir que os rapaces non faltaran e aprenderan o antes posible todo o que perderan por falta dunha presenza estable de mestre na Illa, funme decatando de que o

entretemento nas tardes dos sábados e dos domingos, coábanse entre os mariñeiros que, entre copa e copa, golpeaban na mesa da taberna berrando a quen máis forte:

- ¡¡¡ Truco !!!

para que o de en fronte aumentara o volume co seu

- ¡¡¡ Retruco !!!


E así unha hora e outra, escola viva dos nenos que por alí andaban todo o tempo. Lembrádevos como fomos conseguindo facer aqueles gloriosos partidos de fútbol no patio da escola e, despois, nas Chans, alá no alto do faro, ós que, os nenos e os non tan nenos, afeccionáronse tanto que despois eran os taberneiros os que se queixaban porque descendera a clientela. Aquel primeiro labor de adestrador de fútbol saíame de marabilla. Xa daquela estabamos ben integrados no colectivo veciñal no que, por relativamente pequeno, estaban desprovistos de certos problemas de carácter social.

Aquela tarde facía calor. Estabamos entrando no mes de xuño e na escola, que carecía de cortinas nin de persianas que o parasen, o sol entraba de cheo polo que tiñamos que ir cambiando as mesas de lugar na procura de sombra. Falaba cos mozos maiores sobre un tema de Ciencias naturais mentres escoitabamos o canto da táboa de multiplicar que facían os pequenos de xeito cansiño e reiterativo. De súpeto miramos pola fiestra como alguén cruzaba a rúa correndo cara á escola. Golpearon a porta con forza, case desesperadamente, o que nos alarmou. Jacinto, un dos mozos xa fóra de idade escolar que viña tódalas tardes para recuperar algo do tempo perdido xunto con outros compañeiros do seu tempo, foi a abrir correndo e un home maduro entrou suxeitando unha man coa palma para arriba coa outra, mentres facía xestos de insufrible dor. Erguinme da mesa e o espectáculo case que me fai sentar de novo, aquel home viña con douz dedos da man dereita completamente esmagados e a carne das dúas últimas falanxes de cada un, rebentara coma un pexego pisado deixando os osos fóra. Ata min, que o sangue sempre me fixera caer redondo, chegábame aquel home que non era quen de pronunciar palabra mentres encollía as meixelas cun xesto supremo de dor e reviraba os ollos ata que se lle poñían en branco total.

Os nenos enmudeceron. O silencio facíase cortante e Camilo, outro dos mozos da Illa que estaban naquel intre na escola, díxome: - É o señor Ricardo, - mentres mirando para outro lado preguntábase:


- E... ¿qué lle pasou, Ricardo?

- ¡ A maquinilla! - respondeu con esforzo mentres ollaba cara a min pedindo auxilio con doente mirada.



meu labor era tamén necesario fóra da aula pois coñecía os riscos que podería toparme cos celos dos outros como xa tivera pasado a compañeiros que me precederan na función de escolantes alí. Aínda que, todo hai que dicilo, a miña posición era menos arriscada porque, cando me concederon a escola da Illa e me dixeron que tiña que facer de “Delegado Governativo” corrín moito a visitar á inspectora de turno para lle dicir que renunciaba ó nomeamento porque aquilo soábame a somatén e que, sentíndoo moito, non podía aceptar semellante honra porque eu era escolante e non garda civil nin quería selo. A señora inspectora que tiña un problema coa Illa de Ons a onde levaba moitos meses sen mandar un mestre, apresurouse a pedirme calma e, logo de facer unhas consultas por aquí e outras por alá, acabou dicíndome que xa non tiña que ser delegado de nada e que me fora tranquilo para a Illa, cousa que me encheu de tranquilidade.

Xa vos teño contado que a miña primeira teima foi a de arrincar das tabernas ós nenos que, por non haber ningún tipo de



Auto-Escuela Marín

Jaime Janer, 10 - Telfs.: 986 88 10 32 - 986 88 14 80 - Marín

Decateime de que ante min tiña outra das misións dun mestre daqueles tempos nun lugar como a Illa e pensei que había de facer algo e rapidiño. Aquel home, co que nunca falara desde a miña chegada ó lugar, pedíame auxilio coa súa mirada e coa súa evidente dor e sobrepúxenme para collerlle a man facendo esforzos para non derrubarme sobre min mesmo. E, nun tempo que me puideron parecer horas sendo, en realidade, cousa de segundos, saquei a Ricardo da escola, que quedou ó cargo dos mozos maiores, e cruzamos axiña o treito que nos separaba da miña casa onde tiña unha escasa caixa de urxencias familiar con algodón, auga osixenada e algunha que outra venda. Entremos directamente ata o salón. Alí comprendín a razón pola que tódolos cirurxiáns, antes de comezar o seu labor nun quirófano, fan un exercicio de concentración. Non vos vou relatar o que fixen con aqueles colgantes de carne mesturados con uñas e sangue, pero vos podo asegurar que eu mesmo estaba sorprendido da frialdade que me invadira. Limpando aquí, axustando alí, e vendando polo outro lado, sentínme plenamente realizado, importante e válido, facendo falar a Ricardo que, mentres ía perdendo de vista o espectáculo da súa desfeita man, recobrava a tranquilidade mentres me contaba co seu vozarrón de curtido mariñeiro que metera a man na maquinilla do barco aínda que se felicitaba porque lle dera tempo a tirar dela.

- Porque puiden perder un “braso” – repetía nervioso cargando na “ese líquida” mentres fitaba para min e para a súa man xa vendada.

- Bueno, Ricardo. Isto está limpo e recollido pero ten que ir a terra para que llo curen nun hospital pois vai ter que levar puntos...

O home asentía coa cabeza xa tranquilo e non sabía como saír da casa, agradecido. Chamaron á porta. Era un mariñeiro do barco que se viña interesar polo patrón.

- Hai que levalo a terra – díxenlle, e canto máis axiña mellor, recomendeille, mentres ambos apuraban o paso cara ó peirao.

Volvín a entrar na casa. Xa daquela a miña dona, que estivera observando a faena pendente de min e estrañada de que non estivera xa no chan, tiña todo recollido. Derrubeime na cadeira de brazos e alí funme decatando de que, en efecto, fai máis o que quere que o que pode, e sorprendínme da miña enteira que, naquel momento, xa non era tanta só de pensar nos cachos de carne que pouco antes repuxera no seu sitio dos dous dedos de Ricardo, máis ou menos.

Pola noite, Ricardo volveu á Illa, e o primeiro que fixo foi vir á miña casa. Chamou con certo medo de que xa estiveramos na cama porque a aquelas horas, o motor que nos daba corrente unhas horas antes de deitarnos, xa estaba apagado. Abrín e sorprendínme do sorriso daquel home rudo de mar e cheo de sol.

- Véñolle da-las gracias, Maestro. No hospital díxéronme que estaba moi ben posto todo cando cheguei e que non sería así, se fora directamente.

Ricardo fitou para min con inofensiva malicia e espetoume:


- ¡Que mal o pasou eh don Julio!. Estaba todo branquiño pero... aguantou ben... gracias – repetiu tres ou catro veces mentres me golpeaba suavemente coa man esquerda no pescozo... ¡Habemos de ir pescar xuntos un día...!

Aquela noite durmín satisfeito de ter o deber cumprido.

Nos días seguintes non me saía da cabeza o episodio vivido con Ricardo. O vello mariñeiro paraba daquela na porta da escola e entraba para saudarme con gran aprecio. Comentabamos como lle ían os dedos e o home manifestaba día a día, o contento de que todo marchaba ben.

- De aquí a uns días xa ó mar – dicía coas présas de quen sinte a chamada do mar a tódalas horas.

En canto se veu ceibe das vendas e dos puntos de sutura, Ricardo foi recuperando a normalidade de traballo e non esqueceu a súa promesa de levarme con el a pescar e moitas tardes teño saído na súa dorna para volver a casa cun bo quiñón de fanecas ou outros peixes que el repartía cedendo para a miña bolsa as mellores pezas. Moitas cousas me ten contado aquel home nas tardes de “marea”.




Aquel suceso fíxome pensar que o conto podería ser peor. Incluso comecei a decatarme de que a illa carecía de servizo sanitario algún que puidera remediar problemas de aparición repentina como o de Ricardo ou, simplemente, a atención das persoas do lugar cando necesitaran calquera axuda nese eido.

O caso é que consideramos axeitado aprender algo de curas e atención mínima para que non nos collera o touro como naquela ocasión. E, con esta preocupación dirixinme ata o Hospital Provincial de Pontevedra onde me recibiu o seu director, Don Manuel Castro Rial, ó que lle expuxen a problemática da Illa e a carencia de todo servizo sanitario ó que os veciños de alí tiñamos dereito aínda consciente de que, non sendo cousa súa, si podería, alomenos, deixarme presenciar e aínda practicar nalgunhas curas que se fixeran naquel prestixioso centro sanitario para poder despois por en práctica os coñecementos adquiridos no recuncho do medio do mar onde vivía.

Don Manuel, ben o recordo, ergueuse da cadeira dende onde escoitara os meus razoamentos e tendendo unha man estreitou a miña con satisfacción e mesmo diría que emocionado.

- Verdadeiramente – dixo – eu visito a Illa algunha que outra vez porque me gusta comer aquel polbo exquisito que prepara Checho. E teño pensado moitas veces nas carencias sanitarias que alí teñen: por iso este xesto que vostede ten é merecente da nosa mellor atención.



O director do Hospital mandou chamar a unha monxa encargada da primeira planta e doulle as ordes para que se me incluía no cuarto de curas e se me ensinara o máis preciso para atender calquera emerxencia. Hei de dicir que os primeiros días non foron nada agradables para min, porque o persoal profesional que alí estaba mirábanme con receo e, mesmamente, tíñanme como un cero na esquerda, case ignorando a miña presenza, mirándome coma un intruso na súa profesión e case sen cruzar unha palabra comigo. Ó cabo de tres ou catro días, o practicante que levaba a voz cantante no departamento decidiuse a falar-me:

- Bueno – dixo con certa gravidade - ¿E non tes medo de que te denuncien?

Ollei para el sen entender a onde quería chegar.

- ¿A min?... ¿E por que?

- Home, polo visto queres aprender a poñer inxeccións e facer curas e non tendo título, pódente denunciar os profesionais do lugar

- ¿Qué lugar?, - preguntéille un pouco inquedo

- Os do teu pobo se se decatan que andas facendo curas sen título...

- Alí non hai ningún – tentei de aclararlle

- ¿Cómo ningún? – abriu os ollos mentres tiraba da gasa que

cubría a ferida dun paciente... ¿E logo onde é o sitio? – terminou dicindo sen acabar de crer que houbera algún lugar do mundo sen persoal sanitario.

- Na Illa de Ons – aclareille. – Alí somos uns centos de persoas e non hai nin médico nin farmacéutico, nin enfermeiros como vostede nin practicantes. Alí cada quen arránxase como pode, ata para parir as mulleres, e eu non son máis que o mestre do pobo.

Teño visto en algún problema sen saber que facer nin como axudar a quen o necesita.

Aquel home mudou a cara, como si tivera vergonza da postura que el e os seus compañeiros, incluída a monxa en cuestión, mantiveran cara a min e dende aquel mesmo momento fíxome o centro da súa atención.

Aprendín a curar cortes de operacións; a poñer inxeccións; a vendar pernas e brazos e a todo o que me deu tempo. E mentres me ensinaba non facía máis que preguntarme cousas da Illa e do meu labor nela; das súas xentes e de cómo podíamos vivir alí con luz eléctrica nada máis que un para de horas ó principio da noite; de cómo estabamos alí cando había temporais... e a cada paciente que chegaba contáballe o conto.

- Pois mire, este chaval está de mestre na Illa e vén aprender para facer curas porque alí non teñen médico, nin farmac...

E todo o mundo ollaba para min cunha simpatía que case me daba vergonza.

Rematado o verán, cando lle comuniquei a don Manuel Castro Rial que volvía para a Illa, o vello médico reuniu a todo o persoal que tivera que ver comigo e dirixíndose á monxa díxolle:

- Xa se nos vai Xulio. A ver se o que aprendeu con nós lle serve para algo alí na Illa. A ver, Sor, faga o favor de facerlle un paquete bo de artigos de primeira necesidade para que forme unha caixa de urxencias que non vai curar con trapos e auga do mar. E ti ,chaval – dixo mirándome con moito cariño, non dubides en chamarnos cando teñas algún problema. Soamente tes que dicirle á telefonista que es o mestre da Illa e que che poña co doutor Castro Rial, que xa darei as ordes para que me busquen axiña.

Todos me despediron con semellante agrado que teño que dicir que, en efecto, ó longo da miña estancia na Illa tiven que recorrer a don Manuel Castro Rial en varias ocasións porque daquela para adiante, a miña casa converteuse en dispensario médico onde igual se curaba unha ferida ou se poñían inxeccións que se revisaban as cicatrices das operacións ou se subministraba algunha pastilla con que remediar unha dor de moas.

No próximo AUNIOS, contareivos máis episodios desta tarefa sanitaria na miña Illa, onde deixei anos da xuventude e da que trouxen, tanto dela como das súas xentes, as mellores lembranzas.

O CROSS

Por: José Carlos Portela

INTRODUCCIÓN

Sendo un rapaz, ós 15 anos, xa estaba totalmente enganchado pola miña paixón cara ó mar.

Soía no meu tempo libre coller un dos excelentes botes do R.C. Náutico de Vigo e facer excursións – vogando, naturalmente – á outra banda do mar. Mergullábame co meu escaso equipo de pesca submarina, xa que non dispoñía de traxe isotérmico, na procura dos meus pintos, maragotas, polbos e sargos.

Naqueles tempos non era doado, posto que o peixe non tiña gravado no seu instinto a imaxe do pescador submarino.

Ía ata Meira, - Pedra do Arroás - ; Pedras do Pego en Moaña; Punta Rodeira e incluso Baixos da Borneira, máis alá de Cangas.

Foi nestes baixos precisamente, un día dunha claridade excepcional, con marea baixa cando, facendo inmersiones a partir da torre-baliza, a uns 100 metros cara ó oeste, descubrín nun fondo duns 15 m. o meu primeiro pecio.

Pouco podía facer a pulmón libre, non obstante fixen cantidade de baixadas, deleitándome co meu achado.

Tratábase dun casco duns 25 metros de eslora, pousado perfectamente dereito no fondo da area e pedras soltas, coa súa proa recta apuntando cara o W. e semidespezado, pois non tiña a ponte, cheminea, nin a cuberta superior. Cando ó cabo de moito rato saín da auga e subín ó bote, estaba medio conxelado.

De momento non lle din máis importancia, pero cando tiveren o meu primeiro equipo de mergullo (unha bi-botella de 20 litros) volví a explorar o meu “pecio”, entón púidenme dar de conta que a carga do mesmo estaba amontoada xusto

ó lado pero fóra do barco. Tratábase dunha montaña de cilindros macizos dunha masa dura como o cemento, de cor clara, nos que se miraba claramente as marcas das doelas da barrica de madeira que desaparecera.

Subín unha mostra a bordo e resultou ser cal.

Entón a miña fantasía comezou a fraguar a historia.

Necesitaba o nome do barco. Comecei a indagar ós mariñeiros e foi precisamente un deles, (o pai do Cantero II) quen me dixou no bar “La Marina” de Cangas: *“O barco que está baixo a Torre Borneira é o CROSS”*.

Non me puido dar máis datos sobre o mesmo porque o tiña un tanto confuso, nin sequera recordaba a data do seu naufragio. Dino por válido. Só me quedaba montar a historia.

A HISTORIA

O barco saía da ría, ou así apuntaba a súa proa. ¿ Onde cargaría o cal ? .-En Punta Corveiro- no Estreito de Rande, están as ruínas dunha antiga caleira, co seu forno e cheminea case intactas cubertas de maleza. Tal vez cargara alí, pois aínda existe un primitivo peirao de pedra que cun corto pantalán de madeira sería operativo para a carga e descarga.

AGOSTO DE 1.890.- CALEIRA DE PUNTA CORVEIRO – DOMAIO

Traballárase duro dende o día anterior estibando barricas de cal para levantar áncora, aproveitando a baixante da marea, rumbo a Ferrol.

20,00 horas.- Unha columna de fume negro sae pola cheminea do “**CROSS**”, a caldeira xa ten presión suficiente. Soltamos amarras mentres o Sr. Antonio, o noso patrón, cambia saúdos coa xente de terra lanzando dúas asubiadelas longas co seu chorro de vapor destacando no aire.

Ó pouco tempo navegamos cara á saída da ría nun mar aliso e transparente deixando atrás todo un rosario de praias e pobos: Domaio, Peña do Arroas, Meira, Moaña,...

Pasada a Pedra do Pego, á altura de Punta Rodeira, divisamos Cangas e o grumete <Andrés> a saúda dende o castelo de proa, sacándose a gorra e invocando ás bruxas, pois Cangas é terra de meigas.

Ó momento o patrón deulle un grito ordenándolle que deixe de cometer imprudencias pois a pesar do seu enorme corpachón, é home temeroso de Deus e do Demo.

Supéramos a Baía de Cangas, damos resguardo ó baixo Salgueirón (trampa de máis dun navío confiado) e metémonos de pronto nun banco de néboa espesa que ninguén soubo dicir de onde saía, pois apareceu de súpeto e envolveunos totalmente.



O sr. Antonio, maldicindo ó grumete, ordena a este que se poña a dar toques de campá de aviso na néboa e que dous homes nos poñamos a proa atentos por se nos cruzamos con algún barco.

O "CROSS" segue navegando a media máquina. O patrón leva o rumbo polo compás e non pode ver dende a ponte nada máis que a densa néboa que dende o meu posto de proa parece que se pode cortar cun coitelo, de tan espesa que está.

O mar segue liso sen unha onda ni un rizado na súa superficie debido á ausencia total de vento. Isto fai que a sensación de desorientación sexa total.

Só se escoita o compasado e lento ruído da máquina de vapor, a sirena que en intervalos dun minuto fai soar o patrón e as maldicións deste, que non lle gusta a idea de ter que fondear antes de saír a mar aberto si a néboa non levanta.

A tripulación vai en silencio e atenta ó menor ruído de outro navío. A situación faise tensa e desagradable; non sabemos a que distancia estamos da última punta da ría, antes do mar aberto, pero presentimos que dentro de pouco tempo achegarémonos á costa e fondearemos.

Levamos navegando uns 15 minutos nestas condicións, cando de súpeto, un forte golpe fai estremecer todo o barco e escoramos perigosamente a babor, ó mesmo tempo que nos detemos. ¡ Encallamos !

Un forte gorgolexo procedente da bodega indícanos que a vía de auga é importante, pero énos imposible chegar a ela por mor da carga que levamos.

Na confusión do momento, a penas sabemos onde nos atopamos, non se ve máis alá duns cantos metros. O barco cada vez se escora máis. Sentimos como está esvarando da pedra onde quedou varado cun sinistro ruído metálico do roce das chapas de ferro do casco.

O sr. Antonio ordena calma e que arriemos o bote de cuberta que o CROSS está ferido de morte e dun momento a outro vaise a soltar das pedras empuxado pola forte corrente da baixamar. Non hai nada que facer.

Subimos os catro ó bote e afastámonos con fortes golpes de remo. Perdemos de seguida de vista o barco, pero inmediatamente escoitamos uns fortes ruxidos seguidos do fragor producido ó afundirse.

Atopámonos desconcertados e non sabemos cara a onde vogar, cando de súpeto a néboa arremuñase e como se fora un tornado vemos como o mar a traga.

De novo o radiante sol do atardecer, o ceo limpo e o mar tranquilo, como si espertásenos dun pesadelo, pero sen rastro algún do noso barco que xa repousa no fondo coa carga de cal nas súas entrañas.

Recoñecemos ó momento a costa onde nos atopamos. Moi próximos á Praia de Area Milla. Vogamos a modo e en silencio ata a orela e subimos ó bote pola area ata deixalo fóra do alcance da preamar. Entón dámonos conta de que un enorme macho cabrún nos está observando fixamente dende o alto dun penedo.

O patrón comprende o sucedido e dinos:


- Esta é a explicación do ocorrido. Hoxe haberá lúa chea e as meigas virán á praia de Area Milla como é costume e serán cubertas polo demo en forma de macho – cabrún, segundo a antiga lenda.

Aí está esperándoas. El é quen provocou o afundimento do CROSS.

¡ Persignádevos e marchémonos correndo !

Así chegamos ó cabo de media hora a Cangas. O que máis e o que menos levabamos os pelos de punta, así que nos diriximos á Colexiata para confortar as nosas ánimas con Deus.

Máis tarde fomos á taberna do "Manco" a reconfortar o corpo cunha boa queimada e espantar as meigas. Decembro de 1.975



CONCLUSIÓN

Evidentemente o barco desta historia non é o "SOUTHERERN CROSS". Basta con consultar o excelente traballo de Lino J. Pazos "Naufragios en las Rías Baixas", para comprobar que era un barco moi distinto e moito máis grande. A súa perda descríbena detalladamente na súa obra, o que pasa é que a xente maior da zona recorda escoitar falar do seu encallamento.

Aínda así, penso que a historia do barco co seu descoñecido nome, podería ser moi aproximada, pois ademais de ter un encanto, o certo é que ó pé da Borneira repousan os restos dun barco de cabotaxe de data imprecisa, tal vez de finais do S. XIX, coa súa carga de barricas de cal.

Fai tempo, a miña curmanciña Alba María, de 7 anos, díxome: "Curmán, ¿verdade que si non hai fantasía non hai vida?". Penso que tiña toda a razón do mundo por iso hai xente que vive un pouco morta...

Iso mo dixó cando íamos de aventura con outros amiguiños da súa mesma idade na procura da cova do Pirata Soto; pero iso é outra historia.

O MOSTEIRO BENEDICTINO DE SAN CIBRÁN DE CALOGO NA IDADE MEDIA

Por: Teresa C. Moure Pena
Universidade de Santiago de Compostela

Na comarca do Salnés, na denominada Terra de Lobeira, preto do antigo poboado castrexo de Calogo¹, alzábase, no ámbito da hoxe parroquia de Santa María de Caleiro e dentro do partido xudicial de Vilanova de Arousa, o desaparecido mosteiro de San Cibrán de Calogo, un cenobio pouco coñecido e escasamente estudiado do que unicamente conservamos hoxe en día o recordo e algunha testemuña arqueolóxica.

A escasa fortuna de que gozou este mosteiro na historiografía galega pode que se deba sobre todo a que as noticias documentais conservadas da súa realidade histórica son máis



ben exiguas². En efecto, lembrar a realidade histórica do conxunto monacal a partir das fontes documentais resulta complexo pois estas se revelan claramente insuficientes e presentan nalgúns casos claros sinais de interpolacións e manipulacións que levaron a articular teorías erróneas sobre

¹ O antigo poboamento desta zona queda confirmado polos múltiples achados arqueolóxicos casuais dende mediados do século XX. Sobre estes achados véxase Blanco Freijeiro, 1957; Filgueira Valverde e García Alén, 1959; Estefanía Álvarez, 1960; Cava Nieto, 1972; Moledo Pérez e Pascual Vázquez, 1982; etc.

² Para García Álvarez, a ausencia case que absoluta de documentación sobre Calogo explicárase polo carácter familiar do mosteiro xa que, según este historiador, "mientras un monasterio se hallaba bajo el régimen de herederos nadie le hacía donaciones" (García Álvarez, 1973).

o papel xogado por esta comunidade monástica na historia do monacato galego. A miña contribución, neste caso, no pretenderá ser máis ca unha aproximación á realidade deste antigo mosteiro e ao seu recordo histórico e artístico, que considero merecente coma mínimo dunha mirada de curiosidade.

--- o ---

A comezos do século XVII, frei Antonio de Yepes, na súa clásica obra *Crónica General de la Orden de San Benito*, recuperaba o recordo do mosteiro proporcionando unha serie de datos relativos á súa orixe³. A esta primeira referencia vaise engadir con posterioridade a de López Ferreiro, que no contexto da súa obra sobre a Catedral compostelá fará unha serie de alusións ás testemuñas documentais atribuídas a Calogo e ao seu contido. Non obstante estas primeiras aproximacións, o encargado de recuperar o interese polo mosteiro será Rubén García Álvarez; os resultados das súas investigacións supoñen dende o punto de vista histórico-documental o traballo máis acabado sobre o tema, xa que aporta datos de inapreciable valor para o estudo da súa evolución histórica. O minucioso análise das fontes conservadas permitirá a este historiador revisar certas cuestións en relación cos comezos do cenobio e demostrar que a partir dunha interpretación errónea das devanditas fontes se articularon forzadas teorías, dificilmente sostibles, que pretendían converter a Calogo nun precedente directo de San Martiño Pinario⁴. Xa máis recentemente, e dentro do contexto xeral da súa grande síntese sobre a historia do monacato galego, Sá Bravo dedica un capítulo especial a Calogo no que aporta algunhas novas de carácter histórico e incluso artístico⁵. Con posterioridade, abrírase unha etapa caracterizada polas descricións breves ou polas noticias incluídas en obras de carácter xeral que, en grande medida, se limitan a reiterar boa parte dos datos aportados polos autores precedentes⁶.

³ Yepes, 1613, III, fol. 93v-94r.

⁴ García Álvarez, 1973.

⁵ Sá Bravo, 1972, II, 117-119; 1974, 162-163.

⁶ Linaje Conde, 1973, III, 113; Puertas Tricas, 1975, 70; López Alsina, 1988, 190-191; Andrade Cernadas, 1997, 98, 137, 171; Freire Camaniel, 1998, 657-659.



OGANDO, S.L.

AUDIO - VIDEO

SERVICIO TÉCNICO

VÍA DIGITAL

Telefónica
MoviStar

Dr. Touriño, 8 - Teléf. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARIN

Unha das primeiras cuestións que suscita a historia deste antigo mosteiro beneditino xurde en torno á súa fundación. No actual estado da investigación, e considerando o baleiro de fontes documentais, resulta imposible proporcionar unha data segura a respecto das orixes históricas do mosteiro e do asentamento da comunidade relixiosa. Descoñecemos tanto a data na que se fundou coma o nome do seu fundador ou fundadores. Hoxe por hoxe, a información proporcionada por Fr. Antonio de Yepes⁷-recollida dunha obra de Fr. Prudencio de Sandoval a propósito da vida de San Fructuoso de Bragade que o mosteiro fora erixido en datas moi temperás polo dito bispo, carece de base documental e non atopamos razóns que permitan supor que Calogo fora unha fundación fructuosiana⁸.

A primeira testemuña documental conservada que se refire ao noso mosteiro é o diploma rexio de 12 de maio do 879 polo que o rei Afonso IV, a rogos do bispo de Compostela Hermenegildo, concedía privilexio de coto ao mosteiro de San Cibrán de Calogo e lle confirmaba a posesión das salinas que os monxes instalaran en Usa⁹. O documento parece estar antedatado, xa que a presenza de certas anomalías no seu contido dan a base para rexeitar a data que expresa, e conducen a García Álvarez a datalo no ano 922, aunque chegou ata nós nunha copia redactada no século XII¹⁰.

Tamén antedatada e manipulada é a doazón outorgada o 3 de maio do ano 946, cando Gundilano Gundesindiz facía entrega ao mosteiro e ao seu abade Viliato da "*ecclesiam quam manibus nostris edificavimus in nostro proprio solo*" baixo a advocación de San Cornelio e San Cibrán, dotándoa, ademais, de todo o necesario para o culto, "*altario cruces et capsam argenteas vestimenta atque ornamenta*"¹¹. Este manuscrito, dos máis ricos do repertorio documental pertencente ao cenobio, supón unha testemuña de máis que notable interese en canto que consigna datos de certa relevancia. En efecto, a documentación vén confirmar a realidade dunha primitiva igrexa prerrománica hoxe desaparecida, ricamente dotada e entregada para o uso da comunidade monástica; unha comunidade que, polo que se pode colixir, estaría integrada

por dezaseis monxes presididos por un abade, Viliato. Esta doazón chegou ata nós en copia do século XII-XIII, e a maior parte dos autores que a estudaron aceptan coma data verdadeira a de 3 de maio do ano 846 que é a que figura no manuscrito, e, por suposto, ningún deles pon en dúbida a súa autenticidade. Non obstante o anterior, se cadra deberíamos ser cautos ao aceptar este instrumento documental, xa que certas irregularidades na caligrafía e anomalías no contido da doazón levaron a Rubén García Álvarez a considerar a imposibilidade de que o documento correspondese coa data que expresa, afirmando que a escritura en cuestión pertence o século X, e máis concretamente o pontificado do bispo Hermenegildo¹², quen subscribe o diploma, polo que, segundo García Álvarez, é evidente que non pode ser datado con anterioridade ó ano 946. Ademais de estar antedatado, a análise do manuscrito leva o historiador a poñer en entredito a autenticidade dun texto que da mostras de ter sido refeito e de atoparse fortemente interpolado, polo que quizais debamos, se non descartar esta primeira fonte, si polo menos mantela nunha prudente corentena¹³.

Tras máis dun longo século de silencio, chega ata nós unha nova testemuña documental de singular interese. Trátase da doazón do ano 1114 outorgada á sé de Compostela por un home, Ramiro Muñiz, que decidía facer entrega dun certo numero de bens entre os que se incluía "*portionem sumá Monasterii de calogo, cum suis adjunctionibus...*", que comprendía as vilas de Caleiro, ademais Callerii, e Cores, ademais da súa parte de Deiro e nas vilas de Usa, Corbillón, Unio, Portas, Lois e Santa María de Besomaño¹⁴. Do documento parece deducirse con bastante claridade que o mosteiro puidera ter sido na orixe un cenobio familiar que co tempo, coma sucedera con bastante frecuencia, acabou dividíndose en varias partes entre os seus herdeiros; deles, Ramiro Muñiz determinou ofrecer a parte do mosteiro de Calogo que lle correspondía, con todas as súas rendas e xurisdiccións. Nesta época, as doazóns de igrexas ou mosteiros polos seus propietarios eran bastante frecuentes, e normalmente os doadores obraban a impulso da piedade coa esperanza de asegurar as necesarias prácticas devotas que garantiran unha poderosa axuda para a consecución da vida eterna e o seu tránsito ao Máis Aló.

⁷ Yepes, 1613, IIII, fol. 93v-94r; Edic. de Pérez de Urbel, I, 160. Álvarez Limeses, 1935, 484; García Álvarez, 1973, 254-255; Puertas Tricas, 195, 70; Núñez Rodríguez, 1978, 66.

⁸ Álvarez Limeses, 1935, 484; García Álvarez, 1973, 254-255; Puertas Tricas, 195, 70; Núñez Rodríguez, 1978, 66.

⁹ Ucha, parroquia de San Mamede de Corbillón, municipio de Cambados, Pontevedra.

¹⁰ Sobre este documento véxase López Ferreiro, 1890 -edic. facsímil, 1983, II, 294-; García Álvarez, 1964, 653, n° 229; 1973, 258-263.

¹¹ Este documento figuraba entre os fondos documentais do mosteiro de San Martiño Pinario. Existe unha copia no Arquivo de Santo Paio de Antealtares nunha pequena colección documental titulada *Traslado de los Privilegios y de otras escrituras que se hallan en el Archivo del Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago*. Documento 64 (Buján Rodríguez, 1996, 293, 297).

¹² O pontificado deste obispo exténdese dende o ano 924 o 951.

¹³ Esta referencia documental chegou a coñecemento de Yepes, que prometeu tratar dela con posterioridade na súa *Coronica* pero nunca chegou a facelo. Tamén foi recollido por López Ferreiro, que da por correcta a data do ano 846 que figura no manuscrito. Será transcrito integramente por Lucas Álvarez na súa Tese doctoral, na que aborda o estudio histórico-diplomático da colección documental do Mosteiro de San Martiño Pinario (Yepes, -Edic. de Pérez de Urbel, II, 65-; López Ferreiro, 1899 -Edic. facsímil, 1983, I, 271-; Lucas Álvarez, 1948). Sobre o estudio deste documento, véxanse os magníficos traballos de García Álvarez (1973, 263-266; 1975, 121-122).

¹⁴ *Historia Compostellana*, lib. I, cap. 1000, párr.4, Edic. de H. Flórez, XX, 188-189; López Ferreiro, 1890 -Edic. facsímil, 1983, III, 444-.


Coma vemos, unha boa parte do mosteiro de Calogo foi a parar a comezos do século XII á igrexa compostelá. Todo parece indicar que por estas datas o mosteiro aínda no se convertera nun cenobio dependente e baixo o dominio de San Martiño Pinario. En efecto, a confrontación dalgunhas fontes documentais confirman que Calogo, durante a primeira metade do século XII aínda non se encontraba suxeito a San Martiño; así, no ano seguinte, o arcebispo de Santiago Diego Gelmírez confirmaba, por medio dun privilexio, os cotos que dende tempo atrás posuía Pinario e que se atopaban en terras do señorío compostelán sen facer mención algunha a Calogo¹⁵; o mesmo que na confirmación feita por Alfonso VII ao citado mosteiro de San Martiño no ano 1148¹⁶, no que se omite calquera referencia a aquel. Agora ben, na confirmación outorgada polo Papa Anastasio IV o 8 de abril de 1154, xa figura entre as posesións da Igrexa compostelá o mosteiro de "Cologio", e do mesmo xeito figura na confirmación do 20 de marzo de 1178 outorgada polo Papa Alexandre III¹⁷. Probablemente, a anexión teríase producido no ano 1152, cando se levou a cabo a separación completa de Antealtares e Pinario da Catedral e a sede compostelá debía facer cesión dos seus dereitos sobre as propiedades de Calogo, que pasará a depender da comunidade compostelá e, tal e como sinalou Andrade Cernadas, terminará por se converter no centro xeográfico das cuantiosas propiedades que Pinario reunía en torno á ría de Arousa, en especial na comarca do Salnés¹⁸.

A última doazón outorgada ao noso mosteiro da que temos constancia documental data do ano 1199, cando Urraca Fernández lle facía obxecto da súa devota xenerosidade especificando, nas súas disposicións testamentarias, que se doase a favor do mosteiro de "Calagu XX soldos"¹⁹. Aínda tendo en conta que San Cibrán de Calogo non acadara unha

grande prosperidade material, o século XII debeu de ser de grande apoxeo para o noso mosteiro, xa que a construción da súa igrexa románica -que por fortuna coñecemos pola documentación gráfica recollida por Álvarez Limeses con anterioridade á súa desaparición aos comezos do século XX- é unha clara testemuña en pedra do período de esplendor polo que atravesaba a comunidade monástica.

A partir dos finais do século XII asistimos a un silencio documental que perdurará ata finais do XVIII, momento no que se data un *Libro de Fueros* que se conserva no Arquivo de Santo Paio de Antealtares; nel foise compilando unha serie de novas e referencias a documentos do XVI, todas elas

pertencentes ao mosteiro de Calogo e algunhas de certo interese xa que inclúe información sobre diversos aspectos da vida do mosteiro e algunhas anotacións de carácter artístico. Unha referencia indirecta, intercalada entre a documentación acopiada, ven confirmar que a finais do século XVI as antigas dependencias monásticas comezaran a sufrir un importante deterioro que obrigou á comunidade a desatendelas e a trasladarse definitivamente á vila de Arousa, tal como participa a fonte documental, na que se especifica con claridade que "...mientras estuvo en pie la fabrica del Monasterio para poder habitar residieron alli el Prior y monges y después que se fue poblando de vecinos el puerto de Villanueva que tomo este nombre por ser población nueva y de arousa por estar junto a la isla de arousa se vinieron el Prior y los monges ala villa ansi por haverles faltado la comodidad



de la vivienda de arriba..."²⁰. O traslado dos monxes á vila, e o abandono das antigas dependencias, serán definitivos para a súa fortuna xa que todo parece indicar que dende entón o mosteiro e a súa igrexa padeceron o progresivo abandono e foron obxecto incluso da rapacidade. Así, pouco a pouco e co

¹⁵ López Ferreiro, 1890 -Edic. facsimilar, III, 97-104-.

¹⁶ Sánchez Belda, 1953, 119, nº 246.

¹⁷ López Ferreiro, 1890 -Edic. facsimilar, 1983, IV, Apéndices, doc. XXII, doc. LII-.

¹⁸ Andrade Cernadas, 1997, 98.

¹⁹ López Ferreiro, *Galicia Diplomática*, 84-89, doc. XX.

²⁰ Arquivo de Santo Paio de Antealtares: *Traslado de los Privilegios y de otras escrituras que se hallan en el Archivo del Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago. Relaciones tocantes a Villanueva de Arousa St. Cibrían de Calago.* Fol. 1.



Recigal
RECICLAXE DE GALICIA

Rolando González Milo
Xerente

Consumibles informáticos

Avda. Marqués de Valterra, 61 - Entrslo. Telf. 647 000 726 - Fax 986 102 627
CP 36910 - Estribela, Pontevedra

paso do tempo, tanto as antigas dependencias monásticas coma o templo propiamente dito fíronse derrubando, e daquel edificio que permanecera en pé durante tantos séculos só quedou o triste recordo e algunhas ruínas que aínda hoxe en día se conservan en estado de semiabandono.

--- o ---

Do conxunto de edificacións que noutros tempos configuraron o mosteiro de San Cibrán de Calogo tan só se conservan restos da antiga torre-campanario, xa que das primixenias dependencias e igrexa monásticas a penas queda nada. A documentación gráfica realizada con anterioridade á desaparición total do templo é limitadísima, o que dificulta notablemente o coñecemento directo do edificio, e tan só é paliada en parte polo recordo visual daqueles que aínda a comezos do século XX viran as ruínas da súa cabeceira en pé. As antigas fotografías recollidas por Álvarez Limeses na súa aportación á *Geografía General del Reino de Galicia* no apartado dedicado a Vilanova de Arousa, pasaron desapercibidas a cantos intentaron rememorar o templo. Anque o sabio López Ferreiro afirme que chegou a coñecer íntegro a ábsida, e que polas súas características a igrexa debía de ser de boas proporcións e posiblemente edificada cara finais do século XII, o certo é que a descrición que sobre este templo fai Gaya Nuño na súa obra sobre a *Arquitectura española en sus monumentos desaparecidos* supón a única aportación de carácter artístico publicada ata o día de hoxe²¹.

As testemuñas gráficas dadas a coñecer por Álvarez Limeses a comezos do século XX recollen a desoladora imaxe das ruínas da ábsida románica, nas que aínda se podía recoñecer unha primitiva cabeceira, de ábsida cuadrangular precedida por un tramo rectangular, cuberta por unha bóveda de canón apuntada, reforzada por un arco faixón apuntado sobre columnas entregas. Na época das fotos podía verse aínda o arranque do primitivo arco triunfal, dobrado e aparentemente apuntado, sobre columnas entregas. Estas enunciacións arquitectónicas resposta a prantexamentos moi xeneralizados na arquitectura románica pontevedresa dos fins do século XII, un período no que comezaran a se introducir na nosa rexión solucións e novidades técnicas que supoñen un claro anuncio do léxico dun novo estilo: o gótico. Ese é o caso da bóveda de canón apuntada, de utilización sistematizada en torno ao último tercio do século XII anque en Galiza, coma sinalou Bango Torviso, a súa introducción podería rastrexarse xa dende mediados dese século²².

En resumidas contas, todo parece indicar que o primitivo templo estaría organizado seguindo o esquema máis usual na arquitectura románica galega: un edificio dunha única nave rectangular e unha soa ábsida, anque con algunha que outra novidade de talante arquitectónico. En efecto, estámonos a referir á existencia da torre-campanario, de planta rectangular e completamente exenta, en realidade a única testemuña arqueolóxica do primitivo mosteiro. Basta con nos aproximar aos estudos xerais sobre arquitectura románica en Galiza para nos decatarmos de que o seu carácter exento resulta sorprendente pois o habitual é que estas estruturas aparezan adosadas ao corpo do edificio. A edificación conservada mostra un alzado organizado en dous corpos: un primeiro, edificado con sillares regulares, sobre o que se levanta o segundo, no que se dispoñen dous vanos organizados en arcos de medio punto sen moldurar destinados a albergar as campás, e que se apean directamente sobre pilastras. Respecto da súa función, case que con toda seguridade non se limitaría ao simple papel reservado ao corpo de campás senón que asumiría outras funcións axeitadas ás necesidades da vida comunal. Nesta orde de cousas, é moi interesante a referencia documental indirecta que nos proporciona a relación de documentos tocantes á xurisdicción civil e criminal da vila de Vilanova de Arousa do ano 1779, conservada no Arquivo de Antealtares, na que se fai referencia a outro tipo de usos e funcións. En efecto, no documento en cuestión recóllese a referencia a unha fonte documental do ano 1570, que á súa vez remite a un apeo do ano 1470 no que se especificaba que “*solia y acostumbravan poner los presos y llevarlos a la torre dela Isla o ala torre de Calago*”²³. A torre, coma un elemento máis da residencia comunal, é algo estraño nesta época, pero non por elo descoñecido neste tipo de pequenos mosteiros: ocorría outro tanto, por exemplo, na desaparecida igrexa do mosteiro beneditino de San Salvador de Sobrado de Trives (Pobra de Trives, Ourense), datada na segunda metade do século XII, no que se asentou unha comunidade beneditina feminina, e que conta tamén cunha torre exenta próxima ao templo²⁴.

As únicas novas documentais referentes á igrexa datan de época moderna. Son moi concisas e se limitan a unha serie de referencias indirectas contidas no *Libro de Fueros*. A información compilada neste Libro permite confirmar que, tal e coma era costume a comezos do XVI, as confrarías decidiron iniciar o labor de padroado artístico que pretendía unha anovación figurativa encamiñada a modernizar a imaxe do templo medieval; para elo, os membros da Confraría da Nosa Señora decidiron encargar un retábulo dedicado á Virxe para a Capela Maior da igrexa monástica. Sen embargo, e por

²¹ “Iglesia románica, de la que a principios de siglo permanecían dos tramos de presbiterio abovedado con cañón apuntado hacia la cabecera, cuadrada, con obra de buena sillería e imposta sobre dos pares de columnas. Arte selecto del siglo XII” (Gaya Nuño, 1961, 136).

²² Bango Torviso, 1979, 31.

²³ Arquivo de Santo Paio de Antealtares, *Traslado de los Privilegios y de otras escrituras que se hallan en el Archivo del Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago*, 53, Vilanova de Arousa.

²⁴ Moure Pena, T.C.: (2002, 114-115).

motivos que descoñecemos, a estricta prohibición do abade do mosteiro frei Fernando de Villa sobre a posibilidade de colocar o retábulo no templo determinou que o proxecto fose, se non definitiva, si momentaneamente rexeitado. Esta información ven reafirmala unha referencia na que se puntualiza que *“para mas certificación dela propiedad dela iglesia de St. Cibrián de Calago, vea un requerimiento que Fr. Fernando de Villa abad hizo a ciertos vecinos y cofrades de nra. Sra para que no pusiesen en el altar mayor de la dicha iglesia un retablo de nra sra y su respuesta que no lo ponian contra la voluntad del abad y que cada y quando mandasse la quitarian en el año de 1530”*²⁵. Probablemente, a raíz de este incidente a comunidade tomaría a decisión de que dende ese momento *“ninguno podia ni puede edificar en la dicha iglesia Capilla ni altar sin licencia del Monasterio”*²⁶. Outra referencia documental das mesmas datas sinala a antiga existencia dunha capela edificada *“a la parte del vendaval en la dha iglesia de St. Cibrian”*, baixo a advocación *“dela Madalena”*, na que os fregueses celebraban as misas, pero que co tempo debeu de resultar pequena para dar acubillo a tanta xente xa que a comunidade relixiosa víase na necesidade de permitir *“al Capellan que diga Missa enla Capilla Mayor para que los feligreses sean mejor administrados”*²⁷. A documentación estudiada non ofrece máis datos sobre o templo monástico, e as illadas referencias que ao través da súa lectura temos localizado constitúen pequenas reseñas a unha serie de estritas prohibicións dos priores de se sepultar no interior da igrexa ou de levantar edificacións en torno ao templo²⁸. De igual forma, a documentación non permite precisar en qué momento o templo comezou a sufrir os graves deterioros que resultaron determinantes para a súa fortuna posterior.



²⁵ Arquivo de Santo Paio de Antealtares, *Traslado de los Privilegios y de otras escrituras que se hallan en el Archivo del Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago*, 53, Vilanova de Arousa.

²⁶ Idem.

²⁷ Idem.

²⁸ *“Primeramente que en el Mº y Iglesia de St. Cibrian de Calago ninguno se puede enterrar en ella digo dentro della sin su licencia salvo aquellos que tienen ya lamparas compradas al Mº y al que le pagaba un ducado le daban lugar que pusiese lampara para siempre que esta era costumbre del dicho Monasterio y Iglesia”*, Idem.

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

Bibliografía citada

Álvarez Limeses, G.:

- (1936) *Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*, Ed. Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona.

Andrade Cernadas, J.M.:

- (1997) *El Monacato Benedictino y la Sociedad de la Galicia Medieval (Siglos V al XIII)*, Col. Galicia Medieval: Estudios, nº 3, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Sada.

Bango Torviso, I.G.:

- (1979) *Arquitectura Románica en Pontevedra*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

Blanco Freijeiro, A.:

- (1957) *Origen y relaciones de la orfebrería castrexa*, Cuadernos de Estudios Gallegos, 37, pp. 137-157.

Buján Rodríguez, M.M.:

- (1996) *Catálogo archivístico del Monasterio de Benedictinas de San Payo de Ante-Altars*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela.

Castillo López, A.del:

- (1987) *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

Cavada Nieto, M.:

- (1972) *Hallazgos monetarios en castros de Galicia*, Boletín del Seminario de Arte y Arqueología, XXXVIII, Valladolid.

Filgueira Valverde, J; García Alén, A.:

- (1959) *Adiciones a la carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*, El Museo de Pontevedra, XIII, pp.19-97.

Freire Camaniel, J.:

- (1998) *El Monacato Gallego en la Alta Edad Media*, II, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

García Álvarez, M.R.:

- (1973) ¿De Calogo a San Martín pasando por la Corticela?, *Compostellanum*, XVIII, 1-4, Enero-Diciembre, pp. 251-283.

- (1975) Sobre la fundación del monasterio orensano de Bóveda, *Bracara Augusta*, XXIX, 67-68 (79-80), pp. 111-143.

Gaya Nuño, J.A.:

- (1961) *La Arquitectura Española en sus monumentos desaparecidos*, Espasa Calpe, S.A, Madrid.

Linaje Conde, A.:

- (1973) *Los Orígenes del Monacato Benedictino en la Península Ibérica*, Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro", Madrid.

López Alsina, F.:

- (1988) *La Ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela.

López Ferreiro, A.:

- (1899) *Historia de la Santa, Apostólica, Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, I, II, III, Santiago de Compostela, (Ed. Facsímil 1983).

Lucas Álvarez, M.:

- (1948) *Estudio Histórico-Diplomático de la Colección Documental del Monasterio de San Martín Pinario de Santiago de Compostela*, Tesis Doctoral inédita, Zaragoza.

Moledo Pérez, E; Pascual Vázquez, J.C.:

- (1982) *Nuevos materiales procedentes del Castro de A Subida* (Marín), El Museo de Pontevedra, XXXVI, pp. 290-298.

Moure Pena, T.C.:

- *San Salvador de Ferreira de Pantón y San Salvador de Sobrado de Trives: Dos fábricas románicas emparentadas*. Tesis de Licenciatura inédita, Universidad de Santiago de Compostela, 2002.

Núñez Rodríguez, M.:

- (1978) *Arquitectura Prerrománica*, COAG, Madrid.

Puertas Tricas, R.:

- (1975) *Iglesias Hispánicas (Siglos IX al VIII. Testimonios Literarios)*, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid.

Sa Bravo, H.de:

- (1972) *El Monacato en Galicia*, II, A Coruña.

Sánchez Belda, L.:

- (1964) Catálogo de Documentos Reales, *Compostellanum*, IX, 4, Octubre-Diciembre.

Yepes, A, de.:

- (1609-1621) *Coronica General de la Orden de San Benito Patriarca de Religiosos*, I-VII, Irache-Pamplona-Valladolid.


- (1959-1960) *Crónica General de la Orden de San Benito*, I-III, Edic. parcial de J. Pérez de Urbel, Madrid.



HISTORIA DE DOUS PRESOS NA CÁRCERE VELLA DE VIGO

Por: José M.ª López Dóriga Aymerich

Vigo creceu ó longo do último século extasiada en si mesma. Adormecida, contempla indiferente como os vellos referentes da súa identidade (rúas e prazas, espacios e distancias, sabores e olores, homes e nomes) morren esquecidos baixo a piqueta apresurada do seu desenrolo. Poucos vigueses poderían imaxinarse hoxe que a súa cidade estivo rodeada durante trescentos anos por unha pretensiosa muralla que mal a defendía dos ataques de corsarios. Poucos saben que a precaria cerca defensiva, dentro da cal amontoábanse uns cinco mil habitantes; comezou a quedarse pequena fai a penas 100 anos e a cidade creceu “por fóra” da muralla (Alameda, Príncipe, Carral, Colón) ocupando terreos gañados ó mar e ó campo. Outros tempos.



“As rúas, ata as máis estreitas, son suficientemente longas para aprender algo delas”. Isto me comentaba o meu amigo Ruí, cando aquela tarde, despois dun longo paseo polo Vigo antigo, encamiñámonos pola rúa Oliva cara á Praza da Pedra, co ánimo de tomarnos uns viños en “El Mosquito”. Estabamos fatigados despois de subir a empinada rúa Laxe, onde ó pé existiu a Porta da Laxe, entrada natural á vila do tráfico de viaxeiros e

mercadorías que subía do primitivo porto a Laxe e onde segundo me explicaba, as murallas estaban pobremente defendidas con media ducia de canóns de bronce, trinta e sete canóns de ferro e algún morteiro de bronce. Un coñecido gravado danos gráfica idea do baluarte e batería de a Laxe, onde decorativos artilleiros fan garda ó lado de canóns e pirámides de esféricos proxectís.

Detiverámonos nun lateral da Colexiata cando a min me chamou a atención un estreito e vello vial que era e é coñecido como Cárcere Vella. A rúa, que remata na escalinata de Subida á Pedra, recibe o seu nome ó acoller, dende o século XVIII ata 1880 en que se abre a nova cárcere da rúa do Príncipe, en varios dos seus inmobles a **Vella Cadea** de Vigo.

Esta rúa, e as sinistras dependencias que nela se albergaban, son o escenario desta historia que en “El Mosquito”, e baixo a seria mirada da súa propietaria, dona Carmen, acompañada de políticos, futbolistas, actores,..., todos eles inmortalizados polo ollo dunha cámara e enmarcados nunha parede, Ruí relatoume:

Corría o ano 1830 e Américo languidecía sentado nunha vella banquetta na cociña da Vella Cadea,..., na súa man dereita esgrimía unha vella trompeta e disertaba sobre ela dirixíndose ós aburridos carcereiros e ós indiferentes reclusos que alí se atopaban por orde expresa do alcaide, para matar as interminables horas das noites de outono:

“A trompeta é un instrumento musical aerófono formado por un tubo de cobre dobrado sobre si mesmo, cun pavillón en forma de embude nun dos seus extremos e embocadura curvilínea no outro. Posúe un xogo de válvulas e, para facilitar a súa afinación, unha vara extraíble que alonga ou acurta a lonxitude do tubo. As trompetas máis frecuentes están en Do e en Si bemol, levan tres válvulas e o seu rexistro é de dúas oitavas e unha sexta maior.

O termo trompeta é de uso xenérico e, dentro da familia dos aerófonos de metal, aplícase a tódolos instrumentos que posúen un tubo aberto cunha acusada conicidade. Segundo Corominas (1954), o nome procede do francés trompette ou do catalán trompeta, diminutivos coñecidos dende o século XIV. Na seguinte centuria os poetas casteláns empregaron, con bastante frecuencia, o vocábulo trompeta. Esta voz presentárase as veces como equivalente de clarín e de añañil, ambas trompetas de diferentes características. En Grecia o seu nome máis xenérico foi salpink, mentres que en Roma foi coñecido como tuba.

Os seus antecedentes históricos máis remotos remóntanse ó Paleolítico coa utilización dun instrumento de vento, tallado en hasta ou óso ata o nacemento da metalurxia, que se empregaba na emisión acústica de sinais, con fins militares, fúnebres ou sagrados. Na cultura mesopotámica a trompeta foi adquirindo certo grao de refinamento, ó igual que ocorreu na civilización exipcia. Na tumba do faraón Tutankhamon (1350 a.C.) apareceu unha trompeta de algo máis de 58 cm. de lonxitude, tallada en prata e en bronce. Un pouco máis curta, duns 45 cm., era a empregada polos hebreos”

Américo levaba en prisión máis que calquera outro recluso e nin os máis antigos funcionarios recordaban velo ingresar. Home de poucas palabras e enigmático sorriso, con ninguén falaba dos escuros motivos que alí o levaran. **“E doado de falar cando un non quere dicir a verdade”**, era unha das súas frases favoritas, cando alguén lle preguntaba ó respecto.

Músico de profesión, estivera enrolado nunha banda militar, onde coa súa querida trompeta amenizara desfiles, paradas e concertos baixo antigas marquesiñas... Hoxe, o seu único consolo na soidade da súa cela.

Ó cabo de moitos anos de internamento, conseguira que lle deixaran tocar as súas melodías, cousa que a un funcionario con corazón endurecido e con mente ensombrecida, non lle agradaba, ó pensar este, que todo o mundo que alí estivera penando, carecía de liberdade, dignidade e calquera outra cousa que a el se lle ocorrera.

Conta a lenda que os presos sacaban as mans entre as reixas das ventás para pedir esmola á xente que pasaba, que sempre era pouca... Un día fuxiu un preso portugués e nunca se soubo como. Despois colocaron na parte baixa dos ferros, bloques de porlán, e xa non volveu a fuxir ninguén. O certo é que aquel inverno de 1830 ingresou na vella cadea un xove e aposto portugués chamado Joao, mariñeiro de profesión e que por eses estraños avatares da vida, terminara traballando nunha rica casa da rúa de La Oliva, onde se namorara da filla do amo, amor que lle era correspondido e que por suposto non era do agrado da familia dela. Pronto atoparon unha solución para afastalo definitivamente do seu lado, e ademais da maneira máis ruín que se lles ocorreu,... acusalo dun delito que xamais cometera.



Un día, aproveitando a súa ausencia, depositaron certos obxectos de valor entre as súas pertenzas para acto seguido denunciar a súa desaparición. De nada serviu a súa defensa e os seus xuramentos; unha vez máis a lei púxose a favor do poderoso e así Joao foi dar cos seus ósos á vella cadea soamente cun convencemento,... **non se pode confiar nas malas persoas, non cambian xamais.**

noticiasgalicia.com

www.noticiasgalicia.com

noticiasgalicia@ctv.es
tfn. 986 864 847
fax. 986 844 125

Nesta páxina poderá consultar a nosa Revista AUNIOS. Nela de forma periódica irán publicando tódolos artigos. Varios dos colaboradores de AUNIOS escriben tamén, artigos de alto interese histórico, etnográfico e cultural.
Non deixe de visitarnos en: www.noticiasgalicia.com

En prisión, pronto Joao atopou consolo á súa desgracia no vello Américo que, en silencio, escoitaba a historia do xove e o seu ánimo de odio e de vinganza. El sempre lle contestaba coa mesma frase: **“Dende o intre en que un non pode esperar a vingarse, comeza a odiar... e odiar a alguén é outorgarlle demasiada importancia”**. Pero Joao era dos que prefiren vivir un día na terra que cen anos na historia e puxo a súa imaxinación a traballar para ver a maneira de fuxir de aquel pesadelo.

Así pasaban lentos os días, sentado Joao escoitando tocar ó vello a súa trompeta e ó vello escoitando os plans de fuga de Joao que lle falaba da súa vella aldea en Portugal, preto do mar, onde esperaba moi pronto fuxir coa súa amada e alí mercarse unha barca para facerse ó mar. Soamente un día Américo faloulle do pesadelo que lle torturaba; vía nos seus soños unha seca e vella

melancólica sonata sen reparar que aquel mesmo día facía a rolda o seu encarnizado inimigo funcionario. Este, colérico, arrancoulle de entre as mans a trompeta e estrelouna contra o chan para, a continuación, pisala con fereza estragándolle a boquilla e deixándolla totalmente inservible. De nada valeu que Joao tratara de impedirlo, máis que conseguir que o enchera de paos e que o tivese prostrado dous días no seu sucio xergón. Cando espertou, atopouse o seu lado ó vello; a súa mirada totalmente oca era irrecoñecible, perdera o que máis amaba. Nas súas mans portaba a desfeita trompeta, achegoulla e díxolle : **“as ideas non duran moito. Hai que facer algo con elas”**, e sen dicir nada máis, levantouse e saíu. Joao non tardou en comprender; agarrou os restos metálicos da trompeta e con eles, en poucos días, puido escavar pola parte baixa dos ferros da súa cela, un oco o suficientemente grande polo que puido fuxir.


Ó final do verán daquel mesmo ano, Américo durmía na súa cela da que nunca máis saíu, cando outra vez o pesadelo asaltouno, pero... ¡¡¡era distinto!!!. Nos extremos das secas ramas da vella árbore xurdían uns fermosos brotes verdes. Estendeu unha man e tomou un deles. ¡¡¡entón comprendeu que ganara a súa liberdade!!!. As gargalladas do vello atronaron toda a prisión,..., carcereiros e reos pensaron que perdera o pouco xuízo que lle quedaba. Ó día seguinte atopárono morto na súa cela; o

rostro serenáraselle e a súa boca esbozaba un enorme sorriso. Ninguén se explicaba de onde podía sacar aquel brote verde que agochaba na súa man.

Ese mesmo día, na barra dunha taberna de pescadores dun belo pobo mariñeiro do norte de Portugal, unha folla parroquial rezaba o seguinte: **“Onte naceu un varón, fillo de Joao e María, ó que os seus pais poranlle o nome de Américo”**.



árbore que nunca florecía, e sabía que ata que o vira verdecer, xamais el podería conseguir a súa liberdade. Intrigado Joao, preguntoulle o motivo da súa longa permanencia naquel lúgubre lugar, ó que, enigmático o vello, respondíalle: **“aprendín que unha vida non vale nada, pero tamén que nada vale unha vida”**, e ó dicir isto, grandes bágoas esvararon polas súas alladas meixelas,... empunhou a súa trompeta e púxose a tocar unha



INVENTARIOS "POST MORTEM" E PREOCUPACIÓNS ESCATOLÓXICAS

Por: Francisco Calo Lourido

Fago votos para que esta revista non remate no presente número, tal como se me anunciou ó me solicitar esta, se a situación non varía, derradeira colaboración. Nas dos números anteriores tratei temas inéditos, extraídos directamente dos fondos documentais, sobre Ons, Portonovo ou O Grove, e para esta non se me ocorre nada mellor que desenrolar o anunciado no título a xeito de despedida, sen esquecer que os inventarios *post mortem* son unha fonte de datos de grande utilidade para reconstruír o pasado. O que pretendo, neste caso, é comparar os bens de dous mariñeiros coetáneos de desigual fortuna e, aínda que esto non sexa




nada rigoroso, pola distancia cronolóxica, dar a coñecer as inquedanzas dun veciño adiñeirado da mesma zona¹.

"En la villa de los grobes a veynte dias del mes de março de millysseiscientos y veinte y tres años" faise reconto e inventario dos bens de Marcos García, morto no Reino de Portugal, a onde fora en calidade de comerciante. En ningún lugar do documento se di que se tratara dun mariñeiro, pero os bens que deixa evidencian que esta era a súa profesión. Por outra banda non é nada estraño que, sendo mariñeiro, se dedicara tamén ó comercio, actividades que tradicionalmente andaban aparelladas, como moi ben

sabemos pola xenerosa documentación pontevedresa que nos presenta ós mareantes baixo o patrocinio do Corpo Santo ou de San Miguel, segundo se dediquen a pescar ou a navegar levando mercadorías para comerciar².

A viúva do tal Marcos García, Constanza Gómez, que di non ter fillos del, pero si de dous matrimonios anteriores, pide que se faga inventario e taxación de tódolos bens do defunto. Chegados o escribán e as testemuñas á súa casa, no Grove, anotan o seguinte: *3 caldeiras de cobre de poñer ó lume, outra para auga e aínda outra pequena, cinco picheis de estaño, tres bacías de madeira, 9 redes "sardiñeiras chumbadas" de a 2 e 3 augas e outras 3 vellas, 2 espineis do congro novos e outro sen rematar e 4 candeeiros; abren cinco huchas e atopan dentro 6 "almadriquezas" (almofadas) recheas de la, 10 sabas de lenzo, outras 2 almofadas e aínda 7 máis, xa vellas, tamén recheas de la, 6 manteis, 6 panos de mesa, 1 cobertor usado, 3 cabezais de cama recheos de la, 4 mantas de Castela usadas e outras catro de albeo, así como roupa do finado. Unha "chaleira" (caixa para trebellos do mar) con aparellos, cordas e 10 liñas, todo usado, unha mesa de gonzos cos seus pes, tres cadeiras de madeira de respaldo e unha cunca de prata sobredourada. Van logo á adega onde hai un tonel de viño branco de 3 pipas e outro de tinto de 2 pipas. Noutra casa hai un tonel máis, neste caso con viño ullán da terra. A continuación, a viúva, baixo xuramento, declara que nunha casa de Santa Baia de Nantes ten 3 vacas, noutra dun veciño do mesmo Grove media vaca e medio becerro, noutra máis de San Vicente do Grove 2 ovellas novas e vellas, grandes e pequenas. O defunto tamén comprara unha egua e un veciño de San Vicente estalle a deber 6 ou 7 ducados e outro unha "rapada" de millo e outro real e medio ou 2 reais. Igualmente di que o defunto, ó ir para Portugal, levou viño para vender e sacou da casa dela certa cantidade de polbo (non sabe canta) que tamén vendeu*



C/ Sol, 40 - 42
15402 - FERROL
Tel./Fax: 981 359 171

DECOCVADRO, S.L.
COMERCIAL DE BRICOLAGE Y FERRETERIA

Especialistas en:

- Armarios empotrados
- Puertas blindadas
- Puertas de interior
- Muebles a medida

"Aproveche durante este mes nuestras ofertas"

- Encuadernación de cuadros
- Objetos de regalo
- Junquillos, frisos y tarimas

en Portugal, pero ignora igualmente a canto, anque ten no seu poder, da venda do mesmo, 1660 reais. Engade que, antes de casar, tiña ela moitos máis bens e polbos e outros enxovais de moito máis valor dos que agora ten. E engade que gastou moito en Portugal cos funerais polo home. Remata o inventario, que asina, entre outros, seu propio sogro.

En “La villa de Portonovo a dos días del mes de mayo de mill y seiscientos y veinte y nueve”, a petición da súa viúva, Inés da Fonte, faise reconto dos bens de Alonso de Reis, mareante, morto hai 5 ou 6 meses. Deixou catro fillos menores: Inés, María, Xoán e Andrés. O inventario botou os seguintes bens:

Unha tinalla para o viño, unha mesa de gonzos con cadea, unha caldeira de “encascar” de cobre de poñer ó lume, un arcabuz cos seus frascos e unha espada, unha maseira de pao de “encascar redes”, I barril para o viño, unha “basía de palo viexa” e outra pequena, unha hucha de pao, unhas brazas de rede “casoeira” branca, 5 redes “casoeiras” vellas con cortizas e trallas, 7 brazas de rede branca sardiñeira nova e 1 rede sardiñeira vella chumbada. Dentro dunha hucha de madeira para roupa: 4 almofadas, unha de seda colorada e tres

brancas de lenzo vellas e cheas de “batumen”, 1 cabezal listado usado recheo de la, 5 sabas e 4 táboas de castaño. Declara tamén que a casa on de vive é propia e que na de Xoán de Nogueira ten un recipiente de quince canadas.

Se comparamos os dous inventarios, apreciamos unha notoria desigualdade económica; pero temos uns elementos comúns. Vexamos.

Ningún dos dous finados tiña barco propio, pero si aparellos dos comúns na época, a saber: sardiñeiras, é dicir, xeitos, espineis ou palangres e cazoeiras ou raeiras, así

como liñas. Cómpre facer notar que, malia escribir todo en español, as redes son “sardiñeiras”, “casoeiras”, teñen “trallas” e están “chumbadas”, tal como hoxe falan os nosos mariñeiros, mesmo co seseo. E non faltaban as maseiras de madeira e as caldeiras de cobre para encascar, o mesmo que aínda hai poucos anos entre nós. Ó non haber mención a embarcacións, hai que pensar que andarían ó mar en barcos alleos, aportando os seus quiñóns de aparello. Malia a pobreza do segundo, non faltaba a tinalla para o viño, pero non había comparación co anterior que tiña toneis para branco, tinto e ullán. O enxoval do primeiro era rico en cantidade e en calidade, facendo notar as moitas almofadas recheas de la contra as poucas do segundo e recheas de “batumen”, o que supoño sería palla, certamente moito máis barata e que se empregaría ata que, anos despois, fose substituída pola folla


do millo chegado de América.

Merece ser considerado o feito de ter o primeiro un número importante de facenda en diferentes casas. Esta práctica durou ata hai poucos anos, pois os mariñeiros que conseguían facer algo de diñeiro procuraban investilo, mercando vacas, eguas e ovelas “á ganancia”, é dicir, poñendo o diñeiro e entregando os animais a un labrador con poucos

recursos que os tería como propios, pero indo a medias nas plusvalías por venda dos mesmos ou das súas crías. Era un xeito de diversificar capitais e de ter algo relativamente seguro na súa incerta profesión nos tombos do mar.

Vexamos agora un terceiro caso, anque teña lugar 150 anos despois, o que invalida calquera tipo de comparación; pero que considero de interese por amosar unhas preocupacións do finado que hoxe poden resultar chocantes e amais por pertencer a unha familia ben coñecida en toda España.

No lugar do Casal, freguesía de San Estevo de Noalla, fai



testamento D. Alonso J, Fernández Abila y la Cueva. Este apelido, Ávila y La Cueva, pertence a unha familia que arranca desde D. Beltrán de La Cueva, primeiro Duque de Albuquerque, valido de El Rei Henrique IV “O Impotente” e que levou a sonda de ser pai de Xoana “A Beltranexa”. En 1622 chegou a Tui o bispo D. Pedro de Herrera e no seu séquito viña un matrimonio -descendentes os dous de D. Beltrán- que quedarían asentados en Galicia, onde tanto o chegado (notario da Audiencia Episcopal) como os sucesores irían desempeñando postos de relevancia. Un dos descendentes, Francisco Ávila y La Cueva, redactou a mediados do século XIX unha espléndida historia das terras do bispado de Tui que viu a luz en edición facsimilar en 1995³.

Don Don Alonso, membro desta familia e asentado en Noalla, fai, o 3 de outubro de 1773, unha manda testamentaria da que agora non me interesa tanto enumerar os bens que deixa canto as indicacións *post mortem* con vistas a conseguir evitar ou, cando menos, recortar a estancia no purgatorio. Vexamos as súas disposicións: *Que o enterren co hábito completo de franciscano nunha das dúas sepulturas que dos seus antepasados ten na capela maior da igrexa parroquial. Que asistan ó funeral, se poden, tódolos cregos do partido e non menos de 20. Que vistan 8 pobres, de entre os caseiros máis necesitados, con “Chupa y Calzón” e que acompañen o seu corpo ata igrexa; logo daráselles de comer. Que se fagan 600 misas rezadas, pagándose a esmola acostumada de 2 reais cada unha. Quere que 100 delas se digan no convento de San Francisco da vila de Baiona e as demais (sen prexuízo do dereito da parroquial) no convento de Cambados. Que sexan moitos os curas que participen para que se digan canto antes. Semella ter moita prisa por saír do purgatorio. Quere unha misa cantada na capela da Virxe do Rosario da parroquial na que non haxa menos de 5 sacerdotes, incluíndo o párroco, e que se celebre coa solemnidade de diácono e subdiácono. Que, así como morra, saia inmediatamente un emisario con 27 reais ó convento de Cambados para que se digan xa “con toda prontitud” 9 misas rezadas no altar das Ánimas. Logo do enterro, quere un novenario na igrexa parroquial, no que cada día haxa unha vixilia e misa cantada con diácono, subdiácono e 5 sacerdotes, incluíndo o cura. A cera que se gaste no novenario que a poña a Confraría das Ánimas “de que soy Patrono”, para o que habrá que lle entregar 120 reais de vellón. Despois destas disposicións, que sen dúbida lle preocupaban ata a obsesión, nomea herdeiro e fai relatorio de bens.*

Como dixen antes, non é cientificamente lícito – polo desfase cronolóxico- facer comparacións entre esta manda testamentaria (por eso non cito os bens) e os inventarios dos dous mariñeiros; pero si poden facer notar o tremendo dispendio de esforzos e diñeiros dedicados exclusivamente a mercar a salvación eterna. Pola documentación contemporánea, sabemos que moitos pescadores, que tamén procuraban ser enterrados co hábito da pobreza franciscana, non deixaban, trala súa morte, propiedades de tanto valor como reais dedica D. Alonso a esta súa preocupación.

A xeito de curiosidade e para remate, vexamos unha




mostra do castrapo empregado por estes escribáns, encargados desde o século XVI da castelanización de Galicia e moi ignorantes eles do propio idioma que están a espallar. Ó facer referencia a unha das fincas da herdanza de Ávila y La Cueva, di que se chega a ela “por la congostra que venía a la embarrada...”. Cousas semellantes aínda se poden escoitar hoxe a galegos mal alfabetizados en español.

¹ FONTES: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. GARCÍA DE LORES, Gonzalo: G. 385, 20/III/1623 e 2/IV/1629. PADIN Y GÓMEZ, Domingo Antonio de: G. 482, 3/X/1773.

² Sobre esta cuestión teño un extenso traballo en prensa: “Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII-XVI)” in *Simposio de Historia Marítima do Século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra.

³ ÁVILA Y LA CUEVA, Francisco (1995): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado*. 4 tomos. Ed. facsimilar con estudio de Clodio González Pérez. Consello de Cultura Galega, Pontevedra.



ÓS CATRO VENTOS MARÍN, O MAR E AS SÚAS XENTES RECORDANDO A FRANCISCO ROSALES BAMIO (PACO LOBEROS)

Por: Joaquín Cobo Area

CAPITULO III

Era, Paco Loberos, un home dunha grande calidade humana; un gran coñecedor das xentes, sobre todo de aqueles



que o rodeaban e que cada día e en cada manobra recibían e tiñan que acatar as súas ordes.

Houbo un tempo, na pesca do arrastre, de grandes

dificultades derivadas da falla de persoal, ata o punto que, con frecuencia, os barcos permanecían amarrados a porto, mentres armadores, chaboleiros e demais persoal de terra, vagaban tolos por montes e vales, vilas e aldeas, na procura dun home disposto a embarcar, aínda carecendo da preceptiva Cartilla de Navegación... isto xa se arranxaría. Nestas correrías e exploracións, pregoando as excelencias da mar e as súas pingües ganancias, chegábase ata municipios de moi terra dentro, incluso nas proximidades de Ourense, desde onde viñeron non poucos albaneis e labradores atraídos polos cantos de sereas, algúns dos cales, é de xustiza recoñecelo, aínda sendo de secaño resultaron magníficos mariñeiros. As cousas cambiaron, por decreto gubernativo e xa non era tan doado embarcar; a partir de certa data as autoridades dispuxeron que todo pretendente a mariñeiro debía estar en posesión do chamado Certificado de Competencia Mariñeira, que se obtiña despois dun cursiño elemental sobre nomenclatura do barco e pouco máis. Deixemos que sexa o propio Paco que nos fale a traveso de

MARIÑEIRO DE COMPETENCIA

Un albanel embarcou
ó Gran Sol de mariñeiro
e vinte días estivo
no catre con mareo.

Máis, tan pronto o barco
puxo rumbo o seu destino,
por un milagre divino,
se non o vexo non o creio
en menos que canta un galo
pasóuselle o mareo.

Tan pronto o barco amarrou
firme a estacha ó norai
pegou un brinco ¡carai!
e saltou a terra o primeiro.

¿Quen di que é albanel
este bravo mariñeiro?
Con aire de lobo de mar
e peito cara a diante,
esixiu o quiñón cobrar
en diñeiro contante e soante.

¿Acaso ten conciencia
a autoridade que lle expide
diploma de competencia
a este albanel que subscribe?

Nesta data e neste día
pido eu ós patróns,
por medio da telefonía,
déanme as súas opinións.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

*PESCADITOS


*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

CAPITULO IV

Algo, que vou a comentar hoxe, quedouseme onte non tinteiro, aínda que dalgunha maneira xa se deixa entrever nun dos versos de Mariñeiro de Competencia. Se nun principio comentábamos da espontánea realidade da xénese dos versos do noso pescador poeta, hai que engadir que non poucas das súas poesías foron recibidas, por primeira vez, a través do micrófono das telefonías dos barcos, circunstancia ben aproveitada para difundir, ós catro ventos, a rima duns versos compostos sobre a branca espuma das ondas do mar, onde Paco atopou a maioría das vivencias que versificou.

Abundando nas virtudes que adornaban a Paco, direilles que era un home culto e con boa formación; tiña unha bonita caligrafía e boa man para o debuxo, e como unha proba máis das súas inquedanzas literarias, aquí o temos, apoiándose na estrutura dun dos nosos clásicos para disertar sobre unha



ESTRAÑA DOTACIÓN

Contan dun barco que, un día
tan mala dotación tiña
que era o verdadeiro asco
de toda a mariñeiría.

¿Haberá no Gran Sol, dicía
o Patrón con melancolía,
dotación tan inexperta
e de tan pouca valía?

Cando o rostro volveu
atopou a resposta vendo
como, con todo o mal tempo,
todos ían traballando
¡ e os meu nenos *van durmindo!*

¿Onde os puido atopar
quen a bordo os meteu?;
Nos montes e nos prados
iso cho afirmo eu.

Son coma as bolboretas
bailando sobre as cordas,
seguro que as miraches
e, tal vez, non as recordas.

Ó dar o balance o barco
caen coma os ladrillos
cando os empurras un pouco:
isto é un xogo de nenos.

Máis, non todos son defectos
nesta estraña dotación;
voulles poñer un exemplo
a ver se teño razón.

Posúen un padal
do máis fino e delicado;
e ¿acaso é algún pecado
que, estes nenos tan mimados
en vez de comer cola-caos
se coman os linguados?

Teñen unhas ideas
que dan ganas de matalos,
pois se propuxeron, señores,
comer, sen contemplacións,
un cento destes exemplares
tan finos , raros e caros.

UNHA PARADA NO CAMIÑO

Por: Isidro Malet Andreu

Pontevedra é paso obrigado do Camiño portugués a Santiago e é unha das cidades máis ricas en pedras armeras, o que significa o brío e riqueza desta comunidade na que se asentaban poderosas familias coincidindo co auxe das pesqueirías e o tráfico marítimo; familias aristocráticas propostas polo Arcebispo de Santiago na súa calidade de Señor de Pontevedra, os Procuradores Generales de elección popular, os “homes boos” elixidos polos gremios

e as familias burguesas que reiteradamente se vinculan nos postos do Concello.

Para saborear plenamente da heráldica de Pontevedra, eu recomendo ó camiñante – peregrino os libros de Messía de la Cerda e de

Vázquez Casáis, onde atopará unha pormenorizada descrición dos escudos e, en ocasión das liñaxes dalgunhas familias.

Como amigo do “Camiño Portugués” quero facer referencia ó escudo da Asociación e que une dous elementos fundamentais: a cuncha de peregrino e a imaxe da Virxe Peregrina, fundidos en “un”. Non é necesario facer ningunha interpretación do conxunto, nin tampouco o por que se elixiu esta simboloxía que preside as nosas peregrinacións

ó longo dos distintos Camiños e cuxa meta é alcanzar Santiago.

Para min un dos escudos máis bonitos de Pontevedra é o que está situado na rúa Naranjo, na parte posterior do Museo e que pertence ó Século XVII. Representa unha ponte de tres ollos, mazonado e sumado de dúas torres almenadas en cada un dos extremos, cunha ventá en cada unha; no centro da ponte unha especie de custodia rematada cunha cruz. Esta descrición axústase moito á efectuada en 1676 por Rodrigo Méndez.

Sen embargo no grupo que forma os xardíns de Casto Sampedro e a Praza de Ourense atopámonos cun conxunto monumental formado por unha fonte, privilexio do Emperador D. Carlos á vila de Pontevedra, que presenta dous escudos moi deteriorados, un o da cidade e o segundo corresponde ás armas imperiais.

Esta fonte foi desmontada varias veces e arrombada en distintos lugares, goza do seu actual emprazamento gracias ó labor e tesón de Casto Sampedro y Folgar, que en 1894 e con outros entusiastas fundou a “Sociedade Arqueolóxica”.

Na fachada da Igrexa de San Francisco e enriba do rosetón existe un escudo da Venerable Orden Tercera.


No que hoxe é Delegación de Facenda e que foi parte do antigo Convento, na súa fachada principal, enriba da porta de entrada, que é a antiga porta de Trabancas (pola que se saía ou entraba á cidade e que foi trasladada o seu actual emprazamento) existe un escudo de Pontevedra e que non presenta ningún tipo de castela nin medallón. O edificio de Facenda está coroado polas armas de España, timbradas con coroa aberta.

Hai varios autores que supoñen que tanto a Igrexa como o convento pertenceron á bailía da Orden do Temple.


Preto desta emblemática praza da Ferrería e na casa onde viviu o historiador Zúñiga, existen dúas pedras que forman parte das ameas, unha angular, que representa un sol e que non sabemos o seu significado e na outra está representado o anagrama de Jesucristo HJS, coas chagas e unha coroa de espiñas. É unha simboloxía bastante frecuente entre as empregadas pola Orden franciscana.



Na rúa Cobian Roffignac, no muro polo que se accede o Convento existe unha pedra que leva gravada unha Cruz Potenzada cunha cruz en cada un dos ángulos. Poderíase interpretar porque os franciscanos eran custodios do Santo Sepulcro. Non fai moito tempo, recordo a un frade franciscano que na súa capa usaba este distintivo, xa que durante moitos anos estivo destinado e exercendo o seu labor nos Santos Lugares.



Tamén na rúa Violaña atopámonos cun elemento que non sabemos se interpretalo como ornamental ou procedente doutro lugar, trátase dun medallón no que figura un florón con asas e follas.



Quero reseñar finalmente dúas curiosidades: ás que fai referencia Messía de la Cerda, a primeira a do escudo




da Rúa Michelena 23, corresponde ó escudo de España, creado por decreto do 02 - 02 - 1938, trae como error que os cuarteis 3º e 4º están cambiados, o 3º é de Navarra (debe ser de Aragón) e o 4º é Aragón (debe ser Navarra). A segunda curiosidade é a que presenta o escudo de España situado na Plaza de la Estrella, a cartela ten forma de cuncha, pero o escudo carece das armas de Granada que sempre se colocan en entado e en punta..



Viaxeiro, antes de despedirnos de Pontevedra, quixera que puidéramos percorrer xuntos un dos entornos máis encantadores da cidade, a Alameda, as "Palmeras", onde se atopan gran cantidade de edificios oficiais e de cuxa heráldica trataremos noutro intre, pero si quero darte unha pequena primicia. Mira a fachada principal do Concello, edificio planeado e deseñado por Sesmeros, fíxate no escudo que preside esta fachada, efectivamente son as armas de España (Castela, León, Aragón, Navarra e Granada) timbradas coa coroa real... pero...



¿fixácheste no escusón?... pois no lugar de honra do escudo non figuran as lises da Casa de Borbón, senón que son armas da Cidade de Pontevedra, que segundo a tradición foi fundada por Teucro Valente.



As ilustracións pertencen ó autor.

Datos Bibliográficos;

- Heráldica de Pontevedra. Luís F. Messía dela Cerda. 1988

- Itinerario Heráldico de la Ciudad de Pontevedra. 1994.



PONTEVEDRA: PASEANDO POLA CIDADE

Por: Pepy Clavijo

Aquela excursión, procedente do outro extremo da Península, acababa de chegar á alameda de Pontevedra coma unha serpente multicolor; foron descendendo do autocar os máis variados personaxes, tanto en idade como na vestimenta.

Uns fixéronse que, casualmente, aparcaran diante do Fogar da Terceira Idade (eufemismo para referirse ás persoas maiores). Alegráronse, pois sería un bo lugar para descansar, antes da subida, de novo, ó autobús.



Outros, pola contra, paráronse a contemplar os bonitos azulexos que adornan a parte baixa da alameda (son 23), realizados en Triana (Sevilla) sobre cadros orixinais de Carlos Sobrino. Neles pódense contemplar lugares tan emblemáticos como a Praza da Leña pontevedresa, figuras tipicamente galegas, paisaxes da terra,... Subiron a escalinata, dirixindo a súa mirada á frondosidade do lugar, onde o arboredo proporciona sombra ós paseantes e tamén ¿ como non ? os numerosos cans que pululan por ela.

Alguén que pasaba preguntoulles de onde eran; do sur, responderon eles. Esa persoa viu o momento apropiado para comentarlles que houbo un tempo no que Sevilla e Pontevedra eran as cidades máis clásicas de España, e que se chegara ó punto de que os paseos pola alameda estaban divididos en tres partes: un para as señoritas, outro para os artesáns e outro para as mozas de servizo ¡¡ tempos !!.


Foron formando grupos por apetencia e idades e, despois de recibir as recomendacións da guía que os acompañaba, decidiron visitar a cidade, aínda que só dispoñían de hora e media. Preguntaron polos tres edificios emblemáticos que

destacan paralelos á Alameda: A hoxe Delegación de Educación, en 1899 Escola de Artes e Oficios que nunca funcionou, que logo foi Escola Normal, de Mestras na súa parte dianteira e de Mestres na súa parte posterior (Palmeiras); nunca xuntos rapaces e rapazas, por orde expresa da súa directora a Srta. Rosón (¿ Quen sería a valente que pasase con acompañante diante dela?. Os soportais da rúa da Oliva foron burladores, preparados para desfacer as parellas, cando Dona Josefa irrompía no paseo; pasado o perigo todo volvía ó seu canle, e cada un seguía coa súa).

Observaron os nosos viaxeiros a Deputación Provincial, coa súa maxestosa escalinata e a súa fachada, obra, coma a maioría dos edificios relevantes de Pontevedra, de Alejandro R. Sesmeros, un vigués que embeleceu a nosa cidade e que fixo posible que as súas casas contaran con auga corrente. Esta persoa merecía, máis que ninguén, que unha rúa ou praza levara o seu nome e, só en 1986, adicáronlle unha no Barrio do Burgo.

Seguiron o paseo, parándose diante do Instituto que hoxe leva o nome de Valle Inclán e que, ata que se construíu o Sánchez Cantón, foi o único que había na cidade. Obra de gran elegancia é un dos edificios máis importantes do S. XX realizados en Pontevedra. A súa portada é modernista, a decoración está formada por bandas verticais, con flores que rodean os balaústres, destacando na parte sur unha torre circular, destinada a observatorio meteorolóxico. Todo o edificio é de pedra granítica labrada polos canteiros de Terra de Montes.

A súa inauguración tivo lugar o 26 de setembro de 1927, e o seu primeiro director foi D. Ramón Sobrino, irmán do autor dos mosaicos (os que miraran ó principio da visita). Existe unha rúa co nome dos dous.




Uns pasos máis e atopáronse coas ruínas de Santo Domingo; gustaríalles entrar a visitalas, pero o tempo dispoñible non era moito, aínda que si se informaron do que elas conteñen, polo que souberon que son os restos do convento dos dominicos, fundado en 1281 e que, despois de pasados varios séculos (finais do XVIII) a nave gótica foi substituída por unha nova neoclásica que non chegou a terminarse. Despois viría a ruína, pero a “Sociedad Arqueológica”, presidida por D. Casto Sampedro, conservará a maior parte do patrimonio. Hoxe é albergue dos fondos do Museo de Pontevedra (que non poderán visitar pola falla de tempo, pero que prometen facelo nunha próxima viaxe).

En Santo Domingo atópase o sepulcro de Paio Gómez de Soutomaior, que fora doncel de Enrique III o Doliente, quen o mandou cunha embaixada ó Gran Tamerlán. Tamén se atopa o de Tristán de Montenegro, un dos capitáns máis distinguidos da época, inimigo de Pedro Madruga e defensor de Pontevedra ata dar a vida por ela. Consta nun documento da época que o lugar onde pelexou e caeu ferido foi na porta da Galera, preto da Ponte do Burgo.

Os seus restos están depositados debaixo dun arco sepulcral, coa inscrición que di: Aquí está sepultado el noble caballero Tristán de Montenegro, hijo de Álvaro López de Montenegro y de Teresa Sánchez de Reino”. Morreu dun espingardazo, cando tomou a vila o conde de Camiña, don Pedro Álvarez de Soutomaior, o seu eterno rival, coñecido como Pedro Madruga.

Quédalles pouco tempo e non queren marchar sen saber que está emprazado no outro edificio que divisan un pouco máis afastado. Trátase do Concello, a casa do Concello, obra tamén de Sesmero(1880), edificado sobre a Bastida Grande, torre da antiga muralla, segundo datos de Modesto R. Figueiredo. Toda a obra custou 251.586 pesetas con 12 céntimos. Ten influencia francesa, como o demostran os remates da balaustrada con floreiros, as columnas con capiteis xónicos, as grecas e roncallas sobre as ventás, o dobre pórtico superposto e o reloxo de estilo barroco.



A ámbolos dous lados da porta principal hai dous poemas en pedra con letras vermellas que din:

Fúndote Teucro valiente
De aquesta ría en la orilla
Para que del mundo fueses
De billas la marabilla.

Del Zebedeo la espalda
corone tu gentileza
un castillo, puente y mar
El timbre de tu nobleza.

Refírese ó que a tradición transmitiu sobre a fundación da cidade por Teucro, heroe grego, o mellor dos arqueiros, fillo de Telamón e Hesíode, medio irmán de Ajax, a quen seu pai expulsou da súa terra por non defender ó seu irmán. Teucro embárcase, busca novas terras e chega a Galicia, onde supostamente fundará Helenes, ou sexa Pontevedra (A Bela Helenes).

Xa deron a volta case completa á alameda. Aprenderon moitas cousas, pero as agullas do reloxo seguen o seu camiño. Antes de apresurarse para coller o autobús, aínda fan un alto para contemplar o monumento ós Heroes de Pontesampaio, obra de Julio González Pola, erixida o 27 de agosto de 1911 por subscrición popular, a iniciativa do Centro Galego de Madrid. Ten 8 metros de alto, e nel combínase

a presenza dunha muller galega, simbolizando á Patria e, na cúspide, un grupo de guerrilleiros acaudillados polo ourensán Pablo Morillo, poñendo en retirada ós franceses co que tiñan máis a man, dende apeiros de labranza a un canón rudimentario.

Non puideron percorrer a zona monumental porque non dispoñían de máis tempo, pero prometeron que a próxima vez será o primeiro que irán a ver: Santa María a Maior(Basílica); a capela máis alta de España(a Peregrina); San Francisco ou San Bartolomé e, por suposto, o Museo. Pero iso será outro día. De tódolos xeitos van satisfeitos do percorrido mañanceiro, no que non puideron parar nin sequera para tomar un café; non importa, gustoulles o paseo e van con bo sabor de boca.

Os de máis idade xa os esperaban no autobús. Soben todos e o conductor pon o motor en marcha. Só resta dicir adeus a Pontevedra, ou mellor ¡Ata pronto!.



A ODISEA DO "NOVO EMDEN"

Por: José Miguel Besada Fernández

É difícil imaxinar que na realidade, un barco de pesca pequeno - sobre 13 metros de eslora, cun motor rudimentario de 36 CV, cunha velocidade de 7 millas, fabricado fai uns 70 anos -, tivera un destino tan interesante ó longo da súa dilatada existencia, como é o caso do "Nuevo Emden" de O Grove.

A súa existencia quedou marcada por conflitos bélicos e políticos tan distantes no espazo e no tempo como a Guerra Civil Española, a Segunda Guerra Mundial e a Revolución Cubana de Fidel Castro, xunto coa corrupción e o atraso dos países caribeños.



Patrón do "Juanito" Juan Aguiño

Esta historia é rica polos acontecementos sociais e históricos vividos, así como tamén pola serie de persoas de todo tipo que interveñen directa ou indirectamente. Pero todo isto non é para ser relatado neste pequeno artigo, pois requiriría un estudio máis amplo e profundo de carácter sociolóxico, histórico, literario e incluso de náutica. Por iso, aquí tratarase principalmente sobre o barco, símbolo e protagonista desta verdadeira Odisea que é unha alegación da loita e tesón contra a guerra, as inxustizas e a corrupción así como da fe en si mesmos para loitar contra as adversidades.

DE O GROVE A CONCARNEAU (BRETAÑA FRANCESA)

Co barco, propiedade de Antonio Vila e Juan Aguiño (o principal protagonista desta Odisea), co patrón Manuel Otero, ata completar unha tripulación de 17 homes, nun momento crucial da Guerra Civil, o 16 de agosto de 1937, ben por temor a represalias políticas, á incorporación ó Frente, ou ante un posible comiso do barco, pero sobre todo por buscar a liberdade, decidiron exiliarse a Francia, poñendo rumbo a Bretaña, zona moi vinculada a Galicia no tema da pesca.

O primeiro porto que tocaron foi Guilvinec, pero logo foron para Concarneau onde se instalaron definitivamente e é aquí onde xa empezaron os problemas. As autoridades francesas non lles permitiron a pesca comercial polo que tiveron que busca-la vida por onde puideron, traballando en distintos oficios que non eran o propio deles: a pesca. Como consecuencia desta difícil situación, foise xestando a idea de irse para América.

Finalizada a Guerra Civil Española en Abril de 1939, as autoridades españolas dan a orde de que regresen co barco, coa que non estaban de acordo e, para evitalo, poñen o barco baixo x pavillón francés seguindo coa idea e facendo as xestións para levar o barco nas bodegas dun mercante cara a Venezuela. Pero o 3 de setembro do mesmo ano estala a Segunda Guerra Mundial que trastorna tódolos plans que tiñan, pois, para empezar, as autoridades francesas inmovilizan o barco incluso sacándolle pezas do motor, polo que os tripulantes volveron a pasar serias dificultades ó non poder volver a recupera-lo traballo da pesca.

No ano 1942, en plena guerra, o exército alemán tomou o pobo e entón o barco volve á actividade recuperando as pezas do motor, pero pronto foi requisado para reconvertelo en transporte de tropas e avituallamento das tropas das illas próximas; incluso o equiparon cun canón antiaéreo e foi tamén usado como remolcador.

A Bretaña foi unha rexión moi castigada nesta guerra e, ante os continuos bombardeos ingleses, os ocupantes

alemáns minan o porto cos barcos dentro, polo que o “Nuevo Emden” vai a pique, sendo reflatado máis tarde.

Rematada a guerra no ano 1944, as autoridades francesas volven outra vez a facerse cargo do barco, devolvéndoo máis tarde e en moi mal estado ós seus donos no porto de Benodet, pero sempre coas mesmas trabas das autoridades marítimas francesas para dedicarse á pesca.

Para poder zafarse de tanto control e volver a pescar, que era o deles, cámbianlle de nome ó barco polo de “Zorija”, pero tampouco deu resultado porque esixíanlles que o persoal técnico do barco tiveran nacionalidade francesa. Ante esta insalvable dificultade, por uns informes que tiveron, decidiron irse co barco a Marsella, xa que parecía que alí non había tanto control.



O “Nuevo Emden” en Concarneau

Esta viaxe do barco foi moi pintoresca, a través do interior de Francia, entrando por Burdeos ó longo do Canal do Mediodía, con 150 esclusas, ata Sète. Tamén esta resultou ser unha viaxe inútil pois tampouco os deixaban pescar, regresando outra vez a Concarneau onde se integraron, coa complicidade das autoridades francesas, nunha cooperativa de pesca ó mesmo tempo que esperaban unha indemnización pola incautación do barco que non chegaron nunca a recibir.

Fracasados tódolos intentos para quedarse en Francia a traballar dignamente no seu oficio e, ante unha oferta de Guatemala que invitaban e daban facilidades para emigrantes en actividades pesqueiras, fixeron xestións para levar o barco nun mercante cara a aquel país, xestións nas que fracasaron, polo que decidiron aprovisionar o pequeno barco pesqueiro para cruza-lo Atlántico.

RUMBO A AMÉRICA

O 8 de setembro de 1948, Juan Aguiño Vidal con tres tripulantes e un invitado, parten de Concarneau cun permiso

camuflado, cruzando a costa galega cara a Casablanca para recargar, permanecendo alí tres días; despois dunha avaría, arriban en Dakar onde permanecen un mes para carenar e reparar mellor o barco. Neste país, Senegal, contactan con exiliados e emigrantes que ían para Venezuela e deciden ir cara alí tamén.

Pasan pola costa da Guayana Francesa e á altura de Trinidad Tobago abriuse unha vía de auga no barco, polo que tiveron que atracar no porto de A Guaira onde non foron ben recibidos, xa que non querían inmigrantes; despois de reparar o barco, e a pesar das malas noticias que recolleron sobre a riqueza pesqueira de Guatemala, non desistiron de ir a aquel país o 27 de decembro de 1948, facendo escala antes en Puerto Cortés (Honduras) para reparar tamén outra avaría. Aquí permaneceron unha semana con certas dificultades, ata que por fin chegaron ó seu destino, planeado desde Francia, o 2 de xaneiro de 1949 en Puerto Barrios, na república Guatemalteca onde, increíble, despois de tantas dificultades e trabas que lles puxeron noutros países, foron recibidos cunha grande apoteose, con banda de música e discurso e ata os levaron en avión á capital, concedéndolles entrevistas e alcanzando grande popularidade.

Guatemala, país que tanta ilusión creou, non resultou ser Eldorado. As axudas oficiais eran escasas, a pesca era dificultosa e escasa e o consumo de peixe non era habitual entre aquelas xentes; tanto foi así que callou a desilusión, volvendo a pasar certas penurias.

Tras estas dificultades, proxectaron ir á costa mexicana do Pacífico, pero desistiron ante as boas perspectivas que parecía ofrecer Cuba, polo que decidiron poñer proa cara a La Habana.



Tripulación do “Nuevo Emden”


ACUBA

A pesares de que o traxecto entre Guatemala e Cuba era máis curto comparado coas peripecias das viaxes anteriores, tamén lles resultou complicado debido a que colleron unha forte tormenta tropical que estivo a piques de afundir a embarcación no verán de 1950. Xa en Cuba e polo deterioro do barco e dos trámites burocráticos dun país corrupto, o barco permaneceu case un ano no dique seco, volvendo logo ás súas actividades, especializándose na pesca do camarón entre a costa cubana e a península de Florida.

Aquí parece que chegou definitivamente a estabilidade despois de 14 anos de loita incesante, e xa ben establecidos, renovaron o barco cambiándolle outra vez de nome, "Juanito". Agora establecidos definitivamente na localidade de Batabanó e tras seis anos de bonanza, xa hai plans de futuro, reclamando á familia para fundar unha empresa que quedou truncada coa chegada de Fidel Castro ó poder en 1959. Racha todo

o esquema regresando a España os seus familiares: a súa dona e o seu fillo. O barco quedou obrigatoriamente incorporado na "Cooperativa de pescadores da Praia Florida" e Juan Aguiño regresa a España o 16 de xuño de 1962 con problemas económicos a causa do sistema cubano.

Ó cabo de oito meses, regresa a Cuba onde a situación incluso empeorou, atopando o barco en peores condicións pola desidia da administración. Mentres tanto, proxecta saír deste país e, con dificultades conséguese chegando ó porto norteamericano de Key West. Ó non poder pescar neste país por trámites legais, decide marchar a Nicaragua para traballar de novo na pesca do camarón que era a súa especialidade desde os tempos de Cuba pero, ó igual que en Guatemala, a escaseza de pesca, a corrupción dos funcionarios e a desidia dos tripulantes, entre outros factores, fan que Juan Aguiño, canso e desanimado, venda o barco a unha compañía norteamericana por 10.000 dólares para regresar definitivamente a España no ano 1965.



Bibliografía:


- Francisco de Luis Martín e Luís Arias Gonzáles. "Memorias de Juan Aguiño". Edicións do Castro
- Testimonios de Arturo Meis
- Datos recollidos de veciños de O Grove

MITOLOXÍA POPULAR GALEGA

Por: Buenaventura Aparicio Casado

INTRODUCCIÓN

Tentar plasmar os aspectos esenciais da mitoloxía popular galega nunhas poucas páxinas non é asunto doado. De entrada, debemos manifestar que no estudio da mitoloxía non hai dogmas, axiomas ou postulados indiscutibles. As afirmacións rotundas están, case sempre, fóra de lugar. Por iso, a nosa tarefa é unha obra aberta á discusión e ó debate, que invita a percorrer novos camiños na procura de contribuír a que o estudio da tradición oral galega acade a importancia que merece.



As antas focalizaron unha parte importante da nosa mitoloxía. Mámoa de Chan da Armada (O Morrazo, Pontevedra)

A cultura popular galega – eido no que a mitoloxía se integra – é unha creación dos nosos campesiños e mariñeiros que xurdiría como resultado dun longo proceso que comezou no momento en que, como consecuencia da plena implantación do cristianismo, se instalou en Galicia unha cultura oficial ou dominante. Desde este intre o universo mental do campesiño, a súa cosmovisión – tildada de pagá – non atopou acomodo na doutrina oficial, que lle declarou a súa hostilidade. Neste contexto deben encadrarse as prédicas e admonicións de Martiño de Braga, no século VI, e os anatemas dos concilios suevos e visigodos.

No concernente ós elementos que integran esta cultura – substrato primixenio e posteriores -, hoxe está nidiamente demostrado que é moito máis decisiva a influencia romana e, sobre todo, cristiá, que a pegada celta, máis que nada porque como afirman Vázquez Varela e García Quintela na súa obra *A vida cotía na Galicia castrexa*, o elemento céltico – obxecto

dunha discusión interminable, polo momento, bastante estéril – semella conservarse en Galicia en escasa medida.

Moi determinante na conformación dos nosos mitos e lendas vai ser o que o poeta francés do século XII, Jean Bodel, denominou “Materia de Bretaña”, é dicir, os relatos artúricos, que chegarían moi pronto a Galicia polo camiño de Santiago. Deste modo, certas tradicións populares e cultas se interrelacionaron e influíron mutuamente – caso das fadas amantes -, intervindo activamente a Igrexa non só como grande propagadora, senón, tamén, mediatizando a mensaxe na dirección máis acorde coa súa doutrina. Esta

intervención explica, en grande medida, a homoxeneidade ou semellanza de certos temas ou relatos en gran parte de Europa. Risco acertou de cheo cando definiu á cultura tradicional galega como *unha cultura cristiá de feitío medieval, de orixe eclesiástica, predominantemente monacal*.

O imaxinario galego non deu lugar a unha mitoloxía clásica, nada semellante á grega ou á romana. A nosa é unha mitoloxía popular. Máis a súa importancia non é pequena porque nela, explícita ou implicitamente, están presentes tódalas cuestións fundamentais para a sociedade campesiña galega, máis preocupada por asuntos como a pobreza, os abusos, o control da muller ou a morte, que pola orixe dos deuses ou do mundo.

UN POUCO DE HISTORIA

A primeira mención con connotacións mitolóxicas referidas a Galicia aparece recollida no *Codex Calixtinus* (século XII), onde se relata o episodio da raíña Lupa e da serpe que habitaba no Monte Ilicino (Pico Sacro).

A comezos do século XVII ten lugar o soado preito que emprende o clérigo Vázquez de Orxas contra uns campesiños, relativo á explotación dunhas mámoas nas que hipoteticamente había ouro ou tesouros. No transcurso do litixio saen a relucir alusións ós sinais de tesouros, á moura e a galiña con pitos.

Chegados ó século XVIII, comentarios e noticias sobre estes asuntos, inscritos no marco dunha loita ou denuncia sas supersticións e falsas crenzas – actitude característica dos ilustrados -, aparecen espallados nas obras do Padre Feijoo (*Teatro Crítico Universal e Cartas eruditas e curiosas*). Hai nestes libros referencias á Compañía, ós trasnos, ás mouras encantadas, ós tesouros agachados, etc.

A parroquia. É o contrastal dos galegos, a organización que nos singulariza. Os seus signos de identidade son a igrexa, o adro, o cemiterio e o campo da festa ou ruetro. Cando os galegos viñan ó mundo, formaban parte dunha cadea, na que cara atrás están asidos ós devanceiros, no presente ós vivos, e no futuro se incorporarán a ela os que están por vir. Sen solución de continuidade. A parroquia é a plasmación do colectivo, da integración, dun tempo eterno do que todos forman parte.

as laxas e a terra. que nos definen: as augas, símbolos ou elementos ela se relacionan os mítico dos galegos. Con muller preside o universo psicolóxicamente. A sufrida e rexa física e campesina galega é forte, **A muller.** A aparçadas xenreiras e disputas.

Comer xuntos certas datas, moi sinaladas, especialmente o día do territorio, o minifundio e a escaseza de recursos. Fragmentación do que se via abocado pola rivalidades veciñais, as insolidariedade e as poder coto a atenuar o particularismo, sociolóxica: remediador ou nunha necesidade de orde xantares ten a súa orixe dos nosos patasanos polos

— dotando de saberosos e variados alimentos - , a quenencia axuda, e que a natureza foi xenerosa e pródiga coa nosa terra a conversa e a sociabilidade. Deixando a un lado que o clima gastrónomicas. Os galegos, coma outros, fixéron do comer un pracer, as veces unha arte, e sempre un momento grato para **O xantar e o vino.** Galicia é o país das mil festas

OS CENTROS DE INTERESE

Nos últimos anos, desde a Universidade de Santiago, seus discípulos F. Criado Boado e, sobre todo, M. Linares García, teñen feito aportacións de grande transcendencia. É xa, para rematar, deixaremos constancia das novidades de última hora: *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega e A sociedade campesina na mitología popular gallega de B. Aparicio Casado, e do moi útil e práctico Diccionario dos seres míticos galegos de X.R. Cuba, A. Reigosa e X. Miranda.*

dúas obras do cal marcan un antes e un despois (referímonos a *Antropoloxía Cultural de Galicia e a Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*); M. Gondar Portasany (*Romeiros do Alén*); X.R. Mariño Ferro (*Satan, sus siervas las brujas y la religión del mal*); M. Mandiánes Castro (*Loureses; Las serpientes contra Santiago*); etc.

Outros autores a reseñar son J.A. Fidalgo Santamarina, X. Rodríguez Campos, S. Moreno Felgu, X. Chao Reigo, E. Becoña Iglesias, F. Alonso Romero ...

Na instantánea a aldeia de Grella (Millera da, Forcarei, Pontevedra) A sociedade campesina foi a creadora da mitoloxía popular. Lisón Tolosana, eles non podemos deixar de citar a C. contribucións. Entre autores fixéron moi numeroso de diversas, un grupo posicións moi anos, adoptando popular. Nestes do imaxinario claves explicativas rural galega as propia sociedade de vista ó buscar na adopta novos puntos, postura anterior, totalmente coa que sen romper renovadora. Aínda valiosa tarefa leva a cabo unha González Reboredo marasmo, X.M. período de certo setenta, despois dun

Nos anos Taboada Chivite, L. Carré Alvarellos e Chao Espiña. (nivel antropolóxico). Continuadores desta tradición son a descripción (nivel etnográfico) e non cheguen a interpretación aínda que, como o propio Risco reconece, se queden na simple mencionemos como exemplo ó modelico *Terra de Melide* - , Fraguas Fraguas). A súa contribución vai resultar decisiva - Estudos Galegos (V.Risco, López Cuevillas, Bouza-Brey, e continuar os integrantes do grupo Nós e do Seminario de postura que xa adoptara Murguía e que, con matices, van a retroacción os materiais conservados no folclore popular. É a reconstruír o pasado desde o presente, empregando nesta historicista é a dominante. Con esta metodoloxía preténdese un pulo considerable. No primeiro tercio da centuria a corrente No século XX a investigación e os traballos acadan fantasmás ou espectros.

Neste mesmo século escribe o Padre Sarmiento, quen no encantadores, sobre a Hoste ou Compañía, os nubeiros e os sobre o carácter máxico do monte Pindo, a existencia de seu *Viaje a Galicia*, e outras obras, faise eco do sentir popular



Na instantánea a aldeia de Grella (Millera da, Forcarei, Pontevedra) A sociedade campesina foi a creadora da mitoloxía popular.

Os castros. Morada dos xentís (mouros). Espacio de encantamento, posúe virtualidades especiais o que determinou que durante séculos os campesiños acudiran a eles para celebrar cerimonias e ritos máis ou menos esotéricos. Por esta razón a Igrexa “cristianizounos”, erguendo na súa croa capelas dedicadas a santos especialmente taumatúrxicos.

O sobrenatural. Máis que un concepto ou unha idea é un sentimento, case que innato para o galego. A realidade está conformada por dous mundos: o natural e o sobrenatural. Este último está tan presente como o anterior no diario acontecer, e serve para explicar aqueles feitos ou sucesos que, claramente, nos sobrepasan.

O crego. Personaxe indispensable na sociedade campesiña galega. É o enlace ou mediador entre o mundo natural e o sobrenatural. Intercesor por antonomasia nos asuntos humanos e divinos. Cando no sentir colectivo exerce correctamente os seus bos oficios, goza de aprecio e respecto.

Os defuntiños. Teño para min que a preocupación pola morte e polo alén que estaba no centro das crenzas megalíticas deixou fonda pegada en Galicia. Sen estes antecedentes difícilmente podería explicarse a peculiaridade do culto ás ánimas no noso País e a existencia de mitos como a Santa Compañía e, o máis chamativo, que persoas de toda condición, mesmamente aquelas con poucos recursos económicos, mostren máis interese pola preparación da morada eterna que pola deste mundo.

Os cemiterios galegos resultan fachendosos se os comparamos dos doutras comunidades. Semella que neste vello solar galaico un nunca se morre de todo. Deste xeito os mortos dialogan cos vivos, interactúan con estes componendo unha liña sen fin, un tempo eterno. Nas aldeas, a igrexa e o cemiterio estaban ó lado do campo da festa. Vida e morte como dúas caras da mesma moeda. Toda unha filosofía dun pobo sabio por vello.

EPÍLOGO

Ata non hai moito tempo foi corrente presentar unha visión do campesiño galego na que este aparecía como unha especie de panoio, escravo das supersticións, detentador dunha serie de crenzas e practicamente dun conxunto de ritos, case que prehistóricos, que o convertían na antítese do progreso e a modernidade. Este estereotipo foi construído non só por foráneos, coñecedores superficiais de Galicia, senón e, tristemente, por propios que

viron na difusión dun folclore, presentado de forma simplista, ramplona e chamativa – as famosas e manidas Galicias máxicas – un filón fácil de explotar e susceptible de proporcionar algunha notoriedade ós seus autores.

A antropoloxía comparada ten desbotado esta “superchería”. Hai que dicilo alto e claro: aquí non se fixo nada que non se fixera, tamén, noutros lugares. A personalidade de Galicia, tan marcada e indiscutible, non se sustenta en se “única” – porque ningún país o é -, senón nunha serie de matices, rasgos ou caracteres que lle imprimen certo grao de diferencialidade dentro do gran conxunto das culturas atlánticas ou fisterás nas que está inmersa.

O estudo científico do mundo campesiño, da súa cultura, crenzas e ritos, non só nos devolve a autoestima, senón que sitúa ós galegos no nivel de normalidade no que sempre estiveron.

Pontevedra, xaneiro de 2003



Os castros foron o espacio de encantamento por antonomasia. Castro de San Pedro de Rebón (Moraña, Pontevedra)

NOIA: VILA ATLÁNTICA NUN MAR ESQUIVO


Algúnhas claves para interpretar unha paisaxe urbana de séculos

Por: Pedro García Vidal

Corresponde á señorial vila de Noia, o particular privilexio de ser vila atlántica aínda co obstáculo de aproar a súa quilla granítica nun mar fuxidío, por momentos lonxano, e sempre seductor e efémero nunha esporádica presenza en forma de marea cada doce horas. Somentes na obstinación dos

habitantes de Noia ó longo dos séculos pode comprenderse esa teima de ser vila mariñeira nun mar esquivo. Sen embargo na historia, como ocorre con tantas cousas que semellan inexplicables, atopamos doada resposta a esta aparente contradicción entre o mar e Noia.

Cando o rei Fernando II decide, no ano 1168, favorecer a un lugar co outorgamento



Tramos medio e interior da Ría de Muros-Noia. Na ampla e profunda fendadura que permite ó Atlántico penetrar no vello zócal galaico para mesturar as súas salgadas augas coas doces do río Tambre, a instalación de burgo de Noia no seu recuncho máis interior supón a renuncia a unha maior facilidade de navegación en favor dunha mellor protección e defensa.


dunha Carta de Poboamento no tramo da costa hoxe coñecido como ría de Muros-Noia, toda unha serie de consideracións deberon ser tidas en conta. A formación da vila de Noia foi, como sucede en todos os casos, un acto de autoridade, pero a selección do sitio, do lugar preciso onde emprazar o novo burgo e porto era un asunto transcendente, e era necesario ser moi coidadoso para evitar unha mala elección que conducira ó fracaso. Había que sopesar todos os factores tratando de conxugar o razoable e o natural trasladando o resultado ó territorio.

Unha cousa si estaba clara desde o principio: o mar ía ser o elemento fundamental para o futuro da entidade urbana que se pretendía crear. Del ía obter o seu alimento en forma de abundante pesca e marisqueo, e a través da súas augas ían chegar os navíos para o comercio, alicerce principal para unha entidade que quere ser urbana con vontade de supervivencia. O recoñecido no documento fundacional

como porto de Compostela non pode comprenderse sen a presenza do mar como fundamento do seu desenvolvemento socioeconómico; por conseguinte, podemos afirmar sen lugar a dúbidas, que a vila de Noia naceu do mar e o mar vai ser horizonte sempre presente no seu futuro como pobo.

Pero tamén, en tempos de tremenda inestabilidade, nunha costa pragada de piratas de toda caste, con serio risco de que a través das augas fixeran acto de presenza para arrasar con todo, como xa sucedera outras veces na ría, a busca de defensa convertérase nun obxectivo prioritario. Por iso, os poboadores da Noia primeira, coñecedores do serio perigo que corrían, van ver a posibilidade de ter no mar non só a súa fonte de vida, senón tamén o seu aliado principal ante a piratería marítima.

Así, Noia vai emprazarse no fondo de saco da ría, ó final dun embude esteiro de ríos, alá onde chegan as augas atlánticas somentes no esforzo das mareas altas, convertendo ese obstáculo para a navegación no seu principal salvoconduto para unha efectiva defensa en caso de perigo. Arriscarse a penetrar nese mar interior esporádico, con só unhas horas de abundante auga, co obxecto de atacar unha poboación, supoñía unha trampa demasiado notable para intentalo. Deste xeito, un impedimento para a navegabilidade supuxo naqueles anos iniciais da súa andaina unha clara garantía de supervivencia.



A vila histórica desde o ar. A coñecida como vila histórica cualifica aínda de xeito notable ó conxunto da vila de Noia. As diferencias de morfoloxía e estrutura poñen de manifesto as distintas etapas polas que pasou o establecemento urbano.

Complétase a protección natural coa elección dun lugar bordeado tamén polas augas dun río; o Traba, que vai constituír a outra barreira líquida do emprazamento. O río baña coas súas augas todo o bordo sur do burgo e, dado o seu importante aporte de auga, xunto coa coincidencia da desembocadura dos ríos Lobo e Vilaboa no lugar, vai facer que a suma dos respectivos caudais no seu camiño ata o mar contribúa a solventar, en parte, o problema das mareas. Así, sempre vai existir un aporte permanente de auga que, dependendo do calado das embarcacións, vai facilitar un tráfico marítimo constante.

A vila de Noia a finais do século XIX.

A imaxe dunha vila medieval cercada por unha muralla e coa igrexa de San Martiño dominando a paisaxe, pervive con forza ata finais do século XIX. Aprécianse claramente varios lenzos da muralla en contacto directo coas augas; tamén, a antiga Ponte Grande de Noia; así como os tradicionais secadoiros de peixe en forma dun entramado de paos no bordo da vila que mira ó río Traba.



A pervivencia da vila gótico-mercantil

Sobre unha base pétreo e dura, un afloramento granítico que se eleva sobre o nivel das augas coa cota máis elevada na súa parte central e con suave pendente cara ao mar e o río, vai ser este particular relevo o que vai condicionar e, polo tanto guiar o trazado das rúas, e vai mantelo igual durante séculos, como reflexo da grande persistencia do plano no tempo. Asemade, a singular topografía do lugar sobre o que vai asentarse a futura vila de Noia vai ser responsable, en grande medida, da imaxe que proxecta o establecemento urbano desde a lonxanía, do seu alzado e silueta recortada na paisaxe.

Na parte máis elevada do outeiro, nos bordos dunha pequena plataforma chan, érguense axiña a fortaleza, pazo, e igrexa parroquial, en torno a unha praza pechada, unha praza forte, que os articula –actual praza do Tapal-. Dúas portas oxivais aliñadas nas esquinas opostas do rectángulo, permiten o tránsito controlado desde ou cara á ponte. A presenza desta cidadela no alto servía de refuxio en momentos de perigo, e alí subían co seu gando, colleitas e froitos do mar, os habitantes do

burgo coa intención de defender as súas vidas e os seus bens. A partir deste enclave protector, atalaia defensiva no cume do outeiro, vai producirse o futuro desenvolvemento urbano da vila, apoiándose os posteriores crecementos tanto na proximidade inmediata a este primitivo recinto, como no viario principal que o conecta co espazo circundante. Rúas estreitas e de pouca lonxitude ascenden desde a beira do mar e do río en dirección ó Tapal, que á súa vez cortan a outras máis longas e de maior anchura que corren paralelas ás ribeiras. Polo interior, unha serie de rúas principais camiñan cara

ás saídas principais do burgo, presentando en conxunto unha manifesta tendencia cara a angostura e sinuosidade característicos dos espazos urbanos nestas épocas. En xeral, aparece unha xerarquía viaria na que as arterias principais, que constitúen a continuidade dos camiños reais no espazo vilego e que por regra xeral comunican coas principais portas da cidade, presentan un trazado máis regular e unha maior anchura (rúa da Peregrina, Cantón, Corredoira de Adentro), fronte a unha categoría inferior de rúas, que non son máis que pequenos calexóns que unen entre si as rúas principais, atravesando as mazás de casas, e destinadas exclusivamente a tránsito de persoas co obxecto de acurtar espazo e tempo nos desprazamentos no interior do recinto.

O carácter defensivo que adopta a vila maniféstase no apiñamento das vivendas arredor da igrexa e da praza do Tapal, formando elas mesmas unha especie de cinto protector inicial e anterior ó que pronto prestará a cerca ou muralla defensiva creada para tal fin. Noia coñeceu varios recintos cercados, pero o máis singular e robusto foi, sen dúbida, aquel erguido en 1320 co beneplácito do arcebispo compostelán Don Berenguel de Landoira, como pago á protección e axuda prestada pola vila de Noia para recuperar o sillón perdido da cidade do apóstolo. Impresionantes muros con alicerces en contacto directo coas augas do mar e río abrazaban a totalidade da vila. Cunha altura de seis metros e unha anchura de dous metros e medio, que aumentaba nas proximidades das portas, a muralla outorgaba a Noia o carácter de cidade inexpugnable. O tránsito realizábase a través dalgunha das doce portas que a intervalos regulares se abrían no muro. Dúas destacaban sobre o resto: as portas de entrada e saída principais, como eran a Porta da Vila e a Porta da Peregrina. Impresionantes torreóns de dobre corpo rematados en ameas erguíanse sobre as portas abertas en arcos oxivos.

A todo o anterior debemos engadir a fundamental presenza da ponte. Esta prolongación artificial do camiño, que permite salvar o obstáculo das augas unindo por medio dela os bordos opostos da ría, vai constituírse nun elemento estratéxico de primeira orde que vai condicionar o asentamento e a propia forma da vila.

En canto ó espacio construído, a edificación compacta na época medieval respondía a unha escaseza do espacio intramuros, polo que as casas buscaban a súa agrupación de cara a un mellor aproveitamento do solo. Edificación moi simple cunha única altura, onde se concentraban o lar, habitacións, almacén dos trebellos de traballo de mariñeiro e cortello dos animais. Variantes da anterior son as casas do pincho e as casas do remo, así denominadas estas últimas porque a súa anchura coincide coa lonxitude dun remo.

Nos séculos correspondentes á Idade Moderna, foron incrementándose alturas, así como saíntes e voadizos, con vistas a acoller un número cada vez maior




Referencias a Compostela e ás peregrinacións.

Noia foi vila arcebispal baixo dominio da poderosa Mitra Compostelana, e a recorrida frase de que todos os camiños conducen a Compostela vai ter neste lugar unha verdadeira plasmación práctica, no senso de que é facilmente constatable a relación directa que existe entre a súa prosperidade e a facilidade de comunicación coa cidade do Apóstolo.

de persoas. Asemade, o soportal, un dos elementos con orixe na tradición constructiva medieval, vai ter unha notable pervivencia no tempo, e a súa xeneralización constructiva, vai convertelo en definidor da paisaxe preindustrial das rúas da vila de Noia. O soportal vai formar parte do espacio público da rúa e vai ser, ó mesmo

A importancia da topografía na imaxe da vila.

A paisaxe do Casco histórico noiés é, en esencia, como toda paisaxe urbana, unha paisaxe construída, unha obra froito do tempo e do traballo das distintas xeracións que a habitaron. Elixido o lugar onde instalar a primitiva Noela, un emprazamento que responde a toda unha serie de características buscadas, os habitantes do burgo deberán adaptar os desenvolvementos urbanos á particular topografía do lugar. Así, o substrato natural vai determinar moitas das futuras características da vila.




tempo, unha prolongación do espacio privado da vivenda. Aínda que nalgúns casos aparece como un elemento illado, o normal é que formase conxuntos de fermosas rúas cun continuo asoportalado. As rúas principais de Noia, como a Peregrina, Cantón, Corredoira de Adentro, e a Corredoira de Afora, así como o Curro e outras, presentaban soportais a ámbolos lados, e as actividades económicas desenvolvíanse e expandíanse ó longo do espacio asoportalado.

Edificios relixiosos, locais de carácter asistencial como hospitais de peregrinos, casas nobres e pazos urbanos, eran tipos de edificación que destacaban sobre o conxunto pola súa propia e diferente natureza constructiva. Integradas e anexas a outras casas da mazá - unicamente San Martiño no espacio intramuros se presenta como edificación exenta - esas construcións son as que van converterse co paso do tempo, en símbolos da cidade, nos seus elementos representativos, parte fundamental do seu patrimonio e da súa memoria. Para un cidadán de Noia, a súa vila non se concibe, por exemplo, sen a existencia de edificios relixiosos como a igrexa de San Martiño, Santa María e o seu cemiterio gremial, ou San Francisco; edificios de carácter asistencial, como os hospitais de leprosos ou peregrinos, como o único que se conserva dos tres que chegaron a existir, e que actualmente se dedica a Club de Xubilados, recordo da importancia de Noia como ruta de peregrinación a Compostela. Igualmente son fitos destacados na súa memoria, os magníficos exemplos de casas nobres e pazos urbanos sobre arcos de medio punto ou apuntados, símbolos de fortaleza e poder señorial, cuxa sinatura en forma de escudo de armas, figura nalgunha das fachadas: Pazo Dacosta, Casa de Rivas, Pazo do Forno do Rato,...

A vila burguesa

O segundo grande momento clave para a paisaxe construída na vila de Noia tivo lugar durante o proceso industrializador na segunda metade do século XIX e primeira metade do XX. Nestes anos, a burguesía noiesa vai levar a cabo unha intensa remodelación da vila co obxectivo de adaptala ós novos tempos e ás novas necesidades.

Por último, a intensa transformación urbanística levada a cabo polas capas burguesas da vila, maniféstase de xeito máis visible no que afecta ó espazo edificado. Casas con balcóns en diferentes combinacións, cunha planta baixa dedicada a local comercial, na que se abren unha serie de portas e ventás alinteladas que con frecuencia se curvan en arcos de media cana ou rebaixados, substitúen as antigas



Diferentes espazos nun único espazo urbano.

Sobre o emprazamento elixido, os sucesivos poboadores da vila van ir establecendo unha ordenación peculiar e sementaron as rúas de monumentos. Aquí van convivir espazos diferentes, como os dedicados á relixión con magníficos exemplos de igrexas; o espazo bélico con forte expresión nas murallas, torres, portas de acceso, fortaleza do Tapal,...; tamén se percibe o espazo aristocrático de pazos e casas nobiliarias; e o espazo comercial e artesanal. Na vila hai igualmente espazos públicos para o paseo e lecer.

A vila herdeira da época gótico-mercantil, baixo os novos presupostos burgueses, vai agora ser intensamente transformada. En primeiro lugar, as rúas estreitas e sinuosas, nas que o soportal era elemento característico, van ser ampliadas e sometidas a un severo sistema de aliñacións co fin de facelas máis rectiliñas, e para ilo o soportal vai ser perseguido con saña ata practicamente facelo desaparecer do espazo urbano. Por outra banda, no espazo extramuros van construírse vías de circunvalación que permitan ós novos medios de transporte rodear a vila, dando lugar ó nacemento dos malecóns. Coa construción destas vías perimetrais da vila, a muralla vai ter os días contados. Sobre os seus restos érguense novas edificacións que van substituíla.

vivendas asoportaladas. Na planta alta, o corredor deixa paso a unha galería acristalada, creando un mirador privilexiado desde o que observar o discorrer da vida nas novas rúas comerciais.

Os conceptos de ornato e hixiene públicas que xustificaban a desaparición do soportal son igualmente válidos para a apertura e ampliacións de prazas. Así, prazas como a do Tapal son ampliadas e regularizadas, modificando totalmente a súa imaxe pasada.

Como resultado de todos estes procesos que brevemente rematamos de referir, a vila de Noia vai gardar no cerne do seu espazo urbano un notable patrimonio construído que é elemento esencial do seu pasado e da súa memoria. Pasear o casco histórico noiés de vagar, admirar as súas arquitecturas diversas que falan das diferentes sociedades que as levantaron, escudriñar ata descubrir os seus máis insólitos recunchos, nunca esgotará a capacidade de sorpresa ante a innumerable cantidade de novas e inéditas perspectivas. Noia ofrece ó paseante non só as súas realizacións máis publicitadas, como poden ser as soberbias igrexas de San Martiño, Santa María, ou San Francisco, pasando polos góticos e monumentais pazos urbanos; senón tamén, todo un conxunto de realizacións menores pero non por ilo menos interesantes e fermosas: aquel espazo agochado, esoutro corredor pechado con nobre rexería de ferro forxado, o traballo de orfebre dun lintel, as gárgolas en granito dunha imaxinación desbordante, as magníficas portas en madeira nas que destaca unha soberbia aldraba, unha filigrana na branca galería de madeira, a sinfonía acristalada que coroa a fachada das vivendas burguesas,....., é Noia toda un monumento de pedra, cristal, metal e madeira.

Da mesma maneira, os ideais naturalistas e hixienistas que toman pulo nestes intres, poñen tamén de moda a valoración do aire libre e do sol, e as clases burguesas van intentar dotar ós espazos urbanos de lugares para o esparcemento e descanso. Nace así a fermosísima Alameda de Noia e xardíns de Felipe de Castro, tal vez hoxe o espazo máis emblemático da vila, fachenda dos seus habitantes.